


**PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA PARA
2º ESO, 4ºESO e 2º BACH
(MODIFICACIÓN FEBREIRO 2023)**

**DEPARTAMENTO
DE
MATEMÁTICAS**

**I.E.S. FERNANDO ESQUIÓ
CURSO 2022/2023**



Índice

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO	páx 7
INTRODUCCIÓN	páx 8
AS COMPETENCIAS CLAVE	páx11
METODOLOXÍA.....	páx12
Metodoloxía e instrumentos de avaliación en situación de semipresencialidade.....	páx15
Metodoloxía e instrumentos de avaliación en situación de non presencialidade.....	páx16
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	páx19
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	páx21
ESO: Instrumentos e procedementos avaliación	páx24
2º ESO.....	páx25
4º ESO.....	páx33
BAC: Instrumentos e procedementos avaliación	páx41
2º BAC.....	páx41
MATEMÁTICAS II	páx.41
MAT.APLICADAS CCSS II.....	páx.48
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA NO BACHARELATO.....	páx54
ORGANIZACIÓN DO PROCEDEMENTO NO CASO DO CAMBIO DE MODALIDADE NO BACHARELATO	páx55
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.....	páx56
MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	páx58

ACTIVIDADES DE REFORZO E AVALIACIÓN PARA ALUMNOS/AS CON AVALIACIÓN NEGATIVA NO CURSO ANTERIOR	páx59
A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	páx66
MEDIDAS PARA O SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR.....	páx67
INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS	páx67
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	páx68
CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR	páx68
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA 2ºESO e 4ºE.S.O.....	páx69
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	páx70
OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	páx71
MATEMÁTICAS 2º de E.S.O.....	páx73
Obxectivos	páx74
Contribución da materia ás competencias clave.....	páx76
Secuenciación dos contidos. Temporalización.....	páx79
Criterios de Avaliación.....	páx84
Estándares de aprendizaxe.Competenccias clave ás que contribúen.....	páx87
Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	páx92
Instrumentos de Avaliación	páx96
Elementos transversais.....	páx96
Anexo	páx99

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS ACADÉMICAS.....páx120

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....pax121

4º de E.S.O Enseñanzas Académicas..... páx122

Obxectivospáx123

Contribución da materia ás competencias clave.....páx125

Secuenciación dos contidos. Temporalización.....páx129

Criterios de Avaliación.....páx134

Estándares de aprendizaxe.Competencias clave ás que
contribúen.....páx136

Grao mínimo de consecución para superar a materia.....páx142

Instrumentos de Avaliaciónpáx147

Elementos transversais.....páx147

Anexopáx150

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS.....páx159

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....páx160

4º de E.S.O Ensinanzas Aplicadas	páx162
Obxectivos	páx163
Contribución da materia ás competencias clave.....	páx165
Secuenciación dos contidos. Temporalización.....	páx169
Criterios de Avaliación.....	páx173
Estándares de aprendizaxe. Competencias clave ás que contribúen.....	páx177
Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	páx183
Instrumentos de Avaliación	páx186
Elementos transversais.....	páx186
Anexo	páx190

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O BACHARELATO	páx193
Obxectivos Do Bacharelato.....	páx194
MATEMÁTICAS II	pax196
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	pax197
MATEMÁTICAS II	páx199
Obxectivos	páx200
Contribución da materia ás competencias clave.....	páx202
Secuenciación dos contidos. Temporalización.....	páx206
Criterios de Avaliación.....	páx212
Estándares de aprendizaxe Competencias clave ás que contribúen.....	páx215
Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	páx222
Instrumentos de Avaliación	páx225
Elementos transversais.....	páx225
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS.....	páx228
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	pax229
MATEMÁTICAS APLICADAS AS CC. SS. II.....	páx 231
Obxectivos	páx232
Contribución da materia ás competencias clave.....	páx234
Secuenciación dos contidos. Temporalización.....	páx237
Criterios de Avaliación.....	páx242
Estándares de aprendizaxe. Competencias clave ás que contribúen.....	páx245
Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	páx251
Instrumentos de Avaliación	páx255
Elementos transversais.....	páx255

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Matemáticas do I.E.S. “Fernando Esquío” de Xuvia-Neda, durante o curso 2022/2023 está composto polos seguintes profesores e profesoras:

Dna. **Cruz Sampayo Iglesias**. Está encargada das materias Matemáticas 2º de E.S.O. para os grupos 2ºA e 2ºB, Reforzo de Matemáticas 2º ESO para os grupos 2ºA e 2ºB (os alumnos de reforzo de 2ºA e 2ºB reúnen nun único grupo), Matemáticas 3º de E.S.O. para o grupo 3ºB, e Matemáticas Académicas 4º de E.S.O para o grupos 4ºA e 4ºB (os alumnos de Matemáticas Académicas de 4ºA e 4ºB reúnen nun único grupo).

Dna. **Noelia Pérez Yáñez**. Está encargada das materias Matemáticas 3º de ESO para o grupo 3ºA, Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º de E.S.O. para o grupo 4ºB, Matemáticas 1º ESO para os grupos 1ºA e 1ºB, e Reforzo de Matemáticas 1ºESO para os grupos 1ºA e 1ºB.

Dna. **Mª José Vergara Leonardo**, xefa de departamento. Está encargada das materias Matemáticas I para o grupo 1º de Bacharelato A, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I para o grupo 1º de Bacharelato B, Matemáticas II de 2º de Bacharelato para o grupo 2º de Bacharelato A e Matemáticas Aplicadas ás CCSS II para o grupo 2º de Bacharelato B.

Introdución

As matemáticas facilitánnos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento das "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques;

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do

segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO

«En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para o aprendizaxe permanente, o Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato basease na potenciación do aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensinanza e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques no aprendizaxe e avaliación, que han de supoñer un importante cambio nas tarefas que han de resolver os alumnos e prantexamentos metodolóxicos innovadores. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Contémplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais».

«Adoptase a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea. Considerase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas».

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (AA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- Conciencia e expresións culturais (CEC).

METODOLOXÍA

A programación didáctica do Departamento de Matemáticas do I.E.S. “Fernando Esquíó” para 2ºESO, 4º ESO e 2ºBACH basease nos seguintes principios metodolóxicos:

- A metodoloxía didáctica neste etapa será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado guiado polo profesor/a, de cara o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes, tendo en conta a individualidade de cada alumno.
- A metodoloxía aplicada na presentación da materia non debe esquecer a súa vertente integradora como propósito básico: coñecer, analizar, explicar a realidade e predicir o seu comportamento.
- O enfoque comprensivo das matemáticas é o que debe prevalecer. A lóxica e o razoamento deben estar presentes á hora de aplicar os coñecementos teóricos.
- O profesorado, procurará que o aprendizaxe sexa *significativo* e que estea baseado nos *coñecementos previos* do alumno, ademais de ter en conta que os coñecementos adquiridos con anterioridade non deben darse por consolidados en moitos casos. Por eso é importante a realización de *actividades iniciais* co fin de detectar dificultades e facilitar a comprensión de conceptos.
- Volveremos a traballar contidos de cursos anteriores para garantir a continuidade do proceso de ensinanza aprendizaxe.
- Propoñer situacións próximas á realidade dos alumnos e das alumnas da E.S.O.. As actividades que teñan que realizar estes alumnos procurárase que estean conectadas a contextos do mundo real ou que sexan significativos para eles, tendo sempre en conta a súa situación con respecto ó que se pretenda ensinar.
- En canto á resolución de problemas trátase de contextualizar, de modo que non sexan presentados os conceptos e as técnicas sen aportar problemas aos que podelos aplicar axeitadamente.
- Facilitar a información necesaria para a realización das actividades de tal xeito que o alumnado prograse activamente, aplicando os procedementos e conceptos xa asimilados a situacións novas.

- O profesorado fará ver que a maioría das veces existe máis dunha maneira de resolver os problemas, fomentando a posta en común de procedementos e recursos empregados para chegar ao resultado correcto.
- Promover o traballo individual e a reflexión individual sobre a tarefa realizada.
- Promover que os alumnos traballen coa finalidade de afianzar os contidos máis importantes.
- Como norma xeral, fomentárase o cálculo mental. Traballarase en todo momento sempre que o cálculo a realizar o permita.
- O profesorado de E.S.O. deberá elixir diferentes espazos e recursos segundo o aspecto que se estea tratando.
- Os contidos de E.S.O. aparecerán divididos en bloques, pero nas clases trataranse de amosar as múltiples conexións que existen entre eles tendo sempre presentes os obxectivos xerais da etapa da Secundaria Obrigatoria.
- Tomar en consideración o carácter de materia instrumental das matemáticas, permitindo un tratamento interdisciplinario dalgúns contidos.
- Outorgar unha grande importancia ao dominio da técnica. En consecuencia, expresaranse as técnicas básicas (os procedementos) a fin de que o alumnado chegue a dominalas de tal xeito que sexa capaz de manipular pequenas variacións e integrais en estratexias de resolución de problemas.
- Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.
- Debemos ter en conta como principio metodolóxico a diversidade do alumnado, entendendo que se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.
- Prestarase unha atención personalizada para que o alumnado con máis dificultades recupere confianza nas súas capacidades e aprenda estratexias que lle permitan lograr resultados positivos.
- Adaptar a metodoloxía ó grupo, procurando unha adecuada motivación.

- Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente da materia.
- Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
- En canto ao uso da calculadora, irase introducindo paulatinamente, tratando de que os alumnos vaian familiarizándose co seu funcionamento, sabendo distinguir entre os cálculos que convén facer con ela e nos que é mellor non usala.
- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, poderán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Metodoloxía e instrumentos de avaliación en situacións de semipresencialidade:

- En situación semipresencial os alumnos que non poidan asistir presencialmente á clase poderán seguir diariamente a materia impartida a través da Aula Virtual; alí se indicará cada día a teoría e exercicios traballados na aula, así como as tarefas para facer na casa. Se é o caso, poranse tamén, vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.
- A Aula Virtual do instituto será a canle fundamental de comunicación a distancia entre alumno e profesor. Empregarase habitualmente para que o profesor propoña as tarefas correspondentes, e, como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor, se é o caso, os traballos solicitados.
- Como ferramenta para o seguimento diario do traballo dos alumnos e para a avaliación continua usarase, nas clases presenciais a observación directa: resposta a preguntas orais; tarefas realizadas; explicacións dadas polo alumno, detalladas e xustificadas sobre as tarefas que realizou. De todas as súas valoracións o profesor tomará nota no seu caderno.
- Para avaliar o traballo diario do alumno non presencial, o profesor poderá requirir que o alumno envíe a través da Aula Virtual, un arquivo (imaxe) que amose a tarefa que realizou na súa libreta, e que responda a preguntas sobre esta tarefa.
- Para preguntas orais o profesor/a poderá citar por videoconferencia ós seus alumnos nun horario convenido.
- As probas escritas realizaranse nas clases presenciais.
- Se algún alumno no pode asistir por causa xustificada a unha ou a varias probas escritas presenciais, o profesor decidirá en cada caso, o tipo de probas ou tarefas que deberá realizar. O profesor poderá optar pola que considere mais adecuada:
 - proba oral on-line
 - proba escrita por videoconferencia
 - realización dunha nova proba escrita presencial cando sexa posible
 - realizar unha proba online tipo cuestionario a través da Aula Virtual reforzada con imaxes do procedemento

- realizar unha proba escrita final global da avaliación
- realizar a proba de recuperación da avaliación

O obxectivo é procurar a mellor valoración obxectiva posible dos coñecementos do alumno.

- A temporalización nas distintas materias poderá modificarse de ser necesario.
- Prestarase especial atención ao seguimento e apoio no caso dos alumn@s con medidas de retorzo educativo en 1º e 2º de ESO , para o que contamos coa colaboración do departamento de Orientación e en concreto, da profesora de Pedagogía Terapéutica.
- Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

Metodoloxía e instrumentos de avaliación en situación de non presencialidade:

SITUACIÓN NON PRESENCIAL (todo o grupo de alumnos non acode ás clases presenciais)

- Sempre que os medios informáticos llo permitan, o profesor/a impartirá clases telemáticas, o alumno poderá conectarse a través de Internet, para recibir clase e terá acceso aos documentos que o profesor poida compartir.
- En calquera caso como norma xeral, para que poidan acceder á materia impartida, empregarase a Aula Virtual. Alí se indicará, coa data correspondente, toda a información: teoría explicada e exercicios, e as súas solucións. Se é o caso, subiranse tamén, vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.
- Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor aporte a información necesaria, propoña as tarefas correspondentes, e , como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor, se é o caso, os traballos que se lles soliciten.

- Como ferramenta para o seguimento do traballo dos alumnos e a avaliación continua usarase a observación directa nas clases on-line: resposta a preguntas orais; explicacións do alumno, detalladas e xustificadas das tarefas que realizou. De todas as súas valoracións o profesor tomará nota no seu caderno.
 - De ser estritamente necesario poderase substituír unha proba presencial por probas telemáticas (probas escritas utilizando as videoconferencias, proba oral por videoconferencia, cuestionario online, entrega de tarefas de tempo limitado seguidas de preguntas orais).
 - Realizaranse probas escritas presenciais da materia impartida tan pronto sexa posible.
 - Para a cualificación dunha avaliación na que se realizaran probas escritas presenciais e probas telemáticas, o peso correspondente a cada proba variará en función da cantidade de materia que se avaliara presencial e non presencial. O profesor/a determinará en cada caso o peso correspondente a cada proba para a media das probas da avaliación.
 - O profesor/a decidirá en cada caso, en función da duración da situación e do nivel académico afectado, o tipo de probas e tarefas, e o peso outorgado a elas dentro da avaliación correspondente, para avaliar e cualificar de forma obxectiva ós seus alumnos.
- O profesor/a poderá optar pola que considere mais adecuada:
- proba oral on-line
 - realizar unha proba escrita por videoconferencia
 - realización de proba escrita presencial en canto sexa posible
 - realización de tarefas ás que acompañarán necesariamente preguntas orais
 - realizar unha proba online tipo cuestionario a través da Aula Virtual reforzada con imaxes do procedemento
 - realización de proxectos de traballo acompañados necesariamente de preguntas orais
- En situación de non presencialidade poderanse propoñer tarefas globais que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado que

serían avaliadas cos instrumentos de avaliación que o profesor considere máis axeitados para cada caso. Para a avaliación obxectiva destas tarefas será necesario que cada alumno conteste a preguntas orais que o profesor lles faga sobre o traballo realizado. Esta proba oral, acompañará sempre á entrega do proxecto. O profesor tomará nota no seu caderno das súas valoracións.

- En situación de non presencialidade, traballarase só sobre as aprendizaxes imprescindibles da materia dese período. En cada materia considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave os que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles.
- A temporalización nas distintas materias poderá modificarse de ser necesario.
- Na avaliación correspondente en situación de non presencialidade, as porcentaxes asignadas ás probas escritas, así como ás tarefas diarias , e ós proxectos realizados pode variar respecto ás asignadas en situación presencial e semipresencial. O profesor valorará e decidirá o peso outorgado a cada parte.
- Prestarase especial atención ao seguimento e apoio dos alumn@s con medidas de reforzo educativo en 1º e 2º de ESO , para o que contamos coa colaboración do departamento de Orientación e en concreto, da profesora de Pedagogía Terapéutica.
- Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Na posta en práctica dos contidos e das actividades previstas os empregará material diverso, entre o que salientamos o seguinte:

Libros de texto:

2º E.S.O.: Matemáticas 2 ESO. **Serie Resuelve** “Proyecto **Saber Hacer**”.

ISBN: 978-84-680-2894-1 Santillana 2016.

4º E.S.O.: Matemáticas Académicas 4 ESO. **Serie Resuelve** “Proyecto **Saber Hacer**”

ISBN 978-84-680-4040-0 Santillana 2016.

4º E.S.O.: Matemáticas Aplicadas 4 ESO. **Serie Soluciona** “Proyecto **Saber Hacer**”

ISBN: 978-84-680-4006-6 Santillana 2016

Libros de texto no Bacharelato:

2º BACH.: Matemáticas II. “Proyecto **Saber Hacer**”.

ISBN 978-84-141-0199-5 Santillana 2016

2º BACH.: Matemáticas Aplicadas ás CC.SS II. “Proyecto **Saber Hacer**”.

ISBN: 978-84-141- 0202-2 Santillana 2016

Outros recursos:

- Aula Virtual do centro.
- Plataformas para videoconferencias para posibles clases telemáticas.
- Videos explicativos (YouTube) sobre variados aspectos das materias.
- Ordenadores Abalar (1º- 2º ESO)
- Pizarra dixital.
- Calculadoras de tipo científico e gráficas.
- Programas informáticos: Geogebra (calculadora gráfica online).
- Sólidos xeométricos e outros materiais manipulativos para traballar a Xeometría na ESO.
- Libros da Biblioteca do centro: Guía das lecturas recomendadas por nivel.

Na etapa da E.S.O. para a lectura de textos sobre acontecementos e persoas relacionadas coas matemáticas ao longo da historia, ou sobre calquera aspecto matemático de interese, os profesores proporcionarán ós alumnos textos que poderán ter distintas procedencias, pero sobre todo empregarán os fondos dos que dispón a Biblioteca do Centro. Contamos cós numerosos libros relacionados coas nosas materias na Biblioteca, para lectura ou realización de actividades. Coa mesma finalidade tamén se empregarán recursos dispoñibles en Internet.

Os profesores facilitarán ós alumnos, tanto da E.S.O. coma do Bacharelato, actividades dadas en fichas ou boletíns de exercicios. Estes boletíns serán elaborados polo profesorado segundo a ocasión o requira: reforzo da aprendizaxe, ampliación, fomento da lectura, aplicacións das TIC...

Na etapa da E.S.O. procurarase na medida do posible usar calculadoras e ordenadores cos medios informáticos á nosa disposición como apoio para proporcionar novos xeitos de achegamento dos obxectos matemáticos que nos ocuparán, ou como axuda na tarefa de investigación e descubrimento.

En tódalas aulas dispoñemos de ordenador e pizarra dixital que nos permite unha boa visualización de contidos e a realización de actividades interactivas que interese amosar a todo o grupo conxuntamente.

Os alumnos de Bacharelato utilizarán o libro de texto como ferramenta de consulta, e como principal fonte das actividades prácticas que o profesorado lles propoñerá. Como xa se dixo, o libro de texto será complementado con fichas ou boletíns.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Na avaliación da aprendizaxe dos alumnos e alumnas faremos o seguinte desenvolvemento:

Avaliación inicial

Nos primeiros días de curso farase unha avaliación inicial do alumnado a nivel individual e de grupo.

Esta avaliación individual e do grupo levarase a cabo seguindo diferentes procedementos:

- Resultados obtidos na materia o curso anterior; coas apreciacións, de ser o caso, correspondentes.
- Información, de ser o caso, procedente do Departamento de Orientación.
- Información procedente do profesorado que lles impartiu a materia o curso anterior.
- Observación directa do alumno na clase: realización dos exercicios propostos na clase e como contesta preguntas sobre contidos da materia do nivel anterior.
- Realización, de considerarse necesaria, dunha proba escrita que constará de exercicios e problemas baseados nos estándares de aprendizaxe do curso anterior (de 1º ESO se está en 2º ESO, de 3º ESO se o alumno está en 4ºESO...)

Inclúese modelo para unha proba escrita no Anexo do curso correspondente.

En 2º da E.S.O. unha vez feita a proba escrita da avaliación inicial, xunto coa observación directa na clase, e a análise do expediente do alumno/a, valorarase a conveniencia de que o alumno reciba reforzo educativo ou algunha outra medida extraordinaria de reforzo ou apoio.

Unha vez feita a avaliación inicial, analizaranse tamén os resultados a nivel de grupo, e poderanse introducir algúns cambios na metodoloxía ou na temporalización. Estas modificacións, de ser o caso, deberán ser abordadas nunha reunión do departamento e figurar nas actas correspondentes.

Avaliación ao inicio de cada unidade:

Ten por obxecto o diagnóstico do tipo e grao de coñecemento sobre cuestións consideradas fundamentais para o comezo das distintas unidades didácticas.

Esta avaliación inicial permitirá perfilar estratexias metodolóxicas para acadar os obxectivos propostos.

Avaliación continua:

Ao longo do proceso de aprendizaxe avaliaranse unha diversidade de aspectos como: participación na clase, constancia na realización das tarefas propostas na clase, actitude positiva no traballo da materia, estratexias matemáticas postas en xogo, construción de conceptos, ...

Esta avaliación formativa cumpre a función de adecuar o tipo de axuda do profesor ás necesidades de cada alumno/a. Para levar isto a cabo compre ir recollendo periodicamente a información relativa a tales cuestións.

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos/as; é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Como consecuencia da análise da avaliación continua, repasaranse os contidos, cando se considere necesario.

Recursos para a avaliación continua:

- Observación directa do traballo diario individual.
- Observar a valoración que fai o alumno do traballo ben feito e a utilidade do aprendido.
- Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación.
- Valoración cuantitativa do avance individual (calificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

E.S.O.

Instrumentos de avaliación na ESO:

En xeral serán:

- Probas escritas.
- Observación do traballo diario do alumno: realización das tarefas na clase e na casa, preguntas orais e explicación dos exercicios feitos.
- Proxectos: realización e exposición de traballos.
- Rúbricas de avaliación.
- Entrega de tarefas escritas realizadas na aula de xeito individual, coa axuda do libro de texto e dos seus apuntes (fichas de exercicios e problemas).
- Probas telemáticas orais e escritas: cuestionarios online a través da Aula Virtual reforzados con imaxes do procedemento, entrega de tarefas a través da Aula Virtual reforzadas por preguntas orais, exposicións de traballos empregando vídeos ou oralmente a través de videoconferencia, probas orais ou escritas por videoconferencia. Estas probas están detalladas no apartado Procedementos de Avaliación de cada curso en Situación Non Presencial ou Semipresencial.
- Caderno do profesor.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Como norma de carácter xeral do Departamento, para obter unha nota de como mínimo aprobado nunha avaliación, é imprescindible:

- Que a cualificación global ponderada da avaliación debe ser maior ou igual a 5 puntos.

- Facer todos os exames: se un alumno falta por causa xustificada a un exame, o profesor valorará en cada caso a conveniencia de repetir cada unha das probas escritas non realizadas, substituílas cando sexa posible por un exame final de avaliación, ou facer o exame de recuperación da avaliación correspondente. Nestes casos deberá facer o exame na data indicada polo profesor.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN 2º ESO:

Situación presencial

Probas escritas:

Realizarase unha proba escrita, preferiblemente, por cada tema dado. A nota das probas escritas de cada avaliación será a media aritmética (ponderada segun criterio do profesor) de todas as probas escritas realizadas nela.

Tarefas realizadas na aula de xeito individual:

Coa finalidade de avaliar o traballo diario, e para evitar a falta de interese nas clases, propoñemos a realización de probas escritas breves puntuais, con exercicios para resolver e entregar no momento na aula. Nestes trataríase de exercicios semellantes aos traballados na clase durante os días anteriores. Para resolvelos os alumnos poderían empregar o seu libro e os seus apuntes, pero serían resoltos de xeito individual. A nota media dos exercicios recollidos deste xeito sería parte da cualificación en cada avaliación dándolle o peso que se estime oportuno en cada caso.

Desenvolvemento do Traballo diario e implicación de cara á materia:

Como ferramentas para a avaliación do traballo diario do alumno, realizado na clase e na casa empregárase:

- Observación directa na aula da realización das tarefas propostas para facer na clase ou das que se mandaron para a casa, e do esforzo do alumno.
- Observación directa da realización de exercicios na pizarra (de ser posible).
- Notas de clase por respostas puntuais a preguntas do profesor.
- No caderno do profesor estarán rexistradas as anotacións correspondentes a cada alumno para: a realización das tarefas para casa ou para a clase, a realización de exercicios na pizarra, e as notas de clase. Ademais valorárase o esforzo e a participación nas clases, sempre de forma respetuosa hacia os compañeiros e o profesor.

Como resultado deste rexistro obterase unha nota que se chamará Traballo diario.

A cualificación global para a avaliación en situacións de presencialidade calcularase da seguinte forma:

Cualificación			
	Exames (Probas escritas)	Tarefas Recollidas (realizadas na aula)	Desenvolvemento do traballo diario
Porcentaxes	E%=Como mínimo 80%	T%=Como máximo 10%	A% = 10%
NOTA	E% dos Exames + T% de Tarefas Recollidas +A% do Des.trab.diario		

Ao longo do curso todos os alumno de 2º de ESO poderán ler un libro de entre varios propostos polo profesorado da materia, e realizar un traballo sobre él seguindo as indicacións do profesor/a. O peso outorgado, na avaliación correspondente será entre un 5% e un 10%. Pode sumar ata 1 punto á nota da avaliación.

Os alumnos que suspendan unha avaliación farán unha proba escrita de recuperación, que será sobre toda a materia de dita avaliación. A nota obtida debe ser como mínimo de 5 puntos para aprobar a avaliación. A nota obtida na recuperación será a nota definitiva na avaliación, que se empregará a final de curso para calcular a cualificación final.

Para subir a nota dunha avaliación os alumnos poderán presentarse ó exame de recuperación que será unha proba escrita. A puntuación que exceda do 5, da nota obtida por calquera alumno nunha proba de recuperación dunha avaliación, ponderarase nun 60%. Para estes alumnos que se presentan a subir nota, no caso de sacar na recuperación unha nota inferior á inicial, manteráselle a nota máis alta para facer a media ao final do curso.

Considerarase avaliada negativamente calquera proba obxectiva (exame, tarefa individual ou en grupo) se existe constancia de que o alumno copiou, permitiu que outros copiaran do seu traballo, ou participara en calquera actividade ou estratexia orientada a mellorar os resultados académicos, seus ou de outros, mediante procedementos deshonestos. Neste caso o profesor poderá cualificar dita proba con un cero.

3ª Avaliación e Avaliación Ordinaria

Unha vez realizadas todas as probas escritas correspondentes a cada unha das avaliacións e as correspondentes recuperacións calcularase a cualificación final.

Para aprobar será necesario que a media das cualificacións das 3 avaliacións, sexa como mínimo de 5 puntos. De non ser así a materia considerarase suspensa.

A nota media redondearase, por exceso ou por defecto, segundo:

- O progreso do alumno.
- O esforzo no traballo desenvolvido ao longo do curso.

Observacións:

- Aprobar unha avaliación non supón a superación de todas as anteriores.
- A nota da terceira avaliación pode non coincidir coa nota final.

SITUACIÓN SEMIPRESENCIAL

- Os alumnos que non poidan asistir presencialmente a clase poderán seguir a materia impartida a través da Aula Virtual; alí indicárase a teoría e exercicios traballados na aula, así como as tarefas para facer na casa. Se é o caso, porá tamén, vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.
- A Aula Virtual do instituto será a canle fundamental de comunicación a distancia entre alumno e profesor. Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor propoña as tarefas correspondentes, e, como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor, se é o caso, os traballos solicitados.
- Como ferramenta para o seguimento diario do traballo dos alumnos e para a avaliación continua usarase, nas clases presenciais a observación directa: resposta a preguntas orais; tarefas realizadas; explicacións dadas polo alumno, detalladas e xustificadas sobre as tarefas que realizou. De todas as súas valoracións o profesor tomará nota no seu caderno.
- Para avaliar o traballo diario do alumno non presencial, o profesor poderá requirir que o alumno envíe a través da Aula Virtual, un arquivo (imaxe) que amose a tarefa que realizou na súa libreta, e que responda a preguntas sobre esta tarefa.
- Para preguntas orais o profesor poderá citar por videoconferencia ós seus alumnos en un horario convenido.
- As probas escritas realizaranse nas clases presenciais.
- Se algún alumno no pode asistir por causa xustificada a unha ou a varias probas escritas presenciais, o profesor decidirá en cada caso, o tipo de probas ou tarefas que deberá realizar. O profesor poderá optar pola que considere máis adecuada:
 - proba oral on-line
 - realización dunha nova proba escrita presencial cando sexa posible
 - realizar unha proba online tipo cuestionario a través da Aula Virtual reforzada con imaxes do procedemento
 - realizar unha proba escrita por videoconferencia

- realizar unha proba escrita final global da avaliación
- realizar a proba de recuperación da avaliación

O obxectivo é procurar a mellor valoración obxectiva posible dos coñecementos do alumno.

- A temporalización nas distintas materias poderá modificarse de ser necesario.
- Prestarase especial atención ao seguimento e apoio no caso dos alumn@s con medidas de reforzo educativo en 1º e 2º de ESO , para o que contamos coa colaboración do departamento de Orientación e en concreto, da profesora de Pedagogía Terapéutica.
- Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.
- Promoveranse actividades que favorezan o uso das TIC como recurso didáctico, a auto-aprendizaxe e a investigación.
- Na avaliación correspondente en situación de semipresencialidade, as porcentaxes asignadas ás probas escritas, así como ás tarefas, e ó traballo diario coincidirá coa situación de presencialidade .

SITUACIÓN NON PRESENCIAL (o grupo de alumnos ao completo non acode ás clases presenciais)

- Sempre que os medios informáticos o permitan impartiremos clases telemáticas, o alumno poderá conectarse a través de Internet, para recibir clase e terá acceso aos documentos que o profesor poida compartir.
- En calquera caso como norma xeral, para que poidan acceder á materia impartida, empregarase a Aula Virtual. Alí indicárase, toda a información: teoría explicada e exercicios, e as súas solucións. Se é o caso, subiranse tamén, vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.
- Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor aporte a información necesaria, propoña as tarefas correspondentes, e , como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor, se é o caso, os traballos que se lles soliciten.
- Como ferramenta para o seguimento diario do traballo dos alumnos e a avaliación continua usarase a observación directa nas clases on-line: resposta a preguntas orais; explicacións do alumno, detalladas e xustificadas das tarefas que realizou. De todas as súas valoracións o profesor tomará nota no seu caderno.
- De ser estritamente necesario poderase substituír unha proba presencial por probas telemáticas (probas escritas utilizando as videoconferencias, proba oral por videoconferencia, cuestionario online, entrega de tarefas de tempo limitado seguidas de preguntas orais,...).
- Realizaranse probas escritas presenciais da materia impartida tan pronto sexa posible.
- En situación non presencial o profesor/a decidirá en cada caso, en función da duración da situación e do nivel académico afectado, o tipo de probas e tarefas, para avaliar e cualificar de forma obxectiva ós seus alumnos.
O profesor/a poderá optar pola que considere mais adecuada:
 - proba oral on-line
 - realización de proba escrita presencial en canto sexa posible
 - realización de tarefas ás que acompañarán necesariamente preguntas orais

- realizar unha proba online tipo cuestionario a través da Aula Virtual reforzada con imaxes do procedemento
 - realizar unha proba escrita por videoconferencia
 - realización de proxectos de traballo acompañados necesariamente de preguntas orais
- Para a cualificación dunha avaliación na que se realizaran probas escritas presenciais e probas telemáticas, o peso correspondente a cada proba variará en función da cantidade de materia que se avaliara presencial e non presencial. O profesor/a determinará en cada caso o peso correspondente a cada proba para a media das probas da avaliación.
- Promoveranse actividades que favorezan o uso das TIC como recurso didáctico, a auto-aprendizaxe e a investigación. Estes traballos poderán presentarse mediante vídeos cos requisitos que indique o profesor, ou de forma oral.
- En situación de non presencialidade poderanse propoñer tarefas globais que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado que serían avaliadas cos instrumentos de avaliación que o profesor considere máis axeitados para cada caso. Para a avaliación obxectiva destas tarefas será necesario que cada alumno conteste a preguntas orais que o profesor lles faga sobre o traballo realizado. Esta proba oral, acompañará sempre á entrega do proxecto. O profesor tomará nota no seu caderno das súas valoracións.
- En situación de non presencialidade, traballarase só sobre as aprendizaxes imprescindibles da materia dese período. En cada materia considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave os que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles.
- A temporalización nas distintas materias poderá modificarse de ser necesario.
- Na avaliación correspondente en situación de non presencialidade, as porcentaxes asignadas ás probas escritas, así como ás tarefas diarias , e ós proxectos realizados pode variar respecto ás asignadas en situación

presencial e semipresencial. O profesor valorará e decidirá o peso outorgado a cada parte.

- Prestarase especial atención ao seguimento e apoio dos alumn@s con medidas de reforzo educativo en 1º e 2º de ESO , para o que contamos coa colaboración do departamento de Orientación e en concreto, da profesora de Pedagogía Terapéutica.
- Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN 4º ESO:

Situación presencial

Probas escritas:

Realizaranse dúas ou tres probas escritas en cada avaliación e nota media das probas escritas será a nota media ponderada dando o peso a cada parte que se considere oportuno.

Tarefas realizadas na aula de xeito individual:

Coa finalidade de avaliar o traballo diario, e para evitar a falta de interese nas clases, propoñemos a realización de probas escritas breves puntuais, con exercicios para resolver e entregar no momento na aula. Nestes trataríase de exercicios semellantes aos traballados na clase durante os días anteriores. Para resolvelos os alumnos poderían empregar o seu libro e os seus apuntes, pero serían resoltos de xeito individual. A nota media dos exercicios recollidos deste xeito sería parte da cualificación en cada avaliación dándolle o peso que se estime oportuno en cada caso.

Desenvolvemento do traballo diario e implicación de cara á materia:

Como ferramentas para a avaliación do traballo diario do alumno, realizado na clase e na casa empregárase:

- Observación directa na aula da realización das tarefas propostas para facer na clase ou das que se mandaron para a casa, e do esforzo do alumno.
- Observación directa da realización de exercicios na pizarra (de ser posible).
- Notas de clase por respostas puntuais a preguntas do profesor.
- No caderno do profesor estarán rexistradas as anotacións correspondentes a cada alumno para: a realización das tarefas para casa ou para a clase, a realización de exercicios na pizarra, e as notas de clase. Ademáis valorárase o esforzo e a participación nas clases, sempre de forma respetuosa hacia os compañeiros e o profesor.

Como resultado deste rexistro obterase unha nota que se chamará Traballo diario.

A cualificación global para a avaliación en situacións de presencialidade calcularase da seguinte forma:

Cualificación			
	Exames (Probas escritas)	Tarefas Recollidas (realizadas na aula)	Desenvolvemento do Traballo diario
Porcentaxes	E%=Como mínimo 80%	T%=Como máximo 10%	A% = 10%
NOTA	E% dos Exames + T% de Tarefas Recollidas +A% do Des.Trab. diario		

Os alumnos que suspendan unha avaliación farán unha proba escrita de recuperación, que será sobre toda a materia de dita avaliación. A nota obtida debe ser como mínimo de 5 puntos para aprobar a avaliación. A nota obtida na recuperación será a nota definitiva na avaliación, que se empregará a final de curso para calcular a cualificación final.

Para subir a nota dunha avaliación os alumnos poderán presentarse ó exame de recuperación que será unha proba escrita. A puntuación que exceda do 5, da nota obtida por calquera alumno nunha proba de recuperación dunha avaliación, ponderarase nun 60%. Para estes alumnos que se presentan a subir nota, no caso de sacar na recuperación unha nota inferior á inicial, manteráselle a nota máis alta para facer a media ao final do curso.

Considerarase avaliada negativamente calquera proba obxectiva (exame, tarefa individual ou en grupo) se existe constancia de que o alumno copiou, permitiu que outros copiaran do seu traballo, ou participara en calquera actividade ou estratexia orientada a mellorar os resultados académicos, seus ou de outros, mediante procedementos deshonestos. Neste caso o profesor poderá cualificar dita proba con un cero.

3ª Avaliación e Avaliación Ordinaria

Unha vez realizadas todas as probas escritas correspondentes a cada unha das avaliacións e as correspondentes recuperacións calcularase a cualificación final.

Para aprobar será necesario que a media das cualificacións das 3 avaliacións, sexa como mínimo de 5 puntos. De non ser así a materia considerárase suspensa.

A nota media redondearase, por exceso ou por defecto, segundo:

- O progreso do alumno.
- O esforzo no traballo desenvolto ao longo do curso.

Observacións:

- Aprobar unha avaliación non supón a superación de todas as anteriores.
- A nota da terceira avaliación pode non coincidir coa nota final.

SITUACIÓN SEMIPRESENCIAL

- Os alumnos que non poidan asistir presencialmente a clase poderán seguir a materia impartida a través da Aula Virtual; alí indicárase a teoría e exercicios traballados na aula, así como as tarefas para facer na casa. Se é o caso, poráanse tamén, vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.
- A Aula Virtual do instituto será a canle fundamental de comunicación a distancia entre alumno e profesor. Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor propoña as tarefas correspondentes, e, como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor, se é o caso, os traballos solicitados.
- Como ferramenta para o seguimento diario do traballo dos alumnos e para a avaliación continua usarase, nas clases presenciais a observación directa: resposta a preguntas orais; tarefas realizadas; explicacións dadas polo alumno, detalladas e xustificadas sobre as tarefas que realizou. De todas as súas valoracións o profesor tomará nota no seu caderno.
- Para avaliar o traballo diario do alumno non presencial, o profesor poderá requirir que o alumno envíe a través da Aula Virtual, un arquivo (imaxe) que amose a tarefa que realizou na súa libreta, e que responda a preguntas sobre esta tarefa.
- Para preguntas orais o profesor poderá citar por videoconferencia ós seus alumnos en un horario convenido.
- As probas escritas realizaranse nas clases presenciais.
- Se algún alumno no pode asistir por causa xustificada a unha ou a varias probas escritas presenciais, o profesor decidirá en cada caso, o tipo de probas ou tarefas que deberá realizar. O profesor poderá optar pola que considere máis adecuada:
 - proba oral on-line
 - proba escrita por videoconferencia
 - realización dunha nova proba escrita presencial cando sexa posible
 - realizar unha proba online tipo cuestionario a través da Aula Virtual reforzada con imaxes do procedemento

- realizar unha proba escrita final global da avaliación
- realizar a proba de recuperación da avaliación

O obxectivo é procurar a mellor valoración obxectiva posible dos coñecementos do alumno.

- A temporalización nas distintas materias poderá modificarse de ser necesario.
- Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.
- Promoveranse actividades que favorezan o uso das TIC como recurso didáctico, a auto-aprendizaxe e a investigación.
- Na avaliación correspondente en situación de semipresencialidade, as porcentaxes asignadas ás probas escritas, así como ás tarefas, e ó traballo diario coincidirá coa situación de presencialidade .

SITUACIÓN NON PRESENCIAL

- Sempre que os medios informáticos o permitan impartiranse clases telemáticas, o alumno poderá conectarse a través de Internet, para recibir clase e terá acceso aos documentos que o profesor poida compartir.
- En calquera caso como norma xeral, para que poidan acceder á materia impartida, empregarase a Aula Virtual. Alí se indicará, coa data correspondente, toda a información: teoría explicada e exercicios, e as súas solucións. Se é o caso, subiranse tamén, vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.
- Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor aporte a información necesaria, propoña as tarefas correspondentes, e , como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor, se é o caso, os traballos que se lles soliciten.
- Como ferramenta para o seguimento diario do traballo dos alumnos e a avaliación continua usarase a observación directa nas clases on-line: resposta a preguntas orais; explicacións do alumno, detalladas e xustificadas das tarefas que realizou. De todas as súas valoracións o profesor tomará nota no seu caderno.
- De ser estritamente necesario poderase substituír unha proba presencial por probas telemáticas (probas escritas utilizando as videoconferencias, proba oral por videoconferencia, cuestionario online reforzado con imaxes do procedemento, entrega de tarefas de tempo limitado seguidas de preguntas orais, ...).
- Realizaranse probas escritas presenciais da materia impartida tan pronto sexa posible.
- En situación non presencial o profesor/a decidirá en cada caso, en función da duración da situación e do nivel académico afectado, o tipo de probas e tarefas, e o peso outorgado a elas dentro da avaliación correspondente, para avaliar e cualificar de forma obxectiva ós seus alumnos.
O profesor/a poderá optar pola que considere mais adecuada:
 - proba oral on-line
 - realización de proba escrita presencial en canto sexa posible

- realización de tarefas ás que acompañarán necesariamente preguntas orais
 - realizar unha proba online tipo cuestionario a través da Aula Virtual reforzada con imaxes do procedemento
 - proba escrita por videoconferencia
 - realización de proxectos de traballo acompañados necesariamente de preguntas orais
- Para a cualificación dunha avaliación na que se realizaran probas escritas presenciais e probas telemáticas, o peso correspondente a cada proba variará en función da cantidade de materia que se avaliara presencial e non presencial. O profesor/a determinará en cada caso o peso correspondente a cada proba para a media das probas da avaliación.
 - Promoveranse actividades que favorezan o uso das TIC como recurso didáctico, a auto-aprendizaxe e a investigación. Estes traballos poderán presentarse mediante vídeos cos requisitos que indique o profesor, ou de forma oral.
 - En situación de non presencialidade poderanse propoñer tarefas globais que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado que serían avaliadas cos instrumentos de avaliación que o profesor considere máis axeitados para cada caso. Para a avaliación obxectiva destas tarefas será necesario que cada alumno conteste a preguntas orais que o profesor lles faga sobre o traballo realizado. Esta proba oral, acompañará sempre á entrega do proxecto. O profesor tomará nota no seu caderno das súas valoracións.
 - En situación de non presencialidade, traballarase só sobre as aprendizaxes imprescindibles da materia dese período. En cada materia considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave os que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles.
 - A temporalización nas distintas materias poderá modificarse de ser necesario.

- Na avaliación correspondente en situación de non presencialidade, as porcentaxes asignadas ás probas escritas, así como ás tarefas diarias , e ós proxectos realizados pode variar respecto ás asignadas en situación presencial e semipresencial. O profesor valorará e decidirá o peso outorgado a cada parte.
- Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

BACHARELATO

2º BACHARELATO:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación a utilizar son:

- Probas escritas
- Observación directa na aula
- Traballos recollidos, propostos para realizar na clase ou na casa
- Probas telemáticas: cuestionarios online a través da Aula Virtual reforzados con imaxes do procedemento, entrega de tarefas a través da Aula Virtual reforzadas por preguntas orais, probas orais por videoconferencia. Estas probas están detalladas no apartado Procedementos de Avaliación en Situación Non Presencial ou Semipresencial.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN 2º BACHARELATO

MATEMÁTICAS II:

Situación presencial

A materia está dividida en bloques: Números e Álgebra, Xeometría, Análise (dividido en dúas partes Cálculo Diferencial e Cálculo Integral) e Probabilidade.

En cada avaliación realizaranse dúas probas escritas. A primeira proba, que se realizará aproximadamente a mediados do trimestre, será sobre a materia impartida nese trimestre ata ese momento. A segunda proba, será unha proba de avaliación, sobre toda a materia impartida no trimestre.

Para obter a nota correspondente ás probas escritas, farase a nota media ponderada das cualificacións das probas escritas realizadas: a cualificación da

primeira proba multiplicada por 1/3, máis a cualificación da proba de avaliación multiplicada por 2/3.

A cualificación da avaliación calcularase atendendo ao seguinte

Cualificación		
	Tarefas Recollidas e avaliación continua do desenvolvemento do traballo diario	Exames (Probas escritas)
Porcentaxes	T%=Como máximo 10%	E%=Como mínimo 90%
NOTA	T% das Tarefas Recollidas e desenv.trab. diario + E% dos Exames	

Poderáse propoñer en cada avaliación un traballo voluntario que sempre incluíra unha exposición oral. A puntuación poderá sumar ata 1 punto.

Os alumnos que suspendan unha avaliación farán unha proba escrita de recuperación, que será sobre toda a materia de dita avaliación. A nota obtida debe ser como mínimo de 5 puntos para aprobar a avaliación. A nota obtida na recuperación será a nota definitiva na avaliación, que se empregará a final de curso para calcular a cualificación final.

Para todos os alumnos no caso dunha recuperación a puntuación obtida que exceda a 5, ponderarase nun 60%.

Para subir a nota dunha avaliación os alumnos poderán presentarse ó exame de recuperación. Para estes alumnos que se presentan á recuperación para subir nota, no caso de sacar na recuperación unha nota inferior á inicial, manteráselle a nota máis alta para facer a media ao final do curso.

Considerarase avaliada negativamente calquera proba obxectiva (exame, tarefa individual ou en grupo) se existe constancia de que o alumno copiou, permitiu que outros copiaran do seu traballo, ou participara en calquera actividade ou estratexia orientada a mellorar os resultados académicos, seus ou de outros, mediante procedementos deshonestos. Neste caso o profesor poderá cualificar dita proba con un cero.

Cualificación final

Para aprobar será necesario que a media das cualificacións das 3 avaliacións, sexa como mínimo de 5 puntos. De non ser así a materia considerase suspensa e será necesario realizar a Avaliación Extraordinaria que se realizará no mes de Xuño.

A nota media redondearase, por exceso ou por defecto, segundo:

- O progreso do alumno.
- O esforzo no traballo desenvolto ao longo do curso.

Observacións:

- Aprobar unha avaliación non supón a superación de todas as anteriores.
- A nota da terceira avaliación pode non coincidir coa nota final.

SITUACIÓN SEMIPRESENCIAL

- Os alumnos que non poidan asistir presencialmente a clase poderán seguir a materia impartida a través da Aula Virtual; alí indicárase a teoría e exercicios traballados na aula, así como as tarefas para facer na casa. Se é o caso, poranse tamén, vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.
- A Aula Virtual do instituto será a canle fundamental de comunicación a distancia entre alumno e profesor. Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor propoña as tarefas correspondentes, e, como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor, se é o caso, os traballos solicitados.
- Como ferramenta para o seguimento diario do traballo dos alumnos e para a avaliación continua usarase, nas clases presenciais a observación directa: resposta a preguntas orais; tarefas realizadas; explicacións dadas polo alumno, detalladas e xustificadas sobre as tarefas que realizou. De todas as súas valoracións o profesor tomará nota no seu caderno.
- Para avaliar o traballo diario do alumno non presencial, o profesor poderá requirir que o alumno envíe a través da Aula Virtual, un arquivo (imaxe) que amose a tarefa que realizou na súa libreta, e que responda a preguntas sobre esta tarefa.
- Para preguntas orais o profesor poderá citar por videoconferencia ós seus alumnos en un horario convenido.
- As probas escritas realizaranse nas clases presenciais.
- Se algún alumno no pode asistir por causa xustificada a unha ou a varias probas escritas presenciais, o profesor decidirá en cada caso, o tipo de probas ou tarefas que deberá realizar. O profesor poderá optar pola que considere máis adecuada:
 - proba oral on-line
 - realización dunha nova proba escrita presencial cando sexa posible
 - realizar unha proba online tipo cuestionario a través da Aula Virtual reforzada con imaxes do procedemento
 - realizar unha proba escrita final global da avaliación

- proba escrita por videoconferencia
- realizar a proba de recuperación da avaliación

O obxectivo é procurar a mellor valoración obxectiva posible dos coñecementos do alumno.

- A temporalización nas distintas materias poderá modificarse de ser necesario.
- Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.
- Na avaliación correspondente en situación de semipresencialidade, as porcentaxes asignadas ás probas escritas, e ó traballo diario coincidirán coa situación de presencialidade.

SITUACIÓN NON PRESENCIAL

- Sempre que os medios informáticos o permitan impartiranse clases telemáticas, o alumno poderá conectarse a través de Internet, para recibir clase e terá acceso aos documentos que o profesor poida compartir.
- En calquera caso como norma xeral, para que poidan acceder á materia impartida, empregarase a Aula Virtual. Alí se indicará, coa data correspondente, toda a información: teoría explicada e exercicios, e as súas solucións. Se é o caso, subiranse tamén, vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.
- Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor aporte a información necesaria, propoña as tarefas correspondentes, e , como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor, se é o caso, os traballos que se lles soliciten.

- Como ferramenta para o seguimento diario do traballo dos alumnos e a avaliación continua usarase a observación directa nas clases on-line: resposta a preguntas orais; explicacións do alumno, detalladas e xustificadas das tarefas que realizou. De todas as súas valoracións o profesor tomará nota no seu caderno.
- De ser estritamente necesario poderase substituír unha proba presencial por probas telemáticas (probas escritas utilizando as videoconferencias, proba oral por videoconferencia, entrega de tarefas de tempo limitado seguidas de preguntas orais,...).
- Realizaranse probas escritas presenciais da materia impartida tan pronto sexa posible.
- En situación non presencial o profesor/a decidirá en cada caso, en función da duración da situación e do nivel académico afectado, o tipo de probas e tarefas, e o peso outorgado a elas dentro da avaliación correspondente, para avaliar e cualificar de forma obxectiva ós seus alumnos.
O profesor/a poderá optar pola que considere mais adecuada:
 - proba oral on-line
 - realización de proba escrita presencial en canto sexa posible
 - realizar unha proba online tipo cuestionario a través da Aula Virtual reforzada con imaxes do procedemento
 - realización de tarefas ás que acompañarán necesariamente preguntas orais
 - proba escrita por videoconferencia
- Para a cualificación dunha avaliación na que se realizaran probas escritas presenciais e probas telemáticas, o peso correspondente a cada proba variará en función da cantidade de materia que se avaliara presencial e non presencial. O profesor/a determinará en cada caso o peso correspondente a cada proba para a media das probas da avaliación.
- En situación de non presencialidade poderanse propoñer tarefas globais que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado que serían avaliadas cos instrumentos de avaliación que o profesor considere máis axeitados para cada caso. Para a avaliación obxectiva destas tarefas

será necesario que cada alumno conteste a preguntas orais que o profesor lles faga sobre o traballo realizado. Esta proba oral, acompañará sempre á entrega do proxecto. O profesor tomará nota no seu caderno das súas valoracións.

- En situación de non presencialidade, traballarase só sobre as aprendizaxes imprescindibles da materia dese período. En cada materia considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave os que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles.
- A temporalización nas distintas materias poderá modificarse de ser necesario.
- Na avaliación correspondente en situación de non presencialidade, as porcentaxes asignadas ás probas realizadas pode variar respecto ás asignadas en situación presencial. O profesor valorará e decidirá o peso outorgado a cada parte.
- Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II:

A materia está dividida en tres bloques: Análise, Números e Álgebra, e Estatística e Probabilidade.

En cada avaliación realizaranse dúas probas escritas. A primeira proba, que se realizará aproximadamente a mediados do trimestre, será sobre a materia impartida ata ese momento. A segunda proba, será unha proba de avaliación, sobre toda a materia impartida no trimestre.

Para obter a nota correspondente ás probas escritas, farase a nota media ponderada das cualificacións das probas escritas realizadas: a cualificación da primeira proba multiplicada por 1/3, máis a cualificación da proba de avaliación multiplicada por 2/3.

A cualificación da avaliación calcularase atendendo ao seguinte:

Cualificación		
	Tarefas Recollidas e avaliación continua do desenvolvemento do traballo diario	Exames (Probas escritas)
Porcentaxes	T%=Como máximo 10%	E%=Como mínimo 90%
NOTA	T% das Tarefas Recollidas e desenv.trab. diario + E% dos Exames	

Poderáse propoñer en cada avaliación un traballo voluntario que sempre incluíra unha exposición oral. A puntuación poderá sumar ata 1 punto.

Os alumnos que suspendan unha avaliación farán unha proba escrita de recuperación, que será sobre toda a materia de dita avaliación. A nota obtida debe ser como mínimo de 5 puntos para aprobar a avaliación. A nota obtida na recuperación será a nota definitiva na avaliación, que se empregará a final de curso para calcular a cualificación final.

Para subir a nota dunha avaliación os alumnos poderán presentarse ó exame de recuperación. A puntuación obtida que exceda a 5, a nota obtida por calquera alumno nunha proba de recuperación dunha avaliación, ponderarase nun 60%. Para estes alumnos que se presentan á recuperación para subir nota, no caso de sacar na recuperación unha nota inferior á inicial, manteráselle a nota máis alta para facer a media ao final do curso.

Considerarase avaliada negativamente calquera proba obxectiva (exame, tarefa individual ou en grupo) se existe constancia de que o alumno copiou, permitiu que outros copiaran do seu traballo, ou participara en calquera actividade ou estratexia orientada a mellorar os resultados académicos, seus ou de outros, mediante procedementos deshonestos. Neste caso o profesor poderá cualificar dita proba con un cero.

Cualificación final

Para aprobar será necesario que a media das cualificacións das 3 avaliacións, sexa como mínimo de 5 puntos. De non ser así a materia considerase suspensa e será necesario realizar a Avaliación Extraordinaria de Xuño.

A nota media redondearase, por exceso ou por defecto, segundo:

- O progreso do alumno.
- O esforzo no traballo desenvolto ao longo do curso.

Observacións:

- Aprobar unha avaliación non supón a superación de todas as anteriores.
- A nota da terceira avaliación pode non coincidir coa nota final.

SITUACIÓN SEMIPRESENCIAL Os alumnos que non poidan asistir presencialmente a clase poderán seguir a materia impartida a través da Aula Virtual; alí indicarse a teoría e exercicios traballados na aula, así como as tarefas para facer na casa. Se é o caso, poranse tamén, vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.

- A Aula Virtual do instituto será a canle fundamental de comunicación a distancia entre alumno e profesor. Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor propoña as tarefas correspondentes, e, como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor, se é o caso, os traballos solicitados.

- Como ferramenta para o seguimento diario do traballo dos alumnos e para a avaliación continua usarase, nas clases presenciais a observación directa: resposta a preguntas orais; tarefas realizadas; explicacións dadas polo alumno, detalladas e xustificadas sobre as tarefas que realizou. De todas as súas valoracións o profesor tomará nota no seu caderno.
- Para avaliar o traballo diario do alumno non presencial, o profesor poderá requirir que o alumno envíe a través da Aula Virtual, un arquivo (imaxe) que amose a tarefa que realizou na súa libreta, e que responda a preguntas sobre esta tarefa.
- Para preguntas orais o profesor poderá citar por videoconferencia ós seus alumnos en un horario convenido.

- As probas escritas realizaranse nas clases presenciais.
- Se algún alumno no pode asistir por causa xustificada a unha ou a varias probas escritas presenciais, o profesor decidirá en cada caso, o tipo de probas ou tarefas que deberá realizar. O profesor poderá optar pola que considere mais adecuada:
 - proba oral on-line
 - proba escrita empregando videoconferencia
 - realización dunha nova proba escrita presencial cando sexa posible

- realizar unha proba online tipo cuestionario a través da Aula Virtual reforzada con imaxes do procedemento
- realizar unha proba escrita final global da avaliación
- realizar a proba de recuperación da avaliación

O obxectivo é procurar a mellor valoración obxectiva posible dos coñecementos do alumno.

- A temporalización nas distintas materias poderá modificarse de ser necesario.
- Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.
- Na avaliación correspondente en situación de semipresencialidade, as porcentaxes asignadas ás probas escritas, e ó traballo diario coincidirá coa situación de presencialidade.

SITUACIÓN NON PRESENCIAL

- Sempre que os medios informáticos o permitan impartiremos clases telemáticas, o alumno poderá conectarse a través de Internet, para recibir clase e terá acceso aos documentos que o profesor poida compartir.
- En calquera caso como norma xeral, para que poidan acceder á materia impartida, empregarase a Aula Virtual. Alí se indicará, coa data correspondente, toda a información: teoría explicada e exercicios, e as súas solucións. Se é o caso, subiranse tamén, vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.
- Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor aporte a información necesaria, propoña as tarefas correspondentes, e , como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor, se é o caso, os traballos que se lles soliciten.
- Como ferramenta para o seguimento diario do traballo dos alumnos e a avaliación continua usarase a observación directa nas clases on-line: resposta a preguntas orais; explicacións do alumno, detalladas e xustificadas

das tarefas que realizou. De todas as súas valoracións o profesor tomará nota no seu caderno.

- De ser estritamente necesario poderase substituír unha proba presencial por probas telemáticas (probas escritas utilizando as videoconferencias, proba oral por videoconferencia, cuestionario online, entrega de tarefas de tempo limitado seguidas de preguntas orais,...).
- Realizaranse probas escritas presenciais da materia impartida tan pronto sexa posible.
- En situación non presencial o profesor/a decidirá en cada caso, en función da duración da situación e do nivel académico afectado, o tipo de probas e tarefas, para avaliar e cualificar de forma obxectiva ós seus alumnos.

O profesor/a poderá optar pola que considere mais adecuada:

- proba oral on-line
 - realización de proba escrita presencial en canto sexa posible
 - realizar unha proba online tipo cuestionario a través da Aula Virtual reforzada con imaxes do procedemento
 - realización de tarefas ás que acompañarán necesariamente preguntas orais
 - proba escrita por videoconferencia
- Para a cualificación dunha avaliación na que se realizaran probas escritas presenciais e probas telemáticas, o peso correspondente a cada proba variará en función da cantidade de materia que se avaliara presencial e non presencial. O profesor/a determinará en cada caso o peso correspondente a cada proba para a media das probas da avaliación.
 - En situación de non presencialidade poderanse propoñer tarefas globais que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado que serían avaliadas cos instrumentos de avaliación que o profesor considere máis axeitados para cada caso. Para a avaliación obxectiva destas tarefas será necesario que cada alumno conteste a preguntas orais que o profesor lles faga sobre o traballo realizado. Esta proba oral, acompañará sempre á

entrega do proxecto. O profesor tomará nota no seu caderno das súas valoracións.

- En situación de non presencialidade, traballarase só sobre as aprendizaxes imprescindibles da materia dese período. En cada materia considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave os que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles.
- A temporalización nas distintas materias poderá modificarse de ser necesario.
- Na avaliación correspondente en situación de non presencialidade, as porcentaxes asignadas ás probas realizadas pode variar respecto ás asignadas en situación presencial. O profesor valorará e decidirá o peso outorgado a cada parte.
- Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA NO BACHARELATO

Unha vez feita a Avaliación Ordinaria nos cursos de Bacharelato, e ata a realización de proba da Avaliación Extraordinaria no mes de xuño os alumnos deberán:

- No caso do alumnado de 2º de Bacharelato, todos os alumnos seguirán as clases de preparación ata a realización da proba Ordinaria da ABAU. Posteriormente, o alumnado que non superara a materia na avaliación Ordinaria, realizará nas clases as tarefas de repaso e reforzo que o profesor lle indique de cara á superación da Avaliación Extraordinaria. No mes de xuño realizarase unha proba escrita presencial sobre toda a materia impartida durante o curso. Esa proba pode ir acompañada da entrega de exercicios de repaso e reforzo indicados polo profesor/a.

A proba escrita da Avaliación Extraordinaria de Xuño estará puntuada sobre 10. A cualificación na convocatoria extraordinaria será a obtida nesta proba.

ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS PARA CAMBIO DE MODALIDADE NO CASO DO BACHARELATO

O alumnado que para cambiar de modalidade, se matricule na materia de Matemáticas II de 2º de Bacharelato sen ter cursado a materia de Matemáticas I, ou na materia Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II de 2º de Bacharelato sen ter cursado Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I:

- cando por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo non poida asistir á clase da materia de primeiro, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes.

- Neste caso o alumno seguirá o procedemento descrito nesta programación para os alumnos de 2º de Bacharelato con materias de 1º pendentes:

Así, estes alumnos/as realizarán dúas probas escritas nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos. Polo tanto os contidos da materia pendente de 1º de bacharelato, repartiranse en dúas partes. Os alumnos e alumnas que non superen algunha das probas mencionadas, realizarán unha proba global antes do remate do curso nas datas fixadas tamén pola Xefatura. Os alumnos valorados negativamente poderán realizar outra proba global na avaliación extraordinaria de xuño.

Para facilitarlles ós alumnos o seu traballo, o Departamento editará unha colección de exercicios de reforzo que lles sirvan de guía para as probas. O profesor/a estará a disposición do alumnado para solucionar calquera dúbida que se lles presente no estudo da materia. Recoméndase ademais que utilicen o libro de texto da materia para o estudo dos temas e para repasar os exercicios correspondentes.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O ENSINO E A PRÁTICA DOCENTE

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro do proceso de ensino

	1	2	3
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.			
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.			
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.			
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.			
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.			
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.			
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.			
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.			
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.			
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.			
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.			

Indicadores de logro da práctica docente

	1	2	3
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.			
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.			
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.			
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.			
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
6. Combínase o traballo individual e en equipo.			
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.			
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.			
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.			
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.			
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.			
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.			
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.			
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.			
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.			
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.			
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...			

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- Nas reunión de Departamento revisarase a programación, valorando os indicadores expostos a continuación..
- Indicaremos os contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista para adaptalos as características do alumnado .
- Como resultado das revisións adoptarán medidas como adecuación da secuencia de temporalización, cambio de metodoloxía, atención da diversidade, adecuación dos programas de apoio e recuperación.

Indicadores

	1	2	3
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.			
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.			
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.			
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.			
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.			
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.			
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.			
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.			
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].			
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.			
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.			
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).			
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.			
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.			
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].			
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.			
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.			
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].			
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].			
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]			
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]			
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.			
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.			
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.			
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.			
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.			
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.			
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.			
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.			
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.			

**ACTIVIDADES DE REFORZO E AVALIACIÓN PARA
ALUMNOS/AS
CON AVALIACIÓN NEGATIVA NO CURSO
ANTERIOR.**

ALUMNADO DE 2º DA E.S.O. CON AVALIACIÓN NEGATIVA EN 1º DA E.S.O.

Para tales alumnos terase en conta unha serie de medidas educativas complementarias que axuden ó alumno a acadar os obxectivos fixados. Fundamentalmente, tales medidas, sen detrimento daquelas que estime oportunas e convenientes a título persoal o profesor correspondente, consistirán en dúas probas, nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos, que se realizarán ó longo do curso. Os alumnos que non superen estas probas poderán realizar unha proba global antes de rematar o curso. De non ser posible que as probas sexan presenciais, faranse probas telemáticas, que poderán ser tipo cuestionario, realización de tarefas na aula virtual cun tempo limitado ou unha proba oral.

Para facilitarlles ós alumnos o seu traballo, o Departamento editará unha colección de exercicios de reforzo que se lles entregarán para que sirvan de guía para as probas.

Á vista, das notas obtidas nas probas e dos resultados das avaliacións de 2º da E.S.O., o profesorado valorará na última avaliación se o alumno cumpre os mínimos esixidos nos criterios de avaliación para obter unha valoración positiva en 1º E.S.O. Os alumnos valorados negativamente poderán realizar outra proba global no mes de setembro que se valorará atendendo ós mesmos criterios.

A materia para a **primeira proba** está formada polos seguintes temas:

Unidade 1: Os números naturais

Unidade 2: Divisibilidade

Unidade 3: Os números enteiros

Unidade 4: Fraccións

A materia para a **segunda proba** será a formada polos seguintes temas:

Unidade 5: Os números decimais

Unidade 6.- Álgebra. (inclúe produto e división de monomios)

Unidade 8.- Proporcionalidade e porcentaxes.

Unidade 10.- Polígonos e triángulos (fundamental Teorema de Pitágoras).

Unidade 12.- Perímetros e áreas. (perímetro dun polígono e área de: triángulos, paralelogramos, polígonos regulares).

O grao mínimo de consecución para superar a materia esixible para estes alumnos e alumnas en cada unidade é o que figura na programación didáctica para Matemáticas de 1º da E.S.O. do curso 2021-2022

ALUMNADO DE 3º DA E.S.O. CON AVALIACIÓN NEGATIVA EN 2º DA E.S.O.

Para tales alumnos terase en conta unha serie de medidas educativas complementarias que axuden ó alumno a acadar os obxectivos fixados. Fundamentalmente, tales medidas, sen detrimento daquelas que estime oportunas e convenientes a título persoal o profesor correspondente, consistirán en dúas probas, nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos, que se realizarán ó longo do curso. Os alumnos que non superen estas probas poderán realizar unha proba global antes de rematar o curso.

De non ser posible que as probas sexan presenciais, faranse probas telemáticas, que poderán ser tipo cuestionario, realización de tarefas na aula virtual cun tempo limitado ou unha proba oral.

Para facilitarlles ós alumnos o seu traballo, o Departamento editará unha colección de exercicios de reforzo que se lles entregarán para que sirvan de guía para as probas.

Á vista das notas obtidas nas probas e dos resultados das avaliacións de 3º da E.S.O., o profesorado valorará na última avaliación se o alumno cumpre os mínimos esixidos nos criterios de avaliación para obter unha valoración positiva. Os alumnos valorados negativamente poderán realizar outra proba global no mes de setembro que se valorará atendendo ós mesmos criterios.

A materia para a **primeira proba** está formada polos seguintes temas:

- Tema 1. Números enteiros
- Tema 2. Fraccións
- Tema 3. Potencias e raíz cadrada
- Tema 4. Números decimais
- Tema 5. Expresións alxébricas

A materia para a **segunda proba** será a formada polos seguintes temas:

- Tema 6. Ecuacións de 1º e 2º grao
- Tema 7: Sistemas de ecuacións
- Tema 8: Proporcionalidade numérica
- Tema 10: Figuras planas. Áreas

O grao mínimo de consecución para superar a materia esixible para estes alumnos e alumnas en cada unidade é o que figura na programación didáctica para Matemáticas de 2º da E.S.O.

ALUMNADO DE 4º DA E.S.O. CON AVALIACIÓN NEGATIVA EN MATEMÁTICAS ACADÉMICAS 3º DA E.S.O.

Para tales alumnos terase en conta unha serie de medidas educativas complementarias que axuden ó alumno a acadar os obxectivos fixados. Fundamentalmente, tales medidas, sen detrimento daquelas que estime oportunas e convenientes a título persoal o profesor correspondente, consistirán en dúas probas, nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos, que se realizarán ó longo do curso. Os alumnos que non superen estas probas poderán realizar unha proba global antes de rematar o curso.

De non ser posible que as probas sexan presenciais, faranse probas telemáticas, que poderán ser tipo cuestionario, realización de tarefas na aula virtual cun tempo limitado ou unha proba oral.

Para facilitarlles ós alumnos o seu traballo, o Departamento editará unha colección de exercicios de reforzo que se lles entregarán para que sirvan de guía para as probas.

Á vista das notas obtidas nas probas e dos resultados das avaliacións de 4º da E.S.O., o profesorado valorará na última avaliación se o alumno cumpre os mínimos esixidos nos criterios de avaliación para obter unha valoración positiva. Os alumnos valorados negativamente poderán realizar outra proba global no mes de setembro que se valorará atendendo ós mesmos criterios.

Materia de Matemáticas Académicas de 3º de ESO para a **primeira proba**:

Tema 1: Números racionais

Tema 2: Potencias e raíces.

Tema 3: Progresións.

Tema 4: Proporcionalidade numérica.

Tema 5: Polinomios.

Materia para a **segunda proba**:

Tema 6: Ecuacións de primeiro e segundo grao.

Tema 7.- Sistemas de ecuacións

Tema 11.- Funcións.

Tema 12.- Funcións lineais e cuadráticas

O grao mínimo de consecución para superar a materia esixible para estes alumnos e alumnas en cada unidade é o que figura na programación didáctica para Matemáticas Académicas de 3º da E.S.O. do curso 2021-2022

ALUMNADO DE 4º DA E.S.O. CON AVALIACIÓN NEGATIVA EN MATEMÁTICAS APLICADAS 3º DA E.S.O.

Para tales alumnos terase en conta unha serie de medidas educativas complementarias que axuden ó alumno a acadar os obxectivos fixados. Fundamentalmente, tales medidas, sen detrimento daquelas que estime oportunas e convenientes a título persoal o profesor correspondente, consistirán en dúas probas, nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos, que se realizarán ó longo do curso. Os alumnos que non superen estas probas poderán realizar unha proba global antes de rematar o curso.

De non ser posible que as probas sexan presenciais, faranse probas telemáticas, que poderán ser tipo cuestionario, realización de tarefas na aula virtual cun tempo limitado ou unha proba oral.

Para facilitarlles ós alumnos o seu traballo, o Departamento editará unha colección de exercicios de reforzo que se lles entregarán para que sirvan de guía para as probas.

Á vista das notas obtidas nas probas e dos resultados das avaliacións de 4º da E.S.O., o profesorado valorará na última avaliación se o alumno cumpre os mínimos esixidos nos criterios de avaliación para obter unha valoración positiva. Os alumnos valorados negativamente poderán realizar outra proba global no mes de setembro que se valorará atendendo ós mesmos criterios.

Materia de Matemáticas Aplicadas de 3º de ESO para a **primeira proba**:

UNIDADE 1.- Números racionais e irracionais

UNIDADE 2.- Proporcionalidade numérica

UNIDADE 3.- Polinomios

UNIDADE 4.- Ecuacións e sistemas

A materia para a **segunda proba** será a formada polas seguintes unidades:

UNIDADE 5.- Perímetros, áreas e volumes

UNIDADE 6.- Semellanza.

UNIDADE 7.- Funcións

UNIDADE 8.- Gráfica dunha función

O grao mínimo de consecución para superar a materia esixible para estes alumnos e alumnas en cada unidade é o que figura na programación didáctica para Matemáticas Aplicadas de 3º da E.S.O. do curso 2021-2022.

ALUMNADO DE 2º DE BACHARELATO CON MATEMÁTICAS I PENDENTES.

Do mesmo xeito que no caso da E.S.O., imos ter en conta para estes alumnos unha serie de medidas que os axuden a supera-las Matemáticas do primeiro curso de Bacharelato. Así, durante o curso 2020/21, realizaranse dúas probas nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos. Os alumnos e alumnas que non superen algunha das probas mencionadas, realizarán unha proba global antes do remate do curso nas datas fixadas tamén pola Xefatura.

De non ser posible que as probas sexan presenciais, faranse probas telemáticas, que poderán ser tipo cuestionario, realización de tarefas na aula virtual cun tempo limitado ou unha proba oral.

Para facilitarlles ós alumnos o seu traballo, o Departamento editará unha colección de exercicios de reforzo que se lles entregarán para que sirvan de guía para as probas.

Á vista das notas obtidas nas probas e dos resultados das avaliacións de 2º de Bacharelato, o profesorado valorará na última avaliación se o alumno cumpre os mínimos esixidos nos criterios de avaliación para obter unha valoración positiva. Os alumnos valorados negativamente poderán realizar outra proba global no mes de setembro que se valorará atendendo ós mesmos criterios.

A materia para a **primeira proba** está formada polas seguintes unidades:

Unidade 1: Números reais.

Unidade 2: Ecuacións e inecuacións.

Unidade 3: Sistemas de ecuacións

Unidade 4: Trigonometría.

Unidade 6: Xeometría Analítica.

A materia para a **segunda proba** está formada polas seguintes unidades:

Unidade 8: Funcións.

Unidade 9: Límite dunha función.

Unidade 10: Derivada dunha función.

Unidade 11. Aplicacións da derivada. (crecemento e decrecemento, extremos relativos e concavidade e convexidade)

O grao mínimo de consecución para superar a materia esixible para estes alumnos e alumnas en cada unidade é o que figura na programación didáctica para Matemáticas I do curso 2021-2022.

ALUMNADO DE 2º DE BACHARELATO COAS MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I PENDENTES.

Do mesmo xeito durante o curso 2020/21, realizaranse dúas probas nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos. Os alumnos e alumnas que non superen algunha das probas mencionadas, realizarán unha proba global antes do remate do curso nas datas fixadas tamén pola Xefatura.

De non ser posible que as probas sexan presenciais, faranse probas telemáticas, que poderán ser tipo cuestionario, realización de tarefas na aula virtual cun tempo limitado ou unha proba oral.

Para facilitarlles ós alumnos o seu traballo, o Departamento editará unha colección de exercicios de reforzo que se lles entregarán para que sirvan de guía para as probas.

Á vista das notas obtidas nas probas e dos resultados das avaliacións de 2º de Bacharelato, o profesorado valorará na última avaliación se o alumno cumpre os mínimos esixidos nos criterios de avaliación para obter unha valoración positiva. Os alumnos valorados negativamente poderán realizar outra proba global no mes de setembro que se valorará atendendo ós mesmos criterios.

A materia para as devanditas probas está dividida do seguinte xeito:

Para a **primeira proba** entrarán as seguintes unidades:

- Unidade 1: Números reais.
- Unidade 2: Aritmética da economía
- Unidade 3: Ecuacións.
- Unidade 4: Sistemas de ecuacións
- Unidade 5: Funcións

Para a **segunda proba** entrarán as seguintes unidades:

- Unidade 6: Límite dunha función.
- Unidade 7: Derivada dunha función
- Unidade 8: Aplicacións da derivada. Representación de funcións.
- Unidade 11: Probabilidade.

O grao mínimo de consecución para superar a materia esixible para estes alumnos/as en cada unidade é o que figura na programación didáctica para Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I do curso 2021-2022.

A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En tódolos niveis educativos atopámonos con alumnos/as con diferentes capacidades, intereses e motivacións. Desde a clase de Matemáticas prestaremos atención a esa diversidade para conseguir que cada alumno/a renda o máximo. Para iso seguimos o seguinte proceso:

1. Valoración inicial do alumnado, baseándose nun cuestionario inicial.
2. Actividades iniciais do alumnado e rexistro de observacións por parte do profesorado.
3. Actividades de reforzo dirixidas ós alumnos/as nas que se detecten dificultades.
4. Actividades de ampliación para as persoas nas que se detecte unha capacidade alta.
5. Avaliación do alumnado, das unidades e do proceso de aprendizaxe.
6. Comezo de novo do proceso indicado no segundo punto con outra unidade didáctica.

Cando o caso o requira, a algúns alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais poderá efectuárselles unha adaptación curricular. Para iso contaremos previamente coa opinión dos/as profesores/as de Orientación e de Pedagogía Terapéutica do centro. O Departamento de Matemáticas, á vista dos informes dos especialistas, definirá para estes alumnos e alumnas as seguintes adaptacións curriculares:

- Cambios metodolóxicos.
- Prioridade nalgúns obxectivos e contidos.
- Modificacións do tempo de consecución dos obxectivos.
- Adecuación dos criterios de avaliación en función das dificultades específicas.

Os criterios de avaliación expostos nas Adaptacións Curriculares corresponden as adaptacións, polo que a superación dos obxectivos propostos para os alumnos/as na súa ACS non implica a superación dos obxectivos do nivel de referencia.

Baseándonos nos resultados da avaliación inicial e na evolución no curso actual, os alumnos con dificultades en 2º da ESO ademais do profesor de Matemáticas terán apoio da Profesora de Pedagogía Terapéutica.

Ademáis este curso os alumnos con Reforzo Educativo de 2º da ESO terán unha clase semanal a maiores, e dicir en total 5+1 horas semanais, coa profesora de referencia. Este grupo de reforzo e flexible, podendo incorporarse alumnos en calquera momento do curso.

MEDIDAS PARA O SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR

O alumnado que non acade a promoción de curso deberá seguir un plan específico personalizado en cada unha das materias non superadas, destinado á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e á profundización nas aprendizaxes xa adquiridos.

Nos cursos da E.S.O., co obxecto de facer un seguimento do alumnado repetidor que suspendera as Matemáticas no curso anterior, levaranse a cabo as seguintes pautas:

- Atención especial ao seguimento do seu traballo diario coa observación directa na aula.
- Entregarlles tarefas de reforzo de consideralo necesario.

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Na páxina web do noso centro publicarase esta Programación Didáctica.

Tamén se publicarán na web o Grao mínimo de Consecución para superar a materia e os Criterios de cualificación.

Nun documento independente publicarase tamén os contidos, procedementos e instrumentos de avaliación para a recuperación de pendentes.

En xeral a información relativa á evolución dun alumno, ao seu traballo diario e á súa actitude na aula é transmitida directamente ás familias, nas súas entrevistas (telemáticas, por correo electrónico, ou conversa telefónica) en horas de titoría, a través do titor do grupo ou, de ser o caso, directamente polo profesor da materia correspondente.

A información relativa ás datas dos exames de materias pendentes facilítanselles ós alumnos e publícanse no taboleiro de anuncios do centro. Os boletíns coas cualificacións obtidas nestas probas entréganse ó alumnado, que debe devolver ó titor o resguardo asinado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como xa se veu facendo en anos anteriores está prevista a Celebración do Día Escolar das Matemáticas no mes de maio, que se leva a cabo coa colaboración da Biblioteca. Esta actividade vai dirixida a todo o alumnado.

Continuaremos a colaboración coa Biblioteca do centro para a realización de distintas actividades.

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Na etapa da ESO cada profesor pode participar na Hora de Ler nos distintos grupos e materias. Cada profesor decide se vai participar ou non. Para esta actividade diaria tratarase de elixir lecturas sobre a Historia das matemáticas, sobre personaxes Matemáticos destacados, ou sobre temas matemáticos de actualidade. Empregaranse para iso os fondos da Biblioteca. Dispoñemos ademáis de material elaborado pola Editorial Santillana para as distintas materias, con actividades matemáticas baseadas en lecturas previas.

Asimesmo elaboramos o Itinerario Lector de Matemáticas, que está publicado, con lecturas clasificadas por idades. Tódolos libros que o forman están a disposición do alumnado na Biblioteca do centro.

Os alumnos de 2º de ESO poderán ler ao longo do curso un libro, entre os que lles indique o seu profesor, e realizar un breve traballo sobre él. Trátase de libros de divulgación matemática, axeitados para a súa idade, e de lectura amena dos que dispoñemos na biblioteca.

A maiores, no primeiro ciclo da ESO proporemos para o alumnado interesado lecturas trimestrais acompañadas de reunións periódicas para o seguimento e o comentario destas lecturas. Estas lecturas escolleranse entre os libros do Itinerario Lector de Matemáticas.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PARA 2ºESO e 4º ESO

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Ó longo da educación obrigatoria, as matemáticas deben desempeñar indisociablemente e equilibradamente, un papel formativo básico de capacidades intelectuais, un rol aplicado, funcional e un papel instrumental, en canto que debe ser armazón estruturador do pensamento e formalizador de coñecementos cara a outras materias.

Os principios que presiden a selección e organización de contidos son:

- 1- As matemáticas deben ser presentadas como un conxunto de coñecementos e procedementos que foron evolucionado co transcorrer do tempo.
- 2- Relacionar os contidos de aprendizaxe das matemáticas coa súa experiencia, así como presentalas e ensinalas nun contexto de resolución de exercicios, e de contrastes dos diferentes puntos de vista nesa resolución.
- 3- O ensino e aprendizaxe das matemáticas atenderá de forma equilibrada a tres obxectivos educativos distintos:
 - a) Establecer destrezas cognitivas de carácter xeral.
 - b) Aplicación funcional.
 - c) Valor instrumental crecente.

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

MATEMÁTICAS 2º ESO

- **OBXECTIVOS**
- **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
- **SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN.**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE ÁS QUE CONTRIBÚEN.**
- **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**
- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**
- **ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

- **ANEXO**

Obxectivos

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de

riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE (MATEMÁTICAS 2º ESO)

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Tódalas áreas ou materias do currículo deben participar, dende o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. (Orde ECD/65/2015 artigo 5.3, BOE 29-01- 2015).

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, pero salientamos deseguido os estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais das outras competencias claves do currículo:

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
CCL	<ul style="list-style-type: none"> - MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. - MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística). - MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión. - MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.
CD	<ul style="list-style-type: none"> - MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. - MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión. - MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. - MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.

CAA	<ul style="list-style-type: none"> - MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución. - MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. - MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. - MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. - MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares. - MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.
CSC	<ul style="list-style-type: none"> - MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. - MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. - MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). - MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. - MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> - MAB1.6.2. Establece conexión entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. - MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). - MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. - MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> - MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. - MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.

Os estándares mencionados pertencen ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A súa incorporación dentro dos outros bloques, permitirá a adquisición das competencias clave e garantirá a inclusión de temas interdisciplinares e transversais.

A contribución ao desenvolvemento das competencias clave de cada un dos estándares dos distintos bloques da materia figura no apartado desta programación **Estándares de**

Aprendizaxe. Os restantes bloques da materia, fundamentalmente contribúen á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

En consecuencia, para o axeitado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, o álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas:

– A cantidade: esta noción incorpora a cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo, interpretando distintas representacións de todas elas e xulgando interpretacións e argumentos. Participar na cuantificación do mundo supón comprender as medicións, os cálculos, as magnitudes, as unidades, os indicadores, o tamaño relativo e as tendencias e patróns numéricos.

– O espazo e a forma: inclúen unha ampla gama de fenómenos que se atopan no noso mundo visual e físico: patróns, propiedades dos obxectos, posicións, direccións e representacións deles; decodificación e codificación de información visual, así como navegación e interacción dinámica con formas reais, ou con representacións. A competencia matemática neste sentido inclúe unha serie de actividades como a comprensión da perspectiva, a elaboración e lectura de mapas, a transformación das formas con e sen tecnoloxía, a interpretación de vistas de escenas tridimensionais dende distintas perspectivas e a construción de representacións de formas.

– O cambio e as relacións: o mundo despreza multitude de relacións temporais e permanentes entre os obxectos e as circunstancias, onde os cambios prodúcense dentro de sistemas de obxectos interrelacionados. Ter máis coñecementos sobre o cambio e as relacións supón comprender os tipos fundamentais de cambio e cando teñen lugar, co fin de utilizar modelos matemáticos axeitados para describilo e predicilo.

– A incerteza e os datos: son un fenómeno central do análise matemático presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas no que resulta clave a presentación e interpretación de datos. Esta categoría inclúe o recoñecemento do lugar da variación nos procesos, a posesión dun sentido de cuantificación desa variación, a admisión de incerteza e erro nas medicións os coñecementos sobre o azar. Asimesmo, comprende a elaboración, interpretación e valoración das conclusións extraídas en situacións onde a incerteza e os datos son fundamentais.

SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN.

Organizamos os contidos deste curso en catorce unidades didácticas seguindo a numeración do libro de texto.

1ª AVALIACIÓN (9 set-1 dec; 58 sesións)

UNIDADE 1. Números enteiros	(12 sesións)
UNIDADE 2. Fraccións	(12 sesións)
UNIDADE 3. Potencias e raíz cadrada	(12 sesións)
UNIDADE 4. Números decimais	(7 sesións)
UNIDADE 5. Expresións alxébricas	(15 sesións)

2ª AVALIACIÓN (2 dec-9 marzo; 54 sesións)

UNIDADE 6. Ecuacións de 1º e 2º grao	(15 sesións)
UNIDADE 7. Sistemas de ecuacións	(15 sesións)
UNIDADE 8. Proporcionalidade numérica	(13 sesións)
UNIDADE 9. Proporcionalidade xeométrica	(11 sesións)

3ª AVALIACIÓN (10 marzo-7 xuño; 56 sesións)

UNIDADE 10. Figuras planas. Áreas.	(12 sesións)
UNIDADE 11. Corpos xeométricos. Áreas.	(12 sesións)
UNIDADE 12. Volume de corpos xeométricos.	(12 sesións)
UNIDADE 13. Funcións	(12 sesións)
UNIDADE 14. Estatística e probabilidade	(8 sesións)

As sesións correspondentes a días lectivos comprendidos entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria, dedicaranse ao reforzo xeral da materia impartida durante todo o curso.

Na seguinte táboa, xunto cos contidos, indícase o bloque ao que pertencen, correspondente aos que se sinalan no currículo da educación secundaria (Decreto 86/2015 de 25 de xuño, DOG 29-06-2015). Secuencianse os contidos do curso e relaciónanse coas catorce unidades didácticas do libro de texto.

CONTIDOS	UNIDADES
BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA	
B2.1. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.	1
B2.2. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.	2,
B2.3. Números decimais: representación, ordenación e operacións.	4,
B2.4. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.	2, 4,
B2.5. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.	3, 4,
B2.6. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.	3, 4,
B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas	3, 4,
B2.8. Xerarquía das operacións.	2, 3, 4, 5, 6, 7, 8
B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora.	2, 3, 4, 5, 6, 7, 8
B2.10. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.	2, 8
B2.11. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directa e inversamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.	8
B2.12. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou inversa, ou variacións porcentuais. Reparticións directa e inversamente proporcionais	8
B2.13. Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.	2, 5, 6, 7

B2.14. Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo (números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.).	3
B2.15. Linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica.	5, 6, 7
B2.16. Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Transformación e equivalencias. Identidades. Operacións con polinomios en casos sinxelos.	5, 6, 7
B2.17. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita e de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.	6, 7
B2.18. Sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. Métodos alxébricos de resolución e método gráfico. Resolución de problemas.	7,
BLOQUE 3: XEOMETRÍA	
B3.1. Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras. Xustificación xeométrica e aplicacións.	10
B3.2. Semellanza: figuras semellantes. Criterios de semellanza. Razón de semellanza e escala. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.	9, 10
B3.3. Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos; clasificación. Áreas e volumes.	11, 12
B3.4. Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.	11, 12
B3.5. Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relación xeométricas.	9, 10, 11, 12
BLOQUE 4: FUNCÍONS	
B4.1. Concepto de función: variable dependente e independente; formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula); crecemento e decrecemento; continuidade e descontinuidade; cortes cos eixes; máximos e mínimos relativos. Análise e comparación de gráficas.	13
B4.2. Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta.	13
B4.3. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.	13
B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.	13
BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE	
B5.1. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.	14

B5.2. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.	14
B5.3. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias; diagramas de caixa e bigotes	14
B5.4. Medidas de tendencia central.	14
B5.5. Medidas de dispersión: rango e cuartís, percorrido intercuartílico, varianza e desviación típica.	14
B5.6. Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.	14
B5.7. Fenómenos deterministas e aleatorios.	14
B5.8. Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.	14
B5.9. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación	14
B5.10. Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.	14
B5.11. Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.	14
B5.12. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.	14

Deseguido, enuméranse os contidos correspondentes ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A incorporación dos contidos deste bloque dentro dos outros bloques, será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación.

UNIDADES	BLOQUE 1: PROCESOS MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	TEMPORALIZACIÓN
1 a 14	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	Todo o curso
1 a 14	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.	Todo o curso
1 a 14	B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	Todo o curso
1 a 14	B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	Todo o curso
1 a 14	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	Todo o curso
1 a 14	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	Todo o curso
1 a 14	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. 	Todo o curso

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

- B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.
- B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións
- B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.
- B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.
- B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.
- B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.
- B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao que facer matemático
- B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.
- B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.
- B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas
- B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.

B2. Números e Álgebra

- B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria

- B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.
- B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental
- B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos
- B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directa ou inversamente proporcionais.
- B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e as leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas.
- B2.7. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de ecuacións, aplicando para a súa resolución métodos alxébricos ou gráficos, e contrastando os resultados obtidos.

B3. Xeometría

- B3.1. Recoñecer o significado aritmético do teorema de Pitágoras (cadrados de números e ternas pitagóricas) e o significado xeométrico (áreas de cadrados construídos sobre os lados), e empregalo para resolver problemas xeométricos.
- B3.2. Analizar e identificar figuras semellantes, calculando a escala ou razón de semellanza e a razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.
- B3.3. Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías, etc.).
- B3.4. Resolver problemas que leven consigo o cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico, utilizando propiedades, regularidades e relacións dos poliedros.

B4. Funcións

- B4.1. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación), pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto.
- B4.2. Comprender o concepto de función, e recoñecer, interpretar e analizar as gráficas funcionais.
- B4.3. Recoñecer, representar e analizar as funcións lineais, e utilízalas para resolver problemas.

B5. Estatística e probabilidade

- B5.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas adecuadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos.
- B5.2. Utilizar ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficas estatísticas, calcular parámetros relevantes e comunicar os resultados obtidos que respondan ás preguntas formuladas previamente sobre a situación estudada.
- B5.3. Diferenciar os fenómenos deterministas dos aleatorios, valorando a posibilidade que ofrecen as matemáticas para analizar e facer predicións razoables acerca do comportamento dos aleatorios a partir das regularidades obtidas ao repetir un número significativo de veces a experiencia aleatoria, ou o cálculo da súa probabilidade.
- B5.4. Inducir a noción de probabilidade a partir do concepto de frecuencia relativa e como medida de incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a experimentación.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE ÁS QUE CONTRIBÚEN.

Correspondentes a 2ºESO

B1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

- B1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. [CCL, CMCCT)
- B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). (CMCCT)
- B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. (CMCCT)
- B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. (CMCCT)
- B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución. (CMCCT, CAA)
- B1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. (CMCCT, CCEC)
- B1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade. (CMCCT)
- B1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. (CMCCT)
- B1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. (CMCCT, CAA)
- B1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística). (CCL, CMCCT)
- B1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. (CMCCT, CSC)
- B1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. (CMCCT, CSIEE)
- B1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. (CMCCT)
- B1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. (CMCCT)
- B1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. (CMCCT)

- B1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. (CMCCT, CAA, CSC)
- B1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). (CMCCT, CSIEE, CSC)
- B1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. (CMCCT)
- B1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. (CMCCT)
- B1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. (CMCCT, CAA, CCEC)
- B1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. (CMCCT, CSIEE, CSC)
- B1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. (CMCCT, CSIEE)
- B1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares. (CMCCT, CAA)
- B1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. (CMCCT, CD)
- B1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. (CMCCT)
- B1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. (CMCCT)
- B1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. (CMCCT)
- B1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións (CMCCT)
- B1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión. (CD, CCL)
- B1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. (CCL)
- B1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. (CD, CAA)

- B1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. (CD, CSC, CSIEE)

B2. Números e álgebra

- B2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa. (CMCCT)
- B2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións. (CMCCT)
- B2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos. (CMCCT)
- B2.2.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias. (CMCCT)
- B2.2.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas. (CMCCT)
- B2.2.3. Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes. (CMCCT)
- B2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións. (CMCCT)
– O espazo e a forma: inclúen unha ampla gama de fenómenos que se atopan no noso mundo visual e físico: patróns, propiedades dos obxectos, posicións, direccións e representacións deles; decodificación e codificación de información visual, así como navegación e interacción dinámica con formas reais, ou con representacións. A competencia matemática neste sentido inclúe unha serie de actividades como a comprensión da perspectiva, a elaboración e lectura de mapas, a transformación das formas con e sen tecnoloxía, a interpretación de vistas de escenas tridimensionais dende distintas perspectivas e a construción de representacións de formas.

– O cambio e as relacións: o mundo despreza multitude de relacións temporais e permanentes entre os obxectos e as circunstancias, onde os cambios prodúcense dentro de sistemas de obxectos interrelacionados. Ter máis coñecementos sobre o cambio e as relacións supón comprender os tipos fundamentais de cambio e cando teñen lugar, co fin de utilizar modelos matemáticos axeitados para describilo e predicilo.

– A incerteza e os datos: son un fenómeno central do análise matemático presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas no que resulta clave a presentación e interpretación de datos. Esta categoría inclúe o recoñecemento do lugar da variación nos procesos, a posesión dun sentido de cuantificación desa variación, a admisión de incerteza e erro nas medicións os coñecementos sobre o azar. Así mesmo, comprende a elaboración, interpretación e valoración das conclusións extraídas en situacións onde a incerteza e os datos son fundamentais.

SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN.

Organizamos os contidos deste curso en catorce unidades didácticas seguindo a numeración do libro de texto.

1ª AVALIACIÓN (9 set-1dec; 45 sesións aprox.)

UNIDADE 1. Números reais. Porcentaxes.	(10 sesións)
UNIDADE 2. Potencias e radicais. Logaritmos.	(12 sesións)
UNIDADE 3. Polinomios e fraccións alxébricas.	(11 sesións)
UNIDADE 4. Ecuacións e inecuacións	(12 sesións)

2ª AVALIACIÓN (2dec-8marzo; 41 sesións aprox.)

UNIDADE 5. Sistemas de ecuacións e inecuacións	(12 sesións)
UNIDADE 6. Áreas e volumes. Semellanza.	(5 sesións)
UNIDADE 7. Trigonometría	(12 sesións)
UNIDADE 8. Vectores e rectas	(12 sesións)

3ª AVALIACIÓN (9marzo-7 xuño; 46 sesións aprox.)

UNIDADE 9. Funcións.	(10 sesións)
UNIDADE 10. Funcións polinómicas e racionais.	(10 sesións)
UNIDADE 11. Funcións exponenciais, logarítmicas e trigonométricas	(8 sesións)
UNIDADE 12. Estatística.	(5 sesións)
UNIDADE 13. Combinatoria.	(5 sesións)
UNIDADE 14. Probabilidade.	(8 sesións)

As sesións correspondentes a días lectivos comprendidos entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria dedicaranse ao reforzo xeral da materia impartida durante todo o curso.

Na seguinte táboa, xunto cos contidos, indícase o bloque ao que pertencen, correspondente aos que se sinalan no currículo da educación secundaria (Decreto 86/2015 de 25 de xuño, DOG 29-06-2015). Secuencianse os contidos do curso e relaciónanse coas catorce unidades didácticas do libro de texto.

CONTIDOS	UNIDADES
BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBA	
B2.1. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais.	1
B2.2. Representación de números na recta real. Intervalos	1
B2.3. Interpretación e utilización dos números reais, as operacións e as propiedades características en diferentes contextos, elixindo a notación e a precisión máis axeitadas en cada caso.	1-2
B2.4. Potencias de expoñente enteiro ou fraccionario e radicais sinxelos. Relación entre potencias e radicais.	1-2
B2.5. Operacións e propiedades das potencias e dos radicais.	2
B2.6. Xerarquía de operacións.	1-2-3-5
B2.7. Cálculo con porcentaxes. Xuro simple e composto.	1
B2.8. Logaritmos: definición e propiedades.	2
B2.9. Manipulación de expresións alxébricas. Utilización de igualdades notables.	3
B2.10. Polinomios. Raíces e factorización.	3
B2.11. Ecuacións de grao superior a dous.	4
B2.12. Fraccións alxébricas. Simplificación e operacións.	3
B2.13. Resolución de problemas cotiáns e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas.	4-5
	4-5

B2.14. Inecuacións de primeiro e segundo grao. Interpretación gráfica. Resolución de problemas.	
BLOQUE 3: XEOMETRÍA	
B3.1. Medidas de ángulos no sistema sesaxesimal e en radiáns.	6-7
B3.2. Razóns trigonométricas. Relacións entre elas. Relacións métricas nos triángulos.	7
B3.3. Aplicación dos coñecementos xeométricos á resolución de problemas métricos no mundo físico: medida de lonxitudes, áreas e volumes.	6-7
B3.4. Iniciación á xeometría analítica no plano: coordenadas. Vectores. Ecuacións da recta. Paralelismo; perpendicularidade.	8
B3.5. Semellanza. Figuras semellantes. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.	6
B3.6. Aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas.	7
BLOQUE 4: FUNCIONES	
B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica. Análise de resultados.	9-10-11
B4.2. Funcións elementais (lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, e definidas en anacos): características e parámetros.	10-11
B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.	9-10
B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.	9-10-11
BLOQUE 5: ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	
B5.1. Introducción á combinatoria: combinacións, variacións e permutacións.	13-14
B5.2. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace e outras técnicas de recuento.	13-14

B5.3. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes.	14
B5.4. Experiencias aleatorias compostas. Utilización de táboas de continxencia e diagramas de árbore para a asignación de probabilidades.	13-14
B5.5. Probabilidade condicionada.	14
B5.6. Utilización do vocabulario adecuado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar e a estatística.	13-14
B5.7. Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico.	12
B5.8. Gráficas estatísticas: tipos de gráficas. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e en fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). Detección de falacias.	12
B5.9. Medidas de centralización e dispersión: interpretación, análise e utilización.	12
B5.10. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.	12
B5.11. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación.	12
B5.12. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.	12

Deseguido, enuméranse os contidos correspondentes ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A incorporación dos contidos deste bloque dentro dos outros bloques, será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación.

UNIDADES	BLOQUE 1: PROCESOS MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	TEMPORALIZACIÓN
1 a 14	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	Todo o curso
1 a 14	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.	Todo o curso
1 a 14	B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	Todo o curso
1 a 14	B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	Todo o curso
1 a 14	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	Todo o curso
1 a 14	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	Todo o curso
1 a 14	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. 	Todo o curso

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE 1: PROCESOS MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema.
- B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.
- B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.
- B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.
- B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade.
- B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.
- B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.
- B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.
- B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras.
- B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.
- B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.

BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA

- B2.1. Coñecer os tipos de números e interpretar o significado dalgunhas das súas propiedades máis características (divisibilidade, paridade, infinitude, proximidade, etc.).
- B2.2. Utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria e con outras materias do ámbito educativo.

- B2.3. Construír e interpretar expresións alxébricas, utilizando con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.
- B2.4. Representar e analizar situacións e relacións matemáticas utilizando inecuacións, ecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos e de contextos reais.

BLOQUE 3: XEOMETRÍA

- B3.1. Utilizar as unidades angulares dos sistemas métrico sesaxesimal e internacional, así como as relacións e as razóns da trigonometría elemental, para resolver problemas trigonométricos en contextos reais.
- B3.2. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuadas, e aplicando as unidades de medida.
- B3.3. Coñecer e utilizar os conceptos e os procedementos básicos da xeometría analítica plana para representar, describir e analizar formas e configuracións xeométricas sinxelas.

BLOQUE 4: FUNCIONES

- B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica ou de datos numéricos, ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.
- B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais obtendo información sobre o seu comportamento, a evolución e os posibles resultados finais.

BLOQUE 5: ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

- B5.1. Resolver situacións e problemas da vida cotiá aplicando os conceptos do cálculo de probabilidades e técnicas de recuento axeitadas.
- B5.2. Calcular probabilidades simples ou compostas aplicando a regra de Laplace, os diagramas de árbore, as táboas de continxencia ou outras técnicas combinatorias.
- B5.3. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).
- B5.4. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais e bidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador), e valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE ÁS QUE CONTRIBÚEN.

Estándares correspondentes a Matemáticas Académicas 4ºESO:

BLOQUE 1: Procesos métodos e actitudes en matemáticas

- MACB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. (CCCL, CMCCT)
- MACB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). (CMCCT)
- MACB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. (CMCCT)
- MACB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia. (CMCCT)
- MACB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas. (CMCCT, CCA)
- MACB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. (CMCCT)
- MACB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade. (CMCCT)
- MACB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. (CMCCT)
- MACB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. (CMCCT, CAA)
- MACB1.5.1. Expón e defende o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando as linguaxes alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística. (CCL, CMCCT)
- MACB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. (CMCCT, CSC)
- MACB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. (CMCCT, CSIEE)
- MAC B1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. (CMCCT)
- MAC B1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. (CMCCT)

- MAC B1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. (CMCCT)
- MAC B1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. (CMCCT, CSC, CSIEE)
- MAC B1.8.1. Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). (CMCCT, CAA, CSC)
- MAC B1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. (CMCCT)
- MAC B1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. (CMCCT)
- MAC B1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. (CMCCT, CAA, CCEC)
- MAC B1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. (CSC, CSIEE)
- MAC B1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. (CMCCT, CSIEE)
- MAC B1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares. (CMCCT, CAA)
- MAC B1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. (CMCCT, CD)
- MAC B1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. (CMCCT)
- MAC B1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. (CMCCT)
- MAC B1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. (CMCCT)
- MAC B1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer informacións e elaborar conclusións. (CMCCT)
- MAC B1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. (CCL, CD)
- MAC B1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. (CCL)

- MAC B1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles de seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. (CD, CAA)
- MAC B1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas. (CD, CSC, CSIEE)

BLOQUE 2: Números e Álgebra

- MAC B2.1.1. Recoñece os tipos de números reais (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indicando o criterio seguido, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa. (CMCCT)
- MAC B2.1.2. Aplica propiedades características dos números ao utilízalos en contextos de resolución de problemas. (CMCCT)
- MAC B2.2.1. Opera con eficacia empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, e utilizando a notación máis axeitada. (CMCCT)
- MAC B2.2.2. Realiza estimacións correctamente e xulga se os resultados obtidos son razoables. (CMCCT)
- MAC B2.2.3. Establece as relacións entre radicais e potencias, opera aplicando as propiedades necesarias e resolve problemas contextualizados. (CMCCT)
- MAC B2.2.4. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira. (CMCCT)
- MAC B2.2.5. Calcula logaritmos sinxelos a partir da súa definición ou mediante a aplicación das súas propiedades, e resolve problemas sinxelos. (CMCCT)
- MAC B2.2.6. Compara, ordena, clasifica e representa distintos tipos de números sobre a recta numérica utilizando diversas escalas. (CMCCT)
- MAC B2.2.7. Resolve problemas que requiran propiedades e conceptos específicos dos números. (CMCCT)
- MAC B2.3.1. Exprésase con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica. (CMCCT)
- MAC B2.3.2. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao utilizando a regra de Ruffini, ou outro método máis axeitado. (CMCCT)
- MAC B2.3.3. Realiza operacións con polinomios, igualdades notables e fraccións alxébricas sinxelas. (CMCCT)
- MAC B2.3.4. Fai uso da descomposición factorial para a resolución de ecuacións de grao superior a dous. (CMCCT)
- MAC B2.4.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estúdao e resolve, mediante inecuacións, ecuacións ou sistemas, e interpreta os resultados obtidos. (CMCCT)

BLOQUE 3: Xeometría

- MAC B3.1.1. Utiliza conceptos e relacións da trigonometría básica para resolver problemas empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso, para realizar os cálculos. (CMCCT)
- MAC B3.2.1. Utiliza as ferramentas tecnolóxicas, as estratexias e as fórmulas apropiadas para calcular ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e figuras xeométricas. (CMCCT, CD)
- MAC B3.2.2. Resolve triángulos utilizando as razóns trigonométricas e as súas relacións. (CMCCT)
- MAC B3.2.3. Utiliza as fórmulas para calcular áreas e volumes de triángulos, cuadriláteros, círculos, paralelepípedos, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades apropiadas. (CMCCT)
- MAC B3.3.1. Establece correspondencias analíticas entre as coordenadas de puntos e vectores. (CMCCT)
- MAC B3.3.2. Calcula a distancia entre dous puntos e o módulo dun vector. (CMCCT)
- MAC B3.3.3. Coñece o significado de pendente dunha recta e diferentes formas de calculala. (CMCCT)
- MAC B3.3.4. Calcula a ecuación dunha recta de varias formas, en función dos datos coñecidos (CMCCT)
- MAC B3.3.5. Recoñece distintas expresións da ecuación dunha recta e utilízalas no estudo analítico das condicións de incidencia, paralelismo e perpendicularidade. (CMCCT)
- MAC B3.3.6. Utiliza recursos tecnolóxicos interactivos para crear figuras xeométricas e observar as súas propiedades e as súas características. (CMCCT, CD)

BLOQUE 4: Funcións

- MACB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que poden ser descritas mediante unha relación funcional, e asocia as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas. (CMCCT)
- MACB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso. (CMCCT)
- MACB4.1.3. Identifica, estima ou calcula parámetros característicos de funcións elementais. (CMCCT)
- MACB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno a partir do comportamento dunha gráfica ou dos valores dunha táboa. (CMCCT)

- MACB4.1.5. Analiza o crecemento ou decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica. (CMCCT)
- MACB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos e exponenciais e logarítmicas. (CMCCT)
- MACB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais. (CMCCT)
- MACB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos utilizando eixes e unidades axeitadas. (CMCCT)
- MACB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica sinalando os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan utilizando tanto lapis e papel como medios tecnolóxicos. (CMCCT)
- MACB4.2.4. Relaciona distintas táboas de valores, e as súas gráficas correspondentes. (CMCCT)

BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

- MACB5.1.1. Aplica en problemas contextualizados os conceptos de variación, permutación e combinación. (CMCCT)
- MACB5.1.2. Identifica e describe situacións e fenómenos de carácter aleatorio, utilizando a terminoloxía axeitada para describir sucesos. (CMCCT)
- MACB5.1.3. Aplica técnicas de cálculo de probabilidades na resolución de situacións e problemas da vida cotiá. (CMCCT)
- MACB5.1.4. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións. (CMCCT)
- MACB5.1.6. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas. (CCEC)
- MACB5.2.1. Aplica a regra de Laplace e utiliza estratexias de reconto sinxelas e técnicas combinatorias. (CMCCT)
- MACB5.2.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos utilizando, especialmente, os diagramas de árbore ou as táboas de continxencia. (CMCCT)
- MACB5.2.3. Resolve problemas sinxelos asociados á probabilidade condicionada. (CMCCT)
- MACB5.2.4. Analiza matematicamente algún xogo de azar sinxelo, comprendendo as súas regras e calculando as probabilidades adecuadas. (CMCCT)
- MACB5.3.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir, cuantificar e analizar situacións relacionadas co azar. (CCL)
- MACB5.4.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos estatísticos. (CSIEE)
- MACB5.4.2. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, para extraer informacións e elaborar conclusións. (CMCCT)

- MACB5.4.3. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos dunha distribución de datos utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador). (CMCCT)
- MACB5.4.4. Selecciona unha mostra aleatoria e valora a representatividade de mostras pequenas. (CMCCT)
- MACB5.4.5. Representa diagramas de dispersión e interpreta a relación entre as variables. (CMCCT)

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Para o BLOQUE 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas o grao mínimo de consecución coincide cós estándares de aprendizaxe referidos nese bloque.

BLOQUES 2, 3, 4 e 5:

- É quen de distinguir o conxunto ou conxuntos aos que pertencen distintos números racionais e irracionais.
- Emprega números reais e as súas operacións para resolver problemas da vida cotiá reflexionando sobre a corrección da solución obtida.
- É capaz de identificar e utiliza-los distintos tipos de números reais, elixindo para un determinado tipo de problema o método de cálculo adecuado (mental, manual ou con calculadora), dando significado ás operacións, procedementos e resultados obtidos, de acordo co enunciado
- Estima, calcula e simplifica correctamente expresións numéricas racionais aplicando correctamente as regras de prioridade, e facendo un uso adecuado dos signos e parénteses.
- Calcula e simplifica expresións con potencias e radicais empregando correctamente as propiedades das potencias e radicais. Racionalizar expresións con radicais no denominador.
- É quen de aplicar correctamente a xerarquía das operacións ao calcular o valor de expresións numéricas, utilizando a calculadora cando sexa necesario.
- Traballa con números aproximados axustando o erro cometido, en contextos reais, e reflexionando sobre a corrección dos resultados obtidos
- Expresa un radical como potencia e viceversa. Coñece as propiedades dos radicais e é quen de utilizalas para resolver operacións sinxelas.
- É capaz de resolver problemas relacionados coas porcentaxes e o cálculo de intereses utilizando a calculadora cando sexa necesario.
- Comprende o concepto de logaritmo, coñece as súas propiedades e é quen de aplicarlas correctamente.
- Ordena e representa os números racionais e irracionais na recta real utilizando os intervalos e semirectas.
- É quen de empregar números reais e as súas operacións para resolver problemas da vida cotiá e analiza a coherencia da solución.

- Utiliza a semellanza e a relación entre áreas e volumes de figuras e corpos semellantes para calcular distancias, áreas e volumes.
- Calcula medidas e distancias partindo de planos e mapas de escala coñecida.
- É quen de calcular a razón de semellanza.
- É quen de achar datos descoñecidos de relacións de proporcionalidade a partir do teorema de Tales.
- Coñece e aplica correctamente os criterios de semellanza de triángulos rectángulos. Emprega correctamente as relacións do Teorema do cateto e da altura.
- Deduce correctamente a relación de áreas de figuras semellantes coa razón de semellanza.
- É quen de aplicar os criterios de semellanza de triángulos.
- Utiliza correctamente as fórmulas para calcular áreas e volumes de triángulos, cuadriláteros, círculos, paralelepípedos, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaa para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades apropiadas.
- Coñece as razóns trigonométricas (seno, coseno e tanxente), utiliza as funcións trigonométricas da calculadora e é quen de calcular unhas coñecendo outras utilizando as relacións fundamentais entre elas.
- É quen de resolver triángulos utilizando as razóns trigonométricas e as súas relacións, e aplícaa á resolución de problemas en situacións reais.
- É quen de achar as razóns trigonométricas dun triángulo rectángulo.
- Utiliza as relacións fundamentais para calcular as razóns trigonométricas, coñecida unha delas.
- Calcula as razóns trigonométricas dun ángulo de xiro.
- Coñece e emprega con corrección as razóns trigonométricas de 0° , 30° , 45° , 60° , 90° .
- Coñece e aplica con corrección a redución de ángulos ó primeiro cuadrante.
- É quen de utilizar as razóns trigonométricas para resolver problemas de contexto real.
- Coñece os vectores no plano, e realiza con corrección operacións elementais con eles e a súa expresión en coordenadas.
- Calcula a distancia entre dous puntos e o módulo dun vector.
- Calcula e interpreta a pendente dunha recta de diferentes formas en función dos datos coñecidos.
- É capaz de calcular a ecuación vectorial, paramétrica, continua, explícita e punto-pendente dunha recta.
- Estuda a posición relativa de dúas rectas no plano.

- Manexa gráfica e analiticamente (mediante coordenadas) as operacións de vectores (Suma, diferenza e produto de un número por un vector).
- Calcula o punto medio dun segmento e o simétrico dun punto respecto a outro.
- É quen de identificar a ecuación dunha recta e saber pasar dunha expresión da recta a outra.
- Resolve problemas de incidencia (¿pertence un punto a unha recta?), intersección (punto de corte de dúas rectas), paralelismo e perpendicularidade.
- É capaz de expresarse con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica.
- É quen de factorizar polinomios mediante o uso combinado da regra de Ruffini, ecuación de segundo grao, identidades notables e extracción do factor común.
- Coñece e aplica os teoremas do resto.
- Calcula as raíces dun polinomio mediante a regra de Ruffini, sacando factor común, mediante as identidades notables ou a ecuación de segundo grao.
- Realiza operacións con fraccións alxébricas sinxelas.
- Opera con polinomios nunha variable (suma, resta, multiplicación e división).
- É quen de simplificar expresións nas que se realicen operacións combinadas con fraccións alxébricas.
- Coñece as identidades notables e utilízalas para simplificar fraccións alxébricas.
- É quen de desenvolver a potencia dun binomio aplicando a expresión do Binomio de Newton e mediante o cálculo dos coeficientes polo triángulo de Tartaglia.
- É capaz de representar unha situación da vida cotiá alxebricamente mediante ecuacións, inecuacións ou sistemas.
- Fai uso da descomposición factorial para a resolución de ecuacións de grao superior a 2.
- Resolve ecuacións bicadradas, con radicais, exponenciais e logarítmicas sinxelas que teñen como referente situacións da vida real e interpreta os resultados obtidos.
- Resolve sistemas lineais e non lineais que teñen como referente situacións da vida real e interpreta os resultados obtidos.
- Resolve gráfica e analiticamente inecuacións de primeiro e segundo grao que teñen como referente situacións da vida real e interpretando graficamente os resultados obtidos.
- É capaz de asociar expresións analíticas coas súas gráficas correspondentes.
- Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso.

- É quen de identificar e calcular parámetros característicos de funcións elementais.
- Interpreta gráficas e táboas en contextos reais, extraendo conclusións a partir delas.
- Acha o dominio dunha función dada mediante a súa ecuación ou mediante unha gráfica.
- É quen de identificar funcións continuas – discontinuas, crecentes – decrecentes, simétricas – non simétricas.
- Identifica os máximos e mínimos dunha función.
- Acha os puntos de corte dunha función cos eixes.
- É capaz de representar funcións cuadráticas, calculando o vértice e os puntos de corte cos eixos.
- É quen de resolver problemas sobre funcións cuadráticas, potenciais e exponenciais sinxelas.
- Representar funcións exponenciais e coñecer as súas características.
- Analiza o crecemento ou decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media calculada nun intervalo dado.
- Resolve exercicios e problemas, relativos a situacións reais próximas, que respondan a relacións funcionais sinxelas (lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos, exponenciais e logarítmicas).
- Representa as funcións elementais (lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos, exponenciais e logarítmicas) utilizando eixes e unidades axeitadas.
- Acha o dominio dunha función de proporcionalidade inversa, calcular a súa tendencia, achar as súas asíntotas e representar a función.
- Describe as características xerais dunha función (dominio, continuidade, crecemento, extremos, periodicidade...) sinalando os valores puntuais e usando os intervalos.
- Relaciona distintas táboas de valores, e as súas gráficas correspondentes.
- Aplica en problemas contextualizados os conceptos de variación, permutación e combinación, e as súas fórmulas correspondentes.
- Utiliza o vocabulario axeitado en contextos probabilísticos.
- Aplica técnicas de cálculo de probabilidades na resolución de situacións e problemas da vida cotiá.
- Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.

- É quen de empregar a regra de Laplace para asignar probabilidades a sucesos en experimentos aleatorios; utiliza diferentes estratexias para enumerar os sucesos elementais (técnicas de reconto e combinatorias).
- Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos utilizando, cando sexa preciso, os diagramas de árbore ou as táboas de continxencia.
- É capaz de resolver problemas sinxelos asociados á probabilidade condicionada.
- É capaz de analizar matematicamente algún xogo de azar sinxelo, comprendendo as súas regras e calculando as probabilidades adecuadas.
- Utiliza o vocabulario axeitado para describir situacións relacionadas co azar.
- Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.
- É capaz de interpretar criticamente datos de táboas e gráficos estatísticos.
- É quen de construír táboas e gráficos estatísticos, elixindo os máis axeitados en función do tipo de datos, utilizando medios tecnolóxicos cando sexa necesario.
- Calcula e interpreta os parámetros de centralización, dispersión ou posición dunha distribución de datos utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador).
- É quen de representar diagramas de dispersión e interpreta a relación entre as variables.
- É quen de identificar sucesos compatibles, incompatibles, contrarios, seguros e imposibles.
- É quen de calcular a probabilidade de sucesos compostos sinxelos utilizando, especialmente, os diagramas de árbore ou as táboas de continxencia.

Instrumentos de avaliación 4º ESO:

En xeral serán:

- Probas escritas.
- Observación do traballo diario do alumno: realización das tarefas na clase e na casa, preguntas orais e explicación dos exercicios feitos.
- Proxectos: realización e exposición de traballos.
- Rúbricas de avaliación.
- Entrega de tarefas escritas realizadas na aula de xeito individual, coa axuda do libro de texto e dos seus apuntes (fichas de exercicios e problemas).
- Probas telemáticas orais e escritas: cuestionarios online a través da Aula Virtual reforzados con imaxes do procedemento, entrega de tarefas a través da Aula Virtual reforzadas por preguntas orais, exposicións de traballos empregando vídeos ou oralmente a través de videoconferencia, probas orais ou escritas por videoconferencia. Estas probas están detalladas no apartado Procedementos de Avaliación de cada curso en Situación Non Presencial ou Semipresencial.
- Caderno do profesor.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A LOMCE incorpora os seguintes elementos transversais que se abordarán ao longo do desenvolvemento da materia durante o curso:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza,

a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- A participación en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- A educación e a seguridade viaria, promovendo accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Nas Matemáticas os temas transversais poden considerarse elementos motivadores xa que permiten traballar os contidos matemáticos dunha forma novidosa, ao serviren como fonte de utilización de diferentes contextos que proporcionan significados novos aos contidos que se están traballando.

A comprensión lectora trabállase constantemente en todas as unidades pola obriga de ler e comprender os enunciados dos problemas para resolvelos. Participamos tamén na actividade semanal Hora de Ler na ESO.

A expresión oral terase sempre presente pola esixencia de que os alumnos/as expresen correctamente os razoamentos empregados na resolución de tarefas ou, de ser o caso na exposición oral dun traballo.

A correcta expresión escrita promóvese cando se lle solicita ós alumnos/as a xustificación escrita do razoamento empregado tanto na súa libreta como nas probas escritas.

Empregaranse as novas tecnoloxías para resolver actividades interactivas, buscar información ou como ferramenta para a presentación de traballos. Tamén como ferramenta motivadora, polo impacto estético visual que se pode acadar, para introducir temas nos que a imaxe xogue un papel importante. En calquera caso empregárase material audiovisual oportuno en calquera unidade cando este se poida considerar atractivo, e polo tanto motivador, pola súa facilidade de comunicación ou pola efectividade na presentación

Fomentárase o emprendemento en calquera punto da materia, pedindo ós alumnos que investiguen sobre un aspecto puntual de interese, ou afonden por eles mesmos na resolución dalgunha dúbida que lles puidera surxir. Foméntase así a iniciativa persoal, a independencia á hora de resolver problemas.

Fomentárase a creatividade dando marxe para a introdución de aspectos persoais novidosos na resolución ou na presentación de distintas actividades, sempre, claro está, que sexan correctas e respectuosas. Todo isto sen que perdan de vista que o rigor da formalización da linguaxe matemática é unha cualidade necesaria para a comprensión universal dos textos científicos.

Por exemplo, a educación vial facilítase ao educar o sentido espacial, fundamentalmente a través do estudo da xeometría (o manexo de coordenadas, planos e mapas contribúe a este obxectivo).

A educación cívica e constitucional trabállase dende o fomento das actitudes de rigor, sentido crítico, orde e precisión, necesarias no traballo das Matemáticas e para a súa formación humana.

Terase en conta á hora de dividir a clase en grupos ou equipos, e na redacción dos enunciados dos problemas, o principio de igualdade entre homes e mulleres. Promoverase o coñecemento de figuras claves no mundo científico, homes e mulleres que contribuíron ao desenvolvemento das ciencias en xeral e, en particular, das Matemáticas.

Fomentárase a resolución pacífica de conflitos, tendo como exemplo a seguir a resolución de problemas no mundo das ciencias, e concretamente das Matemáticas. Poñendo en valor o esforzo e as contribucións positivas e de colaboración fronte a condutas prexudiciais para a convivencia.

A maiores do exposto, en todas as unidades do libro de texto, para traballar os contidos transversais dispoñemos de varias actividades nas que se traballan contidos transversais en problemas novidosos, directamente relacionados coa realidade próxima e actual.


ANEXO:

MODELO DE PROBA ESCRITA PARA A AVALIACIÓN INICIAL

MODELO DE PROBA ESCRITA PARA A AVALIACIÓN INICIAL

DESTREZAS BÁSICAS EN MATEMÁTICAS

Pregunta 1.- La proporción entre el área coloreada y el área total de ese cuadrado, puede expresarse mediante la fracción:



- A. $\frac{7}{8}$
- B. $\frac{3}{4}$
- C. $\frac{5}{8}$
- D. $\frac{2}{3}$

Destrezas matemáticas que mide:

- A.1. Usar los distintos tipos de números en diferentes contextos.
- A.3. Calcular y estimar con fracciones, decimales y porcentajes.
- C.1. Identificar y clasificar figuras y cuerpos geométricos.
- G. Utilizar distintas formas de lenguaje matemático (numérico, simbólico, gráfico, geométrico, etc.)
- H. Razonar matemáticamente.

Pregunta 2.- Calcula el resultado de la siguiente operación:

$$(5 - 3)^2 - 4 \cdot \left(-2 + \frac{1}{2} : \frac{2}{3} \right)$$

- A. 25
- B. 9
- C. $\frac{0}{8}$
- D. $\frac{10}{4}$

Destrezas matemáticas que mide:


- A.1. Usar los distintos tipos de números en diferentes contextos.
- A.2. Interpretar y ejecutar correctamente las operaciones. Jerarquía y prioridad.
- A.3. Calcular y estimar con fracciones, decimales y porcentajes.
- A.4. Conocer y aplicar las potencias y sus reglas operatorias.
- G. Utilizar distintas formas de lenguaje matemático (numérico, simbólico, gráfico, geométrico, etc.)

Pregunta 3.-

Los padres de Ana tienen una finca rectangular de 200 m de largo por 150 m de ancho.

a) Si quisieran vallar toda la finca, ¿cuántos rollos de alambre metálico, de 35 m cada rollo, necesitarían?

- A. 10
- B. 15
- C. 20
- D. 30



3ª.- Destrezas matemáticas que mide:

- A.1. Usar los distintos tipos de números en diferentes contextos.
- B.2. Interpretar y manejar fórmulas.
- C.1. Identificar y clasificar figuras y cuerpos geométricos.
- C.2. Reconocer y describir elementos y propiedades características de las figuras planas y los cuerpos elementales.
- D.4. Calcular longitudes, áreas y volúmenes aplicando las fórmulas usuales.
- H. Razonar matemáticamente.
- I. Resolver problemas.

Dentro de la finca desean colocar una piscina, de forma rectangular triple de larga que de ancha, con una superficie de 108 m^2 y una profundidad de 2 m. y medio.

b) ¿Cuáles son las dimensiones, ancho y largo, de la piscina?

3b.- Destrezas matemáticas que mide:

- A.1. Usar los distintos tipos de números en diferentes contextos.
- B.1. Expresar simbólicamente enunciados verbales, propiedades, relaciones y regularidades.
- B.2. Interpretar y manejar fórmulas.
- B.3. Operar con polinomios y otras expresiones algebraicas sencillas.
- B.4. Transformar y simplificar expresiones algebraicas sencillas.
- B.5. Plantear y resolver ecuaciones con una incógnita.
- C.2. Reconocer y describir elementos y propiedades características de las figuras planas y los cuerpos elementales.
- C.3. Representar figuras geométricas en el plano y en el espacio.
- C.6. Identificar la semejanza de figuras y cuerpos en general. Determinar la razón de semejanza.

- D.1. Conocer el sistema métrico decimal.
- D.3. Expresar correctamente el resultado de las medidas.
- D.4. Calcular longitudes, áreas y volúmenes aplicando las fórmulas usuales.
- D.5. Obtener indirectamente medidas aplicando relaciones métricas conocidas.
- G. Utilizar distintas formas de lenguaje matemático (numérico, simbólico, gráfico, geométrico, etc.)
- H. Razonar matemáticamente.
- I. Resolver problemas.

c) ¿Cuántos litros de agua son necesarios para llenar la piscina? (Cuidado con las unidades)


- A. 270.000
- B. 180.000
- C. 350.000
- D. 270

3c.-Destrezas matemáticas que mide:

- A.1. Usar los distintos tipos de números en diferentes contextos.
- B.2. Interpretar y manejar fórmulas.
- D.1. Conocer el sistema métrico decimal.
- D.2. Transformar unas unidades en otras.
- D.4. Calcular longitudes, áreas y volúmenes aplicando las fórmulas usuales.
- H. Razonar matemáticamente.
- I. Resolver problemas.

Pregunta 4.-

Esta gráfica muestra la evolución de la audiencia de radio en España en un día del año. El porcentaje se refiere a toda la población española mayor de 14 años.



a) ¿Entre qué horas se realiza la medida?

4a.-Destrezas matemáticas que mide:

E.2. Interpretar la información recogida en una gráfica para analizar y describir el fenómeno o situación que representa.

G. Utilizar distintas formas de lenguaje matemático (numérico, simbólico, gráfico, geométrico, etc.)

b) ¿Cuál es el máximo porcentaje?

¿A qué hora se alcanza?

4b.-Destrezas matemáticas que mide:

E.1. Conocer las características básicas de las funciones sencillas (constante, lineal, afín,...) a través de su gráfica o expresión algebraica.

E.2. Interpretar la información recogida en una gráfica para analizar y describir el fenómeno o situación que representa.

G. Utilizar distintas formas de lenguaje matemático (numérico, simbólico, gráfico, geométrico, etc.)

c) ¿Cuál es el porcentaje de oyentes a las 14 h.?

4c.-Destrezas matemáticas que mide:

E.2. Interpretar la información recogida en una gráfica para analizar y describir el fenómeno o situación que representa.

G. Utilizar distintas formas de lenguaje matemático (numérico, simbólico, gráfico, geométrico, etc.)

Pregunta 5.-

El peso de un paramecio es $0,73 \cdot 10^{-6}$ gramos, mientras que el peso de un elefante es de 2920 Kilogramos. ¿Cuántos paramecios han de juntarse para conseguir el peso de un elefante? (Cuidado con las unidades)



- A. 4.000
- B. $4 \cdot 10^{12}$
- C. 400.000.000
- D. $4 \cdot 10^9$

Destrezas matemáticas que mide:

A.1. Usar los distintos tipos de números en diferentes contextos.

A.2. Interpretar y ejecutar correctamente las operaciones. Jerarquía y prioridad.

A.3. Calcular y estimar con fracciones, decimales y porcentajes.

A.4. Conocer y aplicar las potencias y sus reglas operatorias.

D.1. Conocer el sistema métrico decimal.


D.2. Transformar unas unidades en otras.

D.3. Expresar correctamente el resultado de las medidas.

H. Razonar matemáticamente.

I. Resolver problemas.


Pregunta 6.- El precio de una entrada de circo es de 10 € para un adulto y 4 € para un niño. Ayer asistieron al circo 275 personas entre adultos y niños y la recaudación fue de 1.550 €. Averigua cuántos adultos y niños había.



Destrezas matemáticas que mide:

- B.1. Expresar simbólicamente enunciados verbales, propiedades, relaciones y regularidades.
- B.3. Operar con polinomios y otras expresiones algebraicas sencillas.
- B.6. Plantear y resolver sistemas de ecuaciones lineales 2x2.
- G. Utilizar distintas formas de lenguaje matemático (numérico, simbólico, gráfico, geométrico, etc.)
- H. Razonar matemáticamente.
- I. Resolver problemas.

Pregunta 7.- Si alguien entra en el laberinto de la figura por E y avanza tomando siempre al azar un camino entre los posibles que se le presentan, ¿qué probabilidad tiene de acabar en A?




- A. $\frac{2}{3}$
- B. $\frac{4}{3}$
- C. $\frac{5}{6}$
- D. $\frac{2}{6}$

Destrezas matemáticas que mide:

- B.2. Interpretar y manejar fórmulas.
- F.3. Calcular la probabilidad de un suceso aplicando la regla de Laplace utilizando técnicas de recuento sencillas.
- F.4. Asignar probabilidades en experimentos compuestos utilizando tablas de contingencia o diagramas en árbol.
- H. Razonar matemáticamente.
- I. Resolver problemas.

Pregunta 8.- En un centro comercial el precio de un televisor LCD de 32 pulgadas es de 775 €. y a lo largo de un mes sufre las siguientes modificaciones: una subida del 5 % y posteriormente una rebaja del 20 %.



- a) ¿Cuál sería su precio final?
- A. 620 €
 - B. 651 €
 - C. 790 €
 - D. 930 €

8a.-Destrezas matemáticas que mide:

- A.1. Usar los distintos tipos de números en diferentes contextos.
- A.3. Calcular y estimar con fracciones, decimales y porcentajes.
- H. Razonar matemáticamente.
- I. Resolver problemas.

b) Si esa tienda ha pagado por ese televisor 870 dólares y actualmente 1 euro se cambia por 1,45 dólares. ¿Cuántos euros habrá ganado el comercio por la venta de ese televisor teniendo en cuenta el precio final hallado en el apartado anterior?

- A. 51€
- B. 70 €
- C. 95 €
- D. 330 €

8b.-Destrezas matemáticas que mide:

- A.1. Usar los distintos tipos de números en diferentes contextos.
- A.3. Calcular y estimar con fracciones, decimales y porcentajes.
- B.2. Interpretar y manejar fórmulas.
- D.2. Transformar unas unidades en otras.
- H. Razonar matemáticamente.
- I. Resolver problemas.

c) Los televisores se clasifican por la longitud de la diagonal de la pantalla medida en pulgadas("). Una pulgada equivale a 25,4 mm. ¿Cuánto medirá , aproximadamente, la altura de ese televisor de 32", si la base mide 700 mm?. Expresa el resultado en cm.

- A. 32 cm.
- B. 40,3 cm.
- C. 41,3 cm.
- D. 65,23 cm..

8c.-Destrezas matemáticas que mide:

- A.1. Usar los distintos tipos de números en diferentes contextos.
- A.3. Calcular y estimar con fracciones, decimales y porcentajes.
- B.2. Interpretar y manejar fórmulas.
- B.5. Plantear y resolver ecuaciones con una incógnita.
- C.2. Reconocer y describir elementos y propiedades características de las figuras planas y los cuerpos elementales.
- C.3. Representar figuras geométricas en el plano y en el espacio.
- C.4. Conocer el Teorema de Pitágoras y otras relaciones métricas en los triángulos.
- C.5. Resolver triángulos rectángulos.
- D.2. Transformar unas unidades en otras.
- D.3. Expresar correctamente el resultado de las medidas.
- D.4. Calcular longitudes, áreas y volúmenes aplicando las fórmulas usuales.
- D.5. Obtener indirectamente medidas aplicando relaciones métricas conocidas.
- H. Razonar matemáticamente.
- I. Resolver problemas.

Pregunta 9.- Un entrevistador preguntó a 100 familias por el número de mascotas que hay en su hogar, pero se le olvidó anotar algún dato en la siguiente tabla. Completa dicha tabla y calcula la media del n° de mascotas en esas 100 familias.

Nº de Mascotas x_i	0	1	2	3	4
Nº de Familias f_i	15	30			10
Frecuencia Relativa F_i	0,15	0,30		0,25	0,10

- A. 2
- B. 1,75
- C. 2,5
- D. 1,85

Destrezas matemáticas que mide:

- A.1. Usar los distintos tipos de números en diferentes contextos.
- F.1. Construir tablas de frecuencias.
- F.2. Calcular e interpretar parámetros estadísticos elementales.
- I. Resolver problemas.

Pregunta 10.- La siguiente fórmula se aplica a un cuerpo que realiza un movimiento rectilíneo con una aceleración constante a . El cuerpo está inicialmente en la posición x_0 y tiene una velocidad inicial v_0 . Pasado un tiempo, su posición es x y su velocidad es v . Despeja v en esa expresión.

$$\frac{v^2 - v_0^2}{2a} = x - x_0$$

- A. $v = 2ax - x_0 + v_0^2$
- B. $v = +\sqrt{\frac{x - x_0 + v_0^2}{2a}}$
- C. $v = +\sqrt{(x - x_0) \cdot 2a - v_0^2}$
- D. $v = +\sqrt{2ax - 2ax_0 + v_0^2}$

Destrezas matemáticas que mide:

- B.2. Interpretar y manejar fórmulas.
- B.3. Operar con polinomios y otras expresiones algebraicas sencillas.
- B.4. Transformar y simplificar expresiones algebraicas sencillas.
- G. Utilizar distintas formas de lenguaje matemático (numérico, simbólico, gráfico, geométrico, etc.)
- H. Razonar matemáticamente.

MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS APLICADAS

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas

Introdución

A materia de Matemáticas contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia clave matemática e en ciencia e tecnoloxía, recoñecida pola Unión Europea. Esta competencia consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. En concreto, abrangue os aspectos e as facetas seguintes: pensar, modelar e razoar de xeito matemático; formular e resolver problemas; representar entidades matemáticas; utilizar os símbolos matemáticos; comunicarse coas matemáticas e sobre elas; e utilizar axudas e ferramentas tecnolóxicas. Por outra banda, o pensamento matemático axuda á adquisición do resto de competencias e contribúe á formación intelectual do alumnado, o que permitirá que se desenvolva mellor tanto no ámbito persoal como no social.

A resolución de problemas e os proxectos de investigación constitúen os eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas. Unha das capacidades esenciais que se desenvolven coa actividade matemática é a habilidade de formular, propor, interpretar e resolver problemas. Neste proceso de resolución e investigación están involucradas moitas outras competencias, ademais da matemática, como é o caso da comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema e á comprobación da solución; a competencia de aprender a aprender, ao proporcionar estratexias de planificación e análise que axudan na resolución de problemas, así como actitudes de curiosidade e hábitos de formularse preguntas; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes solucións; e a competencia en conciencia e expresións culturais, debido á necesidade de coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais relacionadas co coñecemento matemático e científico.

O alumnado que curse esta materia afondará no desenvolvemento das habilidades de pensamento matemático; concretamente na capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar matematicamente diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Tamén debe valorar as posibilidades de aplicación práctica do coñecemento matemático tanto para o enriquecemento persoal como para a valoración do seu papel no progreso da humanidade.

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas parte do currículo de Matemáticas de primeiro e de segundo de ESO, e dálle á materia un enfoque práctico dirixido a proporcionar recursos e competencias que permitan ao alumnado continuar estudos de formación profesional.

É importante que no desenvolvemento do currículo desta materia os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados, polo que os estándares de aprendizaxe se formularon tendo en conta a imprescindible relación entre os referidos elementos. Todo iso xustifica que se organice en torno aos seguintes bloques para os cursos de terceiro e cuarto de ESO, fortalecendo tanto os aspectos teóricos como as aplicacións prácticas en contextos reais: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álgebra", "Xeometría", "Funcións" e "Estatística e probabilidade".

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común para toda a ESO e debe desenvolverse de xeito transversal e simultaneamente ao resto de bloques, constituíndo o fío condutor da materia. Artículase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: resolución de problemas, proxectos de

investigación matemática para realizar de xeito individual ou en grupo, matematización e modelización, actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico e utilización de medios tecnolóxicos. Incorporouse a este bloque a maioría das competencias clave e dos temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento ao longo de toda a materia.

4º E.S.O.

Matemáticas Orientadas Ás Ensinanzas Aplicadas

- **OBXECTIVOS**
 - **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
 - **SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN.**
 - **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
 - **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE ÁS QUE CONTRIBÚEN.**
 - **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**
 - **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**
 - **ELEMENTOS TRANSVERSAIS**
-
- **ANEXO**

Obxectivos

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.





CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE (4º ESO MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS)
















As competencias clave do currículo son as seguintes:



- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Tódalas áreas ou materias do currículo deben participar, dende o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. (Orde ECD/65/2015 artigo 5.3, BOE 29-01- 2015).

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, pero salientamos deseguido os estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais das outras competencias claves do currículo:

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
CCL	<p> MAPB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</p> <p>- MAPB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).</p> <p> MAPB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).</p> <p> MAPB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p> <p>- MAPB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</p> <p>- MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situación relacionadas co azar e a estatística.</p>
CD	<p> MAPB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</p>

CD	<p> MAPB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p> <p> MAPB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.</p> <p> MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</p>
CAA	<p> MAPB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.</p> <p> MAPB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.</p> <p>  MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións</p> <p> MAPB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.</p> <p> MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.</p> <p> MAPB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.</p>
CSC	<p> MAPB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</p> <p> MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.</p> <p> MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).</p> <p> MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</p> <p> MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</p>
CSIEE	<p>- MAPB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.</p>

	<p>- MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).</p> <p>- MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</p> <p> MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</p> <p>. MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</p>
CCEC	<p> MAPB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.</p>

Os estándares mencionados pertencen ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A súa incorporación dentro dos outros bloques, permitirá a adquisición das competencias clave e garantirá a inclusión de temas interdisciplinares e transversais.

A contribución ao desenvolvemento das competencias clave de cada un dos estándares dos distintos bloques da materia figura no apartado desta programación **Estándares de Aprendizaxe**. Fundamentalmente contribúen á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

En consecuencia, para o axeitado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, o álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas:

– A cantidade: esta noción incorpora a cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo, interpretando distintas representacións de todas elas e xulgando interpretacións e argumentos. Participar na cuantificación do mundo supón comprender as medicións, os cálculos, as magnitudes, as unidades, os indicadores, o tamaño relativo e as tendencias e patróns numéricos.

– O espazo e a forma: inclúen unha ampla gama de fenómenos que se atopan no noso mundo visual e físico: patróns, propiedades dos obxectos, posicións, direccións e representacións deles; decodificación e codificación de información visual, así como navegación e interacción dinámica con formas reais, ou con representacións. A competencia matemática neste sentido inclúe unha serie de actividades como a comprensión da perspectiva, a elaboración e lectura de mapas, a transformación das formas con e sen tecnoloxía, a interpretación de vistas de escenas tridimensionais dende distintas perspectivas e a construción de representacións de formas.

– O cambio e as relacións: o mundo desprega multitude de relacións temporais e permanentes entre os obxectos e as circunstancias, onde os cambios prodúcense dentro de sistemas de obxectos interrelacionados. Ter máis coñecementos sobre o cambio e as relacións supón comprender os tipos fundamentais de cambio e cando teñen lugar, co fin de utilizar modelos matemáticos axeitados para describilo e predicilo.

– A incerteza e os datos: son un fenómeno central do análise matemático presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas no que resulta clave a presentación e interpretación de datos. Esta categoría inclúe o recoñecemento do lugar da variación nos procesos, a posesión dun sentido de cuantificación desa variación, a admisión de incerteza e erro nas medicións os coñecementos sobre o azar. Asimesmo, comprende a elaboración, interpretación e valoración das conclusións extraídas en situacións onde a incerteza e os datos son fundamentais.

SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN

Organizamos os contidos deste curso en nove unidades didácticas seguindo a numeración do libro de texto.

1ª AVALIACIÓN (9set-1dec; 45 sesións aprox.)

UNIDADE 1. Números racionais e irracionais (12 sesións)

UNIDADE 2. Proporcionalidade numérica (12 sesións)

UNIDADE 3. Polinomios (15 sesións)

UNIDADE 4. Ecuacións e sistemas (1ª parte) (6 sesións)

2ª AVALIACIÓN (2dec-8 marzo; 41 sesións aprox.)

UNIDADE 4. Ecuacións e sistemas (17 sesións)

UNIDADE 5. Perímetros, áreas e volumes (15 sesións)

UNIDADE 6. Semellanza. Aplicacións (9 sesións)

3ª AVALIACIÓN (9marzo-7xuño; 46 sesións aprox.)

UNIDADE 7. Funcións (14 sesións)

UNIDADE 8. Gráfica dunha función (15 sesións)

UNIDADE 9. Estatística e Probabilidade (17 sesións)

As sesións dos días lectivos comprendidos entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria, dedicaranse ao reforzo xeral da materia impartida durante todo o curso.

Na seguinte táboa, xunto cos contidos, indícase o bloque ao que pertencen, correspondente aos que se sinalan no currículo da educación secundaria (Decreto 86/2015 de 25 de xuño, DOG 29-06-2015). Secuencianse os contidos do curso e relaciónanse coas nove unidades didácticas do libro de texto.

CONTIDOS	UNIDADES
BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA	
B2.1. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais.	1
B2.2. Diferenciación de números racionais e irracionais. Expresión decimal e representación na recta real.	1
B2.3. Xerarquía das operacións.	1-2-3-4
B2.4. Interpretación e utilización dos números reais e as operacións en diferentes contextos, elixindo a notación e precisión máis axeitadas en cada caso.	1-3
B2.5. Utilización da calculadora e ferramentas informáticas para realizar operacións con calquera tipo de expresión numérica. Cálculos aproximados.	1
B2.6. Intervalos. Significado e diferentes formas de expresión.	1
B2.7. Proporcionalidade directa e inversa. Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá.	2
B2.8. Porcentaxes na economía. Aumentos e diminucións porcentuais. Porcentaxes sucesivas. Interese simple e composto.	2
B2.9. Polinomios: raíces e factorización. Utilización de identidades notables.	3
B2.10. Resolución de ecuacións e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas.	4
B2.11. Resolución de problemas cotiáns mediante ecuacións e sistemas	4
BLOQUE 3: XEOMETRÍA	
B3.1. Figuras semellantes.	6

B3.2. Teoremas de Tales e Pitágoras. Aplicación da semellanza para a obtención indirecta de medidas.	5-6
B3.3. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de figuras e corpos semellantes	5-6
B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos.	5-6
B3.5. Uso de aplicacións informáticas de xeometría dinámica que facilite a comprensión de conceptos e propiedades xeométricas	5-6
BLOQUE 4: FUNCIONS	
B4.1. Interpretación dun fenómeno descrito mediante un enunciado, unha táboa, unha gráfica ou unha expresión analítica.	7-8
B4.2. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa e exponencial. Descrición das súas características, usando a linguaxe matemática apropiada. Aplicación en contextos reais.	7-8
B4.3. Taxa de variación media como medida da variación dunha función nun intervalo.	7-8
B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.	7-8
BLOQUE 5: ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	
B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	9
B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión.	9
B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión.	9
B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á correlación.	9
B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio.	9
B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a Regra de Laplace.	9

B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore.	9
B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos.	9

Deseguido, enuméranse os contidos correspondentes ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A incorporación dos contidos deste bloque dentro dos outros bloques, será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación.

UNIDADES	BLOQUE 1: PROCESOS MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	TEMPORALIZACIÓN
1 a 9	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	Todo o curso
1 a 9	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.	Todo o curso
1 a 9	B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	Todo o curso
1 a 9	B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	Todo o curso
1 a 9	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	Todo o curso
1 a 9	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	Todo o curso

1 a 9	<p>B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recollida ordenada e organización de datos. - Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. - Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. - Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. - Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. - Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. 	Todo o curso
-------	---	--------------

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- B1.1.1. Expresar verbalmente e de xeito razoado o proceso seguido na resolución dun problema.
- B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.
- B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.
- B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, os resultados e as conclusións obtidas nos procesos de investigación.
- B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.
- B1.7. Valorar a modelización matemática comoun recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.
- B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.

- B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.
- B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras.
- B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.
- B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.

BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA

- B2.1. Coñecer e utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades e aproximacións, para resolver problemas relacionados coa vida diaria e outras materias do ámbito educativo, recollendo, transformando e intercambiando información.
- B2.2. Utilizar con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.
- B2.3. Representar e analizar situacións e estruturas matemáticas, utilizando ecuacións de distintos tipos para resolver problemas.

BLOQUE 3: XEOMETRÍA

- B3.1. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuados, e aplicando a unidade de medida máis acorde coa situación descrita.
- B3.2. Utilizar aplicacións informáticas de xeometría dinámica, representando corpos xeométricos e comprobando, mediante interacción con ela, propiedades xeométricas.

BLOQUE 4: FUNCIONES

- B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica, de datos numéricos ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.
- B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais, obtendo información sobre o seu comportamento, a súa evolución e os posibles resultados finais.

BLOQUE 5: ESTATÍSTICA

- B5.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).
- B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.
- B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE ÁS QUE CONTRIBÚEN.

Estándares que corresponden a Matemáticas Aplicadas 4ºESO:

BLOQUE 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

- MAP B1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. (CMCCT , CCL)
- MAPB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). (CMCCT , CCL)
- MAPB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. (CMCCT)
- MAPB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia. (CMCCT)
- MAPB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas. (CMCCT , CAA)
- MAPB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. (CMCCT)
- MAPB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade. (CMCCT)
- MAPB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. (CMCCT)
- MAPB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. (CMCCT , CAA)

- MAPB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes: alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística. (CCL , CMCCT)
- MAPB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. (CMCCT , CSC)
- MAPB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. (CMCCT , CSIEE)
- MAPB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. (CMCCT)
- MAPB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. (CMCCT)
- MAPB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. (CMCCT)
- MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. (CMCCT , CAA , CSC)
- MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). (CMCCT , CSIEE , CSC)
- MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. (CMCCT)
- MAPB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. (CMCCT)
- MAPB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. (CMCCT , CAA , CCEC)
- MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. (CSIEE , CSC)
- MAPB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola

súa sinxeleza e utilidade. (CMCCT , CSIEE)

- MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares. (CMCCT , CAA)

- MAPB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. (CMCCT , CD)

- MAPB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. (CMCCT)

- MAPB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. (CMCCT)

- MAPB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. (CMCCT)

- MAPB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. (CMCCT)

- MAPB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. (CCL , CD)

- MAPB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. (CCL)

- MAPB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. (CD , CAA)

- MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. (CD , CSC , CSIEE)

BLOQUE 2: Números e Álgebra

- MAPB2.1.1. Recoñece os tipos de números (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indica o criterio seguido para a súa identificación, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa. (CMCCT)
- MAPB2.1.2. Realiza os cálculos con eficacia, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas, e utiliza a notación máis axeitada para as operacións de suma, resta, produto, división e potenciación. (CMCCT)
- MAPB2.1.3. Realiza estimacións e xulga se os resultados obtidos son razoables. (CMCCT)
- MAPB2.1.4. Utiliza a notación científica para representar e operar (produtos e divisións) con números moi grandes ou moi pequenos. (CMCCT)
- MAPB2.1.5. Compara, ordena, clasifica e representa os tipos de números reais, intervalos e semirectas, sobre a recta numérica. (CMCCT)
- MAPB2.1.6. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira. (CMCCT)
- MAPB2.1.7. Resolve problemas da vida cotiá nos que interveñen magnitudes directa e inversamente proporcionais. (CMCCT)
- MAPB2.2.1. Exprésase con eficacia, facendo uso da linguaxe alxébrica. (CMCCT)
- MAPB2.2.2. Realiza operacións de suma, resta, produto e división de polinomios, e utiliza identidades notables. (CMCCT)
- MAPB2.2.3. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao, mediante a aplicación da regra de Ruffini. (CMCCT)
- MAPB2.3.1. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido. (CMCCT)

BLOQUE 3: Xeometría

- MAPB3.1.1. Utiliza instrumentos, fórmulas e técnicas apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medidas. (CMCCT)
- MAPB3.1.2. Emprega as propiedades das figuras e dos corpos (simetrías, descomposición en figuras máis coñecidas, etc.) e aplica o teorema de Tales, para estimar ou calcular medidas indirectas. (CMCCT)

- MAPB3.1.3. Utiliza as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes de triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades correctas. (CMCCT)
- MAPB3.1.4. Calcula medidas indirectas de lonxitude, área e volume mediante a aplicación do teorema de Pitágoras e a semellanza de triángulos. (CMCCT)
- MAPB3.2.1. Representa e estuda os corpos xeométricos máis relevantes (triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) cunha aplicación informática de xeometría dinámica, e comproba as súas propiedades xeométricas. (CMCCT)

BLOQUE 4: Funcións

- MAPB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que se poden describir mediante una relación funcional, asociando as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas. (CMCCT)
- MAPB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcional inversa e exponencial. (CMCCT)
- MAPB4.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos característicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, continuidade, simetrías e periodicidade). (CMCCT)
- MAPB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno, a partir da análise da gráfica que o describe ou dunha táboa de valores.(CMCCT)
- MAPB4.1.5. Analiza o crecemento ou o decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media, calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica. (CMCCT)
- MAPB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais. (CMCCT)
- MAPB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais. (CMCCT)
- MAPB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos, utilizando eixes e unidades axeitadas. (CMCCT)
- MAPB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica e sinala os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan, utilizando tanto lapis e papel como medios informáticos. (CMCCT)

- MAPB4.2.4. Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos, e xustifica a decisión. (CMCCT)
- MAPB4.2.5. Utiliza con destreza elementos tecnolóxicos específicos para debuxar gráficas. (CMCCT)

BLOQUE 5: Estatística

- MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.(CMCCT, CCL)
- MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións. (CMCCT)
- MAPB5.1.3. Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos. (CMCCT)
- MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas. (CMCCT)
- MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua. (CMCCT)
- MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas. (CMCCT)
- MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo. (CMCCT)
- MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas. (CMCCT)
- MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos. (CMCCT)
- MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas. (CMCCT)

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Para o BLOQUE 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas o grao mínimo de consecución coincide cós estándares de aprendizaxe referidos nese bloque.

BLOQUES 2, 3, 4 e 5:

- Distingue o conxunto ou conxuntos aos que pertencen distintos números racionais.
- É quen de aplicar correctamente a xerarquía das operación e calcular o valor de expresións numéricas de números racionais, empregando a calculadora cando sexa necesario.
- Traballa con números aproximados controlando o erro cometido en contextos reais.
- É quen de expresar números moi grandes ou moi pequenos en notación científica e realizar operacións con eles utilizando as propiedades das potencias (produtos e divisións).
- Distingue o conxunto ou conxuntos aos que pertencen distintos números racionais e irracionais.
- É quen de aplicar correctamente a xerarquía das operación e calcular o valor de expresións numéricas de números reais, utilizando a calculadora cando sexa necesario.
- É capaz de ordenar e representa os números racionais e irracionais na recta real utilizando os intervalos e semirrectas.
- Resolve problemas relacionados coas porcentaxes e o cálculo de intereses utilizando a calculadora cando sexa necesario.
- É capaz de empregar a proporcionalidade (directa e inversa) para resolver problemas da vida cotiá e analiza a coherencia da solución.
- É quen de utilizar os instrumentos e as unidades apropiadas para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de figuras e corpos xeométricos.
- Aplica o Teorema de Tales para estimar ou calcular medidas indirectas.
- Coñece as fórmulas e calcula perímetros, áreas e volumes de triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas en contextos reais.
- É quen de aplicar o Teorema de Pitágoras e a semellanza de triángulos para resolver problemas xeométricos nos que precise calcular lonxitudes, áreas e volumes de figuras e corpos xeométricos.

- Utiliza programas de xeometría dinámica para crear e observar propiedades dos obxectos xeométricos.
- Ante unha situación da vida cotiá ou nun contexto matemático é capaz de representala mediante o uso da linguaxe alxébrica.
- Opera con polinomios nunha variable (suma, resta, multiplicación e división). Coñece as igualdades notables e utilízalas para operar con polinomios de forma máis eficaz.
- É quen de obter as raíces enteiras dun polinomio (ata grao 4) e factorízalo utilizando a regra de Ruffini.
- Ante unha situación da vida cotiá é capaz de representala alxebricamente mediante ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas.
- É capaz de resolver ecuacións de primeiro e segundo grao que teñen como referente situacións da vida cotiá e interpreta criticamente os resultados obtidos.
- É capaz de resolver sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas que teñen como referente situacións da vida cotiá e interpreta criticamente os resultados obtidos.
- É capaz de asociar expresións analíticas coas súas gráficas correspondentes.
- Constrúe unha gráfica aproximada, de xeito razoado, a partir dun enunciado para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa e exponencial.
- Describe e calcula as características xerais dunha función (dominio, continuidade, crecemento, extremos, periodicidade...) facendo uso dos intervalos e semirectas.
- Interpreta gráficas e táboas en contextos reais, extraendo conclusións a partir delas.
- É quen de analizar o crecemento e decrecemento dunha función e é quen de calcular a TVM nun intervalo dado.
- Resolve problemas, relativos a situacións próximas, que respondan a relacións funcionais sinxelas (lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais).
- Interpreta gráficas e táboas en contextos reais, extraendo conclusións a partir delas.
- É quen de representar as funcións elementais (lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais) utilizando eixes e unidades axeitadas.
- É capaz de describir as características xerais dunha función (dominio, continuidade, crecemento, extremos, periodicidade...) facendo uso dos intervalos e semirectas.

- É capaz de asociar razoadamente diferentes táboas de valores coas súas gráficas.
- É quen de empregar medios tecnolóxicos para representar estas funcións cando sexan necesarios.
- Utiliza o vocabulario axeitado para describir situacións relacionadas coa estatística.
- Coñece as fases dun estudo estatístico e analiza criticamente o nivel de confianza e as conclusións que se obteñen do estudo.
- É quen de diferenciar entre variables discretas e continuas a partir dun conxunto de datos.
- É quen de construír táboas de frecuencias para variables discretas e continuas a partir dun conxunto de datos.
- Dado un conxunto de datos, calcula e interpreta os parámetros de centralización, dispersión e posición, en variables discretas e continuas, empregando a calculadora cando sexa necesario.
- É quen de construír gráficos estatísticos, elixindo os máis axeitados en función do tipo de datos.
- Utiliza o vocabulario axeitado en contextos probabilísticos.
- É quen de formular conxecturas e utilizar o cálculo de probabilidades para comprobalas en situacións de incerteza.
- É capaz de empregar a regra de Laplace para asignar probabilidades a sucesos en experimentos aleatorios, empregando diferentes estratexias para enumerar os sucesos elementais (diagramas de árbore ou táboas de continxencia).
- É quen de identificar os experimentos compostos e calcula probabilidades utilizando, cando sexa necesario, diagramas de árbore ou táboas de continxencia.

Instrumentos de avaliación na ESO:

En xeral serán:

- Probas escritas.
- Observación do traballo diario do alumno: realización das tarefas na clase e na casa, preguntas orais e explicación dos exercicios feitos.
- Proxectos: realización e exposición de traballos.
- Rúbricas de avaliación.
- Entrega de tarefas escritas realizadas na aula de xeito individual, coa axuda do libro de texto e dos seus apuntes (fichas de exercicios e problemas).
- Probas telemáticas orais e escritas: cuestionarios online a través da Aula Virtual reforzados con imaxes do procedemento, entrega de tarefas a través da Aula Virtual reforzadas por preguntas orais, exposicións de traballos empregando vídeos ou oralmente a través de videoconferencia, probas orais ou escritas por videoconferencia. Estas probas están detalladas no apartado Procedementos de Avaliación de cada curso en Situación Non Presencial ou Semipresencial.
- Caderno do profesor.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A LOMCE incorpora os seguintes elementos transversais que se abordarán ao longo do desenvolvemento da materia durante o curso:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao

principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- A participación en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- A educación e a seguridade viaria, promovendo accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Nas Matemáticas os temas transversais poden considerarse elementos motivadores xa que permiten traballar os contidos matemáticos dunha forma novidosa, ao serviren como fonte de utilización de diferentes contextos que proporcionan significados novos aos contidos que se están traballando.

A comprensión lectora trabállase constantemente en todas as unidades pola obriga de ler e comprender os enunciados dos problemas para resolvelos. Participamos tamén na actividade semanal Hora de Ler na ESO.

A expresión oral terase sempre presente pola esixencia de que os alumnos/as expresen correctamente os razoamentos empregados na resolución de tarefas ou, de ser o caso na exposición oral dun traballo.

A correcta expresión escrita promóvese cando se lle solicita ós alumnos/as a xustificación escrita do razoamento empregado tanto na súa libreta como nas probas escritas.

Empregaranse as novas tecnoloxías para resolver actividades interactivas, buscar información ou como ferramenta para a presentación de traballos. Tamén como ferramenta motivadora, polo impacto estético visual que se pode acadar, para introducir temas nos que a imaxe xogue un papel importante. En calquera caso empregarase material

audiovisual oportuno en calquera unidade cando este se poida considerar atractivo, e polo tanto motivador, pola súa facilidade de comunicación ou pola efectividade na presentación

Fomentarase o emprendemento en calquera punto da materia, pedindo ós alumnos que investiguen sobre un aspecto puntual de interese, ou afonden por eles mesmos na resolución dalgunha dúbida que lles puidera surxir. Foméntase así a iniciativa persoal, a independencia á hora de resolver problemas.

Fomentarase a creatividade dando marxe para a introdución de aspectos persoais novidosos na resolución ou na presentación de distintas actividades, sempre, claro está, que sexan correctas e respectuosas. Todo isto sen que perdan de vista que o rigor da formalización da linguaxe matemática é unha cualidade necesaria para a comprensión universal dos textos científicos.

Por exemplo, a educación vial facilítase ao educar o sentido espacial, fundamentalmente a través do estudo da xeometría (o manexo de coordenadas, planos e mapas contribúe a este obxectivo).

A educación cívica e constitucional trabállase dende o fomento das actitudes de rigor, sentido crítico, orde e precisión, necesarias no traballo das Matemáticas e para a súa formación humana.

Terase en conta á hora de dividir a clase en grupos ou equipos, e na redacción dos enunciados dos problemas, o principio de igualdade entre homes e mulleres. Promoverase o coñecemento de figuras claves no mundo científico, homes e mulleres que contribuíron ao desenvolvemento das ciencias en xeral e, en particular, das Matemáticas.

Fomentarase a resolución pacífica de conflitos, tendo como exemplo a seguir a resolución de problemas no mundo das ciencias, e concretamente das Matemáticas. Poñendo en valor o esforzo e as contribucións positivas e de colaboración fronte a condutas prexudiciais para a convivencia.

A maiores do exposto, en todas as unidades do libro de texto, para traballar os contidos transversais dispoñemos de varias actividades nas que se traballan contidos transversais en problemas novidosos, directamente relacionados coa realidade próxima e actual.

ANEXO

**MODELO DE PROBA ESCRITA PARA A
AVALIACIÓN INICIAL**

Guión para a elaboración dunha proba escrita para a Avaliación Inicial de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas de 4º de ESO

- 1) Clasificar e pasar a fracción distintos números decimais.
- 2) Operacións:
 - a. Operación combinada con fraccións
 - b. Operacións con potencias de fraccións para aplicar as propiedades das potencias
 - c. Simplificación con potencias de números enteiros
 - d. Produto ou cociente de dous números en notación científica
- 3) Problema de fraccións que requira de sumar e restar fraccións e dada unha cantidade, e coñecida a fracción que representa, achar o total.
- 4) Un problema de proporcionalidade directa ou inversa (regra de tres simple)
- 5) Un problema de reparto directamente proporcional.
- 6) Un problema de proporcionalidade composta.
- 7) Un problema de porcentaxes que requira cálculo de cantidades finais e iniciais ou cantidades finais en porcentaxes encadeadas.
- 8) Un exercicio básico de progresión aritmética: calcular o termo xeral e a diferenza coñecidos dous termos (un deles o inicial)
- 9) Aplicar produtos notables en dous casos sinxelos.
- 10) División de polinomios por Ruffini.
- 11) Multiplicación de polinomios.
- 12) Resolución de ecuacións:
 - a. Primeiro grao con denominadores
 - b. Segundo grao con transformacións por parénteses.
 - c. Sistema lineal con denominadores
- 13) Problema sinxelo que se resolva mediante unha ecuación de primeiro grao.
- 14)
 - a. Calcular a área dun polígono regular calculando previamente a apotema.
 - b. Cálculo da área e o volume dunha esfera
 - c. Cálculo da área e o volume dunha pirámide coñecendo todos os datos.
- 15) Dada a gráfica dunha función indicar as características: Dominio e percorrido; crecemento, decrecemento; máximos e mínimos. Estudar a continuidade e os puntos de corte cos eixes

- 16) Representar graficamente unha recta dada a súa ecuación indicando a súa pendente e se é crecente ou decrecente.
- 17) Dado un conxunto de datos achar a media, mediana e moda. Representar os datos nun diagrama de barras. Calcular algunha probabilidade sinxela.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O BACHARELATO

Obxectivos do bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto

cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

MATEMÁTICAS II

MATEMÁTICAS I E II . INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

As matemáticas facilitánnos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o

pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

Matemáticas II

2º de Bacharelato

- **OBXECTIVOS**
- **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
- **SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN.**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE ÁS QUE CONTRIBÚEN**
- **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**
- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**
- **ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Obxectivos do bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o

respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE (MATEMÁTICAS II 2º BACHARELATO)

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Tódalas áreas ou materias do currículo deben participar, dende o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. (Orde ECD/65/2015 artigo 5.3, BOE 29-01- 2015).

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, pero salientamos deseguido os estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais das outras competencias claves do currículo:

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
CCL	<p>MA2B1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</p> <p>MA2B1.7.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.</p> <p>MA2B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.</p> <p>MA2B1.14.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</p> <p>MA2B5.3.1. Describe situacións relacionadas coa estatística utilizando un vocabulario adecuado e elabora análises críticas sobre traballos relacionados coa estatística aparecidos en medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.</p>

CD	<p>MA2B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema para demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas.</p> <p>MA2B1.7.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación.</p> <p>MA2B1.13.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</p> <p>MA2B1.14.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p> <p>MA2B1.14.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</p> <p>MA2B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</p>
CAA	<p>MA2B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.</p> <p>MA2B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.</p> <p>MA2B1.10.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados atopados, etc</p> <p>MA2B1.12.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprendendo diso para situacións futuras.</p> <p>MA2B1.14.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</p>
CSC	<p>MA2B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).</p> <p>MA2B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</p> <p>MA2B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia</p>

	<p>coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).</p> <p>MA2B1.10.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</p> <p>MA2B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</p>
CSIEE	<p>MA2B1.5.2. Planifica axeitadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado</p> <p>MA2B 1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.).</p> <p>MA2B 1.10.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</p> <p>MA2B 1.11.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</p> <p>MA2B 1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</p>
CCEC	<p>MA2B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).</p>

Os estándares mencionados pertencen ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A súa incorporación dentro dos outros bloques, permitirá a adquisición das competencias clave e garantirá a inclusión de temas interdisciplinares e transversais.

A contribución ao desenvolvemento das competencias clave de cada un dos estándares dos distintos bloques da materia figura no apartado desta programación **Estándares de Aprendizaxe**. Fundamentalmente contribúen á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

En consecuencia, para o axeitado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, o álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas:

– A cantidade: esta noción incorpora a cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo, interpretando distintas representacións de todas elas e xulgando interpretacións e argumentos. Participar na cuantificación do mundo supón comprender as medicións, os cálculos, as magnitudes, as unidades, os indicadores, o tamaño relativo e as tendencias e patróns numéricos.

– O espazo e a forma: inclúen unha ampla gama de fenómenos que se atopan no noso mundo visual e físico: patróns, propiedades dos obxectos, posicións, direccións e representacións deles; decodificación e codificación de información visual, así como navegación e interacción dinámica con formas reais, ou con representacións. A competencia matemática neste sentido inclúe unha serie de actividades como a comprensión da perspectiva, a elaboración e lectura de mapas, a transformación das formas con e sen tecnoloxía, a interpretación de vistas de escenas tridimensionais dende distintas perspectivas e a construción de representacións de formas.

– O cambio e as relacións: o mundo desprega multitude de relacións temporais e permanentes entre os obxectos e as circunstancias, onde os cambios prodúcense dentro de sistemas de obxectos interrelacionados. Ter máis coñecementos sobre o cambio e as relacións supón comprender os tipos fundamentais de cambio e cando teñen lugar, co fin de utilizar modelos matemáticos axeitados para describilo e predicilo.

– A incerteza e os datos: son un fenómeno central do análise matemático presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas no que resulta clave a presentación e interpretación de datos. Esta categoría inclúe o recoñecemento do lugar da variación nos procesos, a posesión dun sentido de cuantificación desa variación, a admisión de incerteza e erro nas medicións os coñecementos sobre o azar. Así mesmo, comprende a elaboración, interpretación e valoración das conclusións extraídas en situacións onde a incerteza e os datos son fundamentais.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN.

Organizamos os contidos deste curso en catorce unidades didácticas seguindo a numeración do libro de texto na seguinte orde: Cálculo Diferencial, Cálculo Integral. Álgebra, Xeometría e Cálculo de Probabilidades

Debido á enorme extensión do programa da materia facemos unha proposta de temporalización que sabemos de antemán que é dificilmente acadable. Como outros cursos dende o final de curso ata a celebración da proba ordinaria da ABAU continuarase impartindo clase.

Total 122 sesións aproximadamente

1ª AVALIACIÓN (9set-1dec; **46** sesións aprox.)

UNIDADE 7. Límites e continuidade	(10 sesións)
UNIDADE 8. Derivadas	(10 sesións)
UNIDADE 9. Aplicacións da derivada	(12 sesións)
UNIDADE 10. Representación de funcións	(8 sesións) total: 40 sesións

Comenzar a Unidade 11 nas 6 sesións que restan

2ª AVALIACIÓN (2dec-8marzo; **41** sesións aprox.)

UNIDADE 11. Integrais indefinidas	(8 sesións)
UNIDADE 12. Integrais definidas	(10 sesións)
UNIDADE 1. Matrices	(10 sesións)
UNIDADE 2. Determinantes	(8 sesións)
UNIDADE 3. Sistemas de Ecuacións	(10 sesións) total: 41 sesións

Comezar a unidade 4 nas sesións que restan

3ª AVALIACIÓN (9marzo-16 maio; **35** sesións)

UNIDADE 4. Vectores no espazo	(8 sesións)
UNIDADE 5. Rectas e planos no espazo	(9 sesións)
UNIDADE 6. Ángulos e distancias	(8 sesións)
UNIDADE 13. Probabilidade	(8 sesións)
UNIDADE 14. Distribucións Binomial e Normal	(8 sesións) total: 41 sesións

Na seguinte táboa, xunto cos contidos, indícase o bloque ao que pertencen, correspondente aos que se sinalan no currículo da educación secundaria (Decreto 86/2015 de 25 de xuño, DOG 29-06-2015). Secuéncianse os contidos do curso e relaciónanse coas catorce unidades didácticas do libro de texto.

CONTIDOS	UNIDADES
BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA	
B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas e grafos. Clasificación de matrices. Operacións.	1-2-3
B2.2. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos reais.	1-2-3
B2.3. Determinantes. Propiedades elementais.	1-2-3
B2.4. Rango dunha matriz.	1-2-3
B2.5. Matriz inversa.	1-2-3
B2.6. Representación matricial dun sistema: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais. Método de Gauss. Regra de Cramer. Aplicación á resolución de problemas.	1-3
BLOQUE 3: ANÁLISE	

B3.1. Límite dunha función nun punto e no infinito. Continuidade dunha función. Tipos de discontinuidade. Teorema de Bolzano.	7-8
B3.2. Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. A regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites.	8-9-10
B3.3. Aplicacións da derivada: problemas de optimización.	9-10
B3.4. Primitiva dunha función. Integral indefinida. Propiedades. Técnicas elementais para o cálculo de primitivas (integrais inmediatas e case inmediatas, racionais, por partes e por cambios de variable sinxelos).	11-12
B3.5. Integral definida. Teoremas do valor medio e fundamental do cálculo integral. Regra de Barrow. Aplicación ao cálculo de áreas de rexións planas.	12
BLOQUE 4: XEOMETRÍA	
B4.1. Vectores no espazo tridimensional. Operacións. Base, dependencia e independencia lineal. Produto escalar, vectorial e mixto. Significado xeométrico.	4-6
B4.2. Ecuacións da recta e o plano no espazo. Identificación dos elementos característicos.	4-5
B4.3. Posicións relativas (incidencia, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos).	5
B4.4. Propiedades métricas (cálculo de ángulos, distancias, áreas e volumes).	4-5-6
BLOQUE 5: ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	
	13

B5.1. Sucesos. Operacións con sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov.	
B5.2. Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades.	13
B5.3. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.	13
B5.4. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais e verosimilitude dun suceso.	13
B5.5. Variables aleatorias discretas (distribución de probabilidade, media, varianza e desviación típica) e continuas (función de densidade e función de distribución).	14
B5.6. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.	14
B5.7. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal.	14
B5.8. Cálculo de probabilidades mediante a aproximación da distribución binomial pola normal.	14
B5.9. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.	14

Deseguido, enuméranse os contidos correspondentes ao bloque 1, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A incorporación dos contidos deste bloque dentro dos outros bloques, será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación.

UNIDADES	BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	TEMPORALIZACIÓN
1 a 14	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas	Todo o curso
1 a 14	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables; suposición do problema resolto.	Todo o curso
1 a 14	B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións interesantes.	Todo o curso
1 a 14	B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.	Todo o curso
1 a 14	B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo, método de indución, contraexemplos, razoamentos encadeados, etc.	Todo o curso
1 a 14	B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo.	Todo o curso
1 a 14	B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos	Todo o curso
1 a 14	B1.8. Elaboración e presentación oral e/ou escrita, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema ou na demostración dun resultado matemático.	Todo o curso

1 a 14	<p>B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas 	Todo o curso
1 a 14	<p>B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</p>	Todo o curso
1 a 14	<p>B1.11. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o proceso, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido, utilizando as ferramentas e os medios tecnolóxicos axeitados.</p>	Todo o curso
1 a 14	<p>B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.</p>	Todo o curso
1 a 14	<p>B1.13. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</p>	Todo o curso

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- MA2B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema
- B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas
- B1.3. Realizar demostracións sinxelas de propiedades ou teoremas relativos a contidos alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos
- B1.4. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema ou nunha demostración, coa precisión e o rigor adecuados
- B1.5. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado
- B1.6. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior, a xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e o afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos
- B1.7. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados
- B1.8. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións da realidade
- B1.9. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.
- B1.10. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático
- B1.11. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas
- B1.12. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia e aprendendo delas para situacións similares futuras.
- B1.13. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con

sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas

- B1.14. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción

BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBA

- B2.1. Utilizar a linguaxe matricial e as operacións con matrices para describir e interpretar datos e relacións na resolución de problemas diversos.
- B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, determinantes e sistemas de ecuacións), e interpretar criticamente o significado das solucións.

BLOQUE 3: ANÁLISE

- B3.1. Estudar a continuidade dunha función nun punto ou nun intervalo, aplicando os resultados que se derivan diso.
- B3.2. Aplicar o concepto de derivada dunha función nun punto, a súa interpretación xeométrica e o cálculo de derivadas ao estudo de fenómenos naturais, sociais ou tecnolóxicos, e á resolución de problemas xeométricos, de cálculo de límites e de optimización.
- B3.3. Calcular integrais de funcións sinxelas aplicando as técnicas básicas para o cálculo de primitivas.
- B3.4. Aplicar o cálculo de integrais definidas na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables e, en xeral, á resolución de problemas.

BLOQUE 4: XEOMETRÍA

- B4.1. Resolver problemas xeométricos espaciais, utilizando vectores.

- B4.2. Resolver problemas de incidencia, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos utilizando as ecuacións da recta e do plano no espazo.
- B4.3. Utilizar os produtos entre vectores para calcular ángulos, distancias, áreas e volumes, calculando o seu valor e tendo en conta o seu significado xeométrico

BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

- B5.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos (utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento e a axiomática da probabilidade), así como a sucesos aleatorios condicionados (teorema de Bayes), en contextos relacionados co mundo real.
- B5.2. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros e determinando a probabilidade de diferentes sucesos asociados.
- B5.3. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando un conxunto de datos ou interpretando de forma crítica informacións estatísticas presentes nos medios de comunicación, en especial os relacionados coas ciencias e outros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións tanto na presentación dos datos como na das conclusións.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS BÁSICAS ÁS

Estándares correspondentes a Matemáticas II 2º Bacharelato

BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- MA2B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados (CCL, CMCCT)
- MA2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado para resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). (CMCCT)
- MA2B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema (CMCCT)
- MA2B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia (CMCCT)
- MA2B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas. (CMCCT, CAA)
- MA2B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas (CMCCT, CAA)
- MA2B1.3.1. Utiliza diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático e reflexiona sobre o proceso de demostración (estrutura, método, linguaxe e símbolos, pasos clave, etc.). (CMCCT)
- MA2B1.3.2. Reflexiona sobre o proceso de demostración (estrutura, método, linguaxe e símbolos, pasos clave, etc.). (CMCCT)
- MA2B1.4.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación (CMCCT)
- MA2B1.4.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. (CMCCT)
- MA2B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema para demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas.(CMCCT, CD)
- MA2B1.5.1. Coñece a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.). (CMCCT)

- MA2B1.5.2. Planifica axeitadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. (CMCCT, CSIEE)
- MA2B1.5.3. Afonda na resolución dalgúns problemas, formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc. (CMCCT)
- MA2B1.6.1. Xeneraliza e demostra propiedades de contextos matemáticos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. (CMCCT)
- MA2B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.). (CMCCT, CSC, CCEC)
- MA2B1.7.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación.(CMCCT,)
- MA2B1.7.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación. (CMCCT)
- MA2B1.7.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. (CCL, CMCCT)
- MA2B1.7.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación. (CMCCT, CD)
- MA2B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación. (CCL)
- MA2B1.7.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, e, así mesmo, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.(CMCCT)
- MA2B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. (CMCCT, CSC)
- MA2B1.8.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios. (CMCCT)
- MA2B1.8.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou problemas dentro do campo das matemáticas. (CMCCT)

- MA2B1.8.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. (CMCCT)
- MA2B1.8.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. (CMCCT)
- MA2B1.9.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións (CMCCT)
- MA2B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, autocrítica constante, etc.). (CMCCT, CSC, CSIEE)
- MA2B1.10.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. (CMCCT)
- MA2B1.10.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados atopados, etc (CMCCT, CAA)
- MA2B1.10.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. (CSC, CSIEE)
- MA2B1.11.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. (CMCCT)
- MA2B1.12.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprendendo diso para situacións futuras.(CMCCT, CAA)
- MA2B1.13.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.(CMCCT, CD)
- MA2B1.13.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. (CMCCT)
- MA2B1.13.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. (CMCCT)

- MA2B1.13.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. (CMCCT)
- MA2B1.13.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. (CMCCT)
- MA2B1.14.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. (CD)
- MA2B1.14.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. (CCL)
- MA2B1.14.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora. (CD, CAA)
- MA2B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. (CD, CSC, CSIEE)

BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA

- MA2B2.1.1. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas ou grafos e para representar sistemas de ecuacións lineais, tanto de xeito manual como co apoio de medios tecnolóxicos axeitados. (CMCCT)
- MA2B2.1.2. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual ou co apoio de medios tecnolóxicos. (CMCCT)
- MA2B2.2.1. Determina o rango dunha matriz, ata orde 4, aplicando o método de Gauss ou determinantes. (CMCCT)
- MA2B2.2.2. Determina as condicións para que unha matriz teña inversa e calcúlala empregando o método máis axeitado. (CMCCT)
- MA2B2.2.3. Resolve problemas susceptibles de seren representados matricialmente e interpreta os resultados obtidos (CMCCT)
- MA2B2.2.4. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estuda e clasifica o sistema de ecuacións lineais formulado, resólveo nos casos

en que sexa posible (empregando o método máis axeitado), e aplica para resolver problemas. (CMCCT)

BLOQUE 3: ANÁLISE

- MA2B3.1.1. Coñece as propiedades das funcións continuas e representa a función nun ámbito dos puntos de discontinuidade. (CMCCT)
- MA2B3.1.2. Aplica os conceptos de límite e de derivada á resolución de problemas, así como os teoremas relacionados. (CMCCT)
- MA2B3.2.1. Aplica a regra de L'Hôpital para resolver indeterminacións no cálculo de límites. (CMCCT)
- MA2B3.2.2. Formula problemas de optimización relacionados coa xeometría ou coas ciencias experimentais e sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto. (CMCCT)
- MA2B3.3.1. Aplica os métodos básicos para o cálculo de primitivas de funcións. (CMCCT)
- MA2B3.4.1. Calcula a área de recintos limitados por rectas e curvas sinxelas ou por dúas curvas. (CMCCT)
- MA2B3.4.2. Utiliza os medios tecnolóxicos axeitados para representar e resolver problemas de áreas de recintos limitados por funcións coñecidas. (CMCCT).

BLOQUE 4: XEOMETRÍA

- MA2B4.1.1. Realiza operacións elementais con vectores, manexando correctamente os conceptos de base e de dependencia e independencia lineal, e define e manexa as operacións básicas con vectores no espazo, utilizando a interpretación xeométrica das operacións con vectores para resolver problemas xeométricos. (CMCCT)
- MA2B4.2.1. Expresa a ecuación da recta das súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos, e resolvendo os problemas afíns entre rectas. (CMCCT)
- MA2B4.2.2. Obtén a ecuación do plano nas súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos. (CMCCT)

- MA2B4.2.3. Analiza a posición relativa de planos e rectas no espazo, aplicando métodos matriciais e alxébricos. (CMCCT)
- MA2B4.2.4. Obtén as ecuacións de rectas e planos en diferentes situacións. (CMCCT)
- MA2B4.3.1. Manexa o produto escalar e vectorial de dous vectores, o significado xeométrico, a expresión analítica e as propiedades. (CMCCT)
- MA2B4.3.2. Coñece o produto mixto de tres vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as propiedades. (CMCCT)
- MA2B4.3.3. Determina ángulos, distancias, áreas e volumes utilizando os produtos escalar, vectorial e mixto, aplicándoos en cada caso á resolución de problemas xeométricos. (CMCCT)
- MA2B4.3.4. Realiza investigacións utilizando programas informáticos específicos para seleccionar e estudar situacións novas da xeometría relativas a obxectos como a esfera. (CMCCT)

BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

- MA2B5.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de reconto. (CMCCT)
- MA2B5.1.2. Calcula probabilidades a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral. (CMCCT)
- MA2B5.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes. (CMCCT)
- MA2B5.2.1. Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial, obtén os seus parámetros e calcula a súa media e desviación típica. (CMCCT)
- MA2B5.2.2. Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial a partir da súa función de probabilidade, da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica. (CMCCT)
- MA2B5.2.3. Coñece as características e os parámetros da distribución normal e valora a súa importancia no mundo científico. (CMCCT)
- MA2B5.2.4. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica. (CMCCT)

- MA2B5.2.5. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida. (CMCCT)
- MA2B5.3.1. Utiliza un vocabulario axeitado para describir situacións relacionadas co azar e elabora análises críticas sobre traballos relacionados coa probabilidade e/ou a estatística aparecidos en medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá. (CMCCT)

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

Para o BLOQUE 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas o grao mínimo de consecución coincide cós estándares de aprendizaxe referidos nese bloque.

BLOQUES 2, 3, 4 e 5

- É quen de utilizar a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas ou grafos e para representar sistemas de ecuacións lineais, tanto de xeito manual como co apoio de medios tecnolóxicos axeitados.
- É capaz de realizar operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual ou co apoio de medios tecnolóxicos. (CMCCT)
- Determina correctamente o rango dunha matriz, ata orde 4, aplicando o método de Gauss ou determinantes.
- É capaz de determinar as condicións para que unha matriz teña inversa e calcúlala empregando o método máis axeitado.
- É quen de resolver problemas susceptibles de seren representados matricialmente e interpreta os resultados obtidos
- É capaz de formular alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estudar e clasificar o sistema de ecuacións lineais formulado, resólveo nos casos en que sexa posible (empregando o método máis axeitado), e aplícao para resolver problemas.
- É quen de coñecer as propiedades das funcións continuas e representar a función nun ámbito dos puntos de discontinuidade.
- É capaz de aplicar os conceptos de límite e de derivada á resolución de problemas, así como os teoremas relacionados.
- Aplica correctamente a regra de L'Hôpital para resolver indeterminacións no cálculo de límites.
- É quen de formular problemas de optimización relacionados coa xeometría ou coas ciencias experimentais e sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto.
- É capaz de aplicar os métodos básicos para o cálculo de primitivas de funcións.
- É quen de aplicar calcular a área de recintos limitados por rectas e curvas sinxelas ou por dúas curvas.

- É quen de utilizar os medios tecnolóxicos axeitados para representar e resolver problemas de áreas de recintos limitados por funcións coñecidas.
- É capaz de realizar operacións elementais con vectores, manexando correctamente os conceptos de base e de dependencia e independencia lineal, e define e manexa as operacións básicas con vectores no espazo, utilizando a interpretación xeométrica das operacións con vectores para resolver problemas xeométricos.
- É quen de expresar a ecuación da recta das súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos, e resolvendo os problemas afíns entre rectas.
- É quen de obter a ecuación do plano nas súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos.
- Analiza correctamente a posición relativa de planos e rectas no espazo, aplicando métodos matriciais e alxébricos.
- É quen de obter as ecuacións de rectas e planos en diferentes situacións.
- É capaz de manexar o produto escalar e vectorial de dous vectores, o significado xeométrico, a expresión analítica e as propiedades.
- Coñece o produto mixto de tres vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as súas propiedades.
- É quen de determinar ángulos, distancias, áreas e volumes utilizando os produtos escalar, vectorial e mixto, aplicándoos en cada caso á resolución de problemas xeométricos.
- É capaz de realizar investigacións utilizando programas informáticos específicos para seleccionar e estudar situacións novas da xeometría relativas a obxectos como a esfera.
- É capaz de calcular a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.
- É quen de calcular probabilidades a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.
- É capaz de calcular a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.
- Identifica correctamente fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial, obtén correctamente os seus parámetros e calcula a súa media e desviación típica.

- É capaz de calcular probabilidades asociadas a unha distribución binomial a partir da súa función de probabilidade, da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica.
- É quen de coñecer as características e os parámetros da distribución normal e valorar a súa importancia no mundo científico.
- É quen de calcular probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica.
- É quen de calcular probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida.
- É capaz de utilizar un vocabulario axeitado para describir situacións relacionadas co azar e elaborar análises críticas sobre traballos relacionados coa probabilidade e/ou a estatística aparecidos en medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.

Instrumentos de avaliación:

En xeral serán:

- Probas escritas.
- Observación directa do traballo diario do alumno.
- Probas telemáticas orais e escritas: entrega de tarefas a través da Aula Virtual reforzadas por preguntas orais, exposicións de traballos empregando vídeos ou oralmente a través de videoconferencia, probas orais ou escritas por videoconferencia.
- Caderno do profesor.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A LOMCE incorpora os seguintes elementos transversais que se abordarán ao longo do desenvolvemento da materia durante o curso:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- A participación en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- A educación e a seguridade viaria, promovendo accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Nas Matemáticas os temas transversais poden considerarse elementos motivadores xa que permiten traballar os contidos matemáticos dunha forma novidosa, ao serviren como fonte de utilización de diferentes contextos que proporcionan significados novos aos contidos que se están traballando.

A comprensión lectora trabállase constantemente en todas as unidades pola obriga de ler e comprender os enunciados dos problemas para resolvelos.

A expresión oral terase sempre presente pola esixencia de que os alumnos/as expresen correctamente os razoamentos empregados na resolución de tarefas ou, de ser o caso na exposición oral dun traballo.

A correcta expresión escrita promóvese cando se lle solicita ós alumnos/as a xustificación escrita do razoamento empregado tanto na súa libreta como nas probas escritas.

Empregaranse as novas tecnoloxías para resolver actividades interactivas, buscar información ou como ferramenta para a presentación de traballos. Tamén como ferramenta motivadora, polo impacto estético visual que se pode acadar, para introducir temas nos que a imaxe xogue un papel importante. En calquera caso empregárase material audiovisual oportuno en calquera unidade cando este se poida considerar atractivo, e polo tanto motivador, pola súa facilidade de comunicación ou pola efectividade na presentación

Fomentárase o emprendemento en calquera punto da materia, pedindo ós alumnos que investiguen sobre un aspecto puntual de interese, ou afonden por eles mesmos na resolución dalgunha dúbida que lles puidera surxir. Foméntase así a iniciativa persoal, a independencia á hora de resolver problemas.

Fomentárase a creatividade dando marxe para a introdución de aspectos persoais novidosos na resolución ou na presentación de distintas actividades, sempre, claro está, que sexan correctas e respectuosas. Todo isto sen que perdan de vista que o rigor da formalización da linguaxe matemática é unha cualidade necesaria para a comprensión universal dos textos científicos.

Por exemplo, a educación vial facilítase ao educar o sentido espacial, fundamentalmente a través do estudo da xeometría (o manexo de coordenadas, planos e mapas contribúe a este obxectivo).

A educación cívica e constitucional trabállase dende o fomento das actitudes de rigor, sentido crítico, orde e precisión, necesarias no traballo das Matemáticas e para a súa formación humana.

Terase en conta á hora de dividir a clase en grupos ou equipos, e na redacción dos enunciados dos problemas, o principio de igualdade entre homes e mulleres. Promoverase o coñecemento de figuras claves no mundo científico, homes e mulleres que contribuíron ao desenvolvemento das ciencias en xeral e, en particular, das Matemáticas.

Fomentarase a resolución pacífica de conflitos, tendo como exemplo a seguir a resolución de problemas no mundo das ciencias, e concretamente das Matemáticas. Poñendo en valor o esforzo e as contribucións positivas e de colaboración fronte a condutas prexudiciais para a convivencia.

MATEMÁTICAS APLICADAS ÀS CIÊNCIAS SOCIAIS II

INTRODUCCIÓN

As matemáticas son un instrumento indispensable para interpretarmos o mundo que nos rodea e expresarmos os fenómenos sociais, científicos e técnicos dun mundo cada vez máis complexo; contribúen de xeito especial á comprensión dos fenómenos da realidade social, de natureza económica, histórica, xeográfica, artística, política, sociolóxica, etc., xa que desenvolven a capacidade de simplificar e abstraer, favorecendo a adquisición da competencia de aprender a aprender.

As matemáticas teñen un carácter instrumental como base para o progreso na adquisición de contidos doutras disciplinas. Por exemplo, na economía, a teoría económica explica os fenómenos económicos cunha base matemática. A teoría de xogos ou a teoría da decisión son outro exemplo das aplicacións neste campo. Na socioloxía e nas ciencias políticas emprégase cada vez con maior frecuencia a análise de enquisas, entre outras aplicacións. Tampouco debe esquecerse a contribución das matemáticas a outras áreas como a xeografía, a historia ou a arte, onde tiveron unha recoñecida influencia e, en xeral, serviron como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Isto consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para o lograr, cómpre analizar a situación; identificar o que é verdadeiramente salientable; establecer relacións; facer a modelización e ser quen de representala e de comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes adecuadas para expresar as ideas matemáticas e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipótese e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na futura vida profesional.

Segundo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que ha permitir fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

A materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais está dividida en dous cursos: o seu ensino débese comezar tendo en conta o grao de adquisición da competencia matemática que o alumnado logrou a longo da ESO. Para lograr esta continuidade, igual que acontece no currículo básico das materias de matemáticas de ESO, os coñecementos, as competencias e os valores están integrados, e formuláronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis tendo en conta a relación necesaria entre os devanditos elementos, tamén en bacharelato.

A materia estrutúrase en torno a catro bloques de contido: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álgebra", "Análise", e "Estatística e probabilidade".

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común aos dous cursos e transversal: débese desenvolver simultaneamente ao resto de bloques de contido e é o eixe fundamental da materia; articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: a resolución de problemas, proxectos de investigación matemática, a matematización e modelización, as actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico e a utilización de medios tecnolóxicos. Incorporouse a este bloque a maioría das competencias clave e os temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento, respectivamente, ao longo de toda a materia. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico, e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables.

Neste proceso están involucradas todas as competencias: a de comunicación lingüística, ao ler de xeito comprensivo os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; e a conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Os elementos que constitúen o currículo básico en primeiro curso fundamentan os principais conceptos dos bloques de contido, ademais de ofrecer unha base sólida para a interpretación de fenómenos sociais nos que interveñen dúas variables. En segundo curso, afóndase nas achegas da materia ao currículo do bacharelato, en particular mediante a inferencia estatística, a optimización e a álgebra lineal.

2º de Bacharelato

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II

- **OBXECTIVOS**
- **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
- **SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN.**
- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE ÁS QUE CONTRIBÚEN**
- **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**
- **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**
- **ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Obxectivos do bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

ii) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto

cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE (MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II 2º BACHARELATO)

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Tódalas áreas ou materias do currículo deben participar, dende o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. (Orde ECD/65/2015 artigo 5.3, BOE 29-01-2015).

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, pero salientamos deseguido os estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais das outras competencias claves do currículo:

COMPETENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
CCL	<p>MACS2B1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</p> <p>MACS2B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.</p> <p>MACS2B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.</p> <p>MACS2B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</p> <p>MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas.</p>
CD	<p>MACS2B1.3.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema que cumpra demostrar.</p> <p>MACS2B1.6.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas.</p> <p>MACS2B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</p>

	<p>MACS2B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p> <p>MACS2B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</p>
CAA	<p>MACS2B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido.</p> <p>MACS2B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados encontrados; etc.</p> <p>MACS2B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprender diso para situacións futuras.</p> <p>MACS2B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</p>
CSC	<p>MACS2B1.5.2. Procura conexión entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (historia da humanidade e historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.)</p> <p>MACS2B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</p> <p>MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</p> <p>MACS2B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.).</p> <p>MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.</p>
CSIEE	<p>MACS2B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.</p> <p>MACS2B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.).</p> <p>MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</p> <p>MACS2B1.10.1. Toma decisión nos procesos de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</p>
CCEC	<p>MACS2B1.5.2. Procura conexión entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (historia da humanidade e historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.)</p>

Os estándares mencionados pertencen ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A súa incorporación dentro dos outros bloques, permitirá a adquisición das competencias clave e garantirá a inclusión de temas interdisciplinares e transversais.

A contribución ao desenvolvemento das competencias clave de cada un dos estándares dos distintos bloques da materia figura no apartado desta programación **Estándares de Aprendizaxe**. Fundamentalmente contribúen á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

En consecuencia, para o axeitado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, o álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas:

– A cantidade: esta noción incorpora a cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo, interpretando distintas representacións de todas elas e xulgando interpretacións e argumentos. Participar na cuantificación do mundo supón comprender as medicións, os cálculos, as magnitudes, as unidades, os indicadores, o tamaño relativo e as tendencias e patróns numéricos.

– O espazo e a forma: inclúen unha ampla gama de fenómenos que se atopan no noso mundo visual e físico: patróns, propiedades dos obxectos, posicións, direccións e representacións deles; decodificación e codificación de información visual, así como navegación e interacción dinámica con formas reais, ou con representacións. A competencia matemática neste sentido inclúe unha serie de actividades como a comprensión da perspectiva, a elaboración e lectura de mapas, a transformación das formas con e sen tecnoloxía, a interpretación de vistas de escenas tridimensionais dende distintas perspectivas e a construción de representacións de formas.

– O cambio e as relacións: o mundo desprega multitude de relacións temporais e permanentes entre os obxectos e as circunstancias, onde os cambios prodúcense dentro de sistemas de obxectos interrelacionados. Ter máis coñecementos sobre o cambio e as relacións supón comprender os tipos fundamentais de cambio e cando teñen lugar, co fin de utilizar modelos matemáticos axeitados para describilo e predicilo.

– A incerteza e os datos: son un fenómeno central do análise matemático presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas no que resulta clave a presentación e interpretación de datos. Esta categoría inclúe o recoñecemento do lugar da variación nos procesos, a posesión dun sentido de cuantificación desa variación, a admisión de incerteza e erro nas medicións os coñecementos sobre o azar. Así mesmo, comprende a elaboración, interpretación e valoración das conclusións extraídas en situacións onde a incerteza e os datos son fundamentais.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN

Organizamos os contidos deste curso en doce unidades didácticas seguindo a numeración do libro de texto.

1ª AVALIACIÓN (9set-1dec; 45 sesións)

UNIDADE 1. Matrices	(12 sesións)	
UNIDADE 2. Determinantes	(8 sesións)	
UNIDADE 3. Sistemas de Ecuacións	(10 sesións)	
UNIDADE 4. Programación linear	(10 sesións)	total: 40 sesións

Comezar a unidade 5 nas sesións que resten

2ª AVALIACIÓN (2dec-8 marzo; 42 sesións)

UNIDADE 5. Límites e continuidade	(10 sesións)	
UNIDADE 6. Derivadas	(8 sesións)	
UNIDADE 7. Aplicacións da Derivada	(10 sesións)	
UNIDADE 8. Representacións de funcións	(10 sesións)	total:38 sesións

Comezar a unidade 9 nas sesións que resten

3ª AVALIACIÓN(9marzo-16maio; 33 sesións)

UNIDADE 9. Integrais	(8 sesións)	
UNIDADE 10. Probabilidade	(12 sesións)	
UNIDADE 11. Distribucións Binomial e Normal	(10 sesións)	
UNIDADE 12. Inferencia estatística. Estimación	(12 sesións)	total: 42sesións

Na seguinte táboa, xunto cos contidos, indícase o bloque ao que pertencen, correspondente aos que se sinalan no currículo da educación secundaria (Decreto 86/2015 de 25 de xuño, DOG 29-06-2015). Secuéncianse os contidos do curso e relaciónanse coas doce unidades didácticas do libro de texto.

CONTIDOS	UNIDADES
BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA	
B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas. Clasificación de matrices.	1-2-3
B2.2. Operacións con matrices.	1-2-3
B2.3. Rango dunha matriz.	1-2-3
B2.4. Matriz inversa.	1-2-3
B2.5. Método de Gauss.	1-2-3
B2.6. Determinantes ata orde 3.	1-2-3
B2.7. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas en contextos reais.	1-2-3
B2.8. Representación matricial dun sistema de ecuacións lineais: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais (ata tres ecuacións con tres incógnitas). Método de Gauss.	3
B2.9. Resolución de problemas das ciencias sociais e da economía.	3
B2.10. Inecuacións lineais cunha ou dúas incógnitas. Sistemas de inecuacións. Resolución gráfica e alxébrica.	4
B2.11. Programación lineal bidimensional. Rexión factible. Determinación e interpretación das solucións óptimas.	4
B2.12. Aplicación da programación lineal á resolución de problemas sociais, económicos e demográficos.	4

BLOQUE 3: ANÁLISE	
B3.1. Continuidade: tipos. Estudo da continuidade en funcións elementais e definidas a anacos.	5
B3.2. Aplicacións das derivadas ao estudo de funcións polinómicas, racionais e irracionais sinxelas, exponenciais e logarítmicas.	6-7-8
B3.3. Problemas de optimización relacionados coas ciencias sociais e a economía.	7
B3.4. Estudo e representación gráfica de funcións polinómicas, racionais, irracionais, exponenciais e logarítmicas sinxelas a partir das súas propiedades locais e globais.	5-6-7-8-9
B3.5. Concepto de primitiva. Integral indefinida. Cálculo de primitivas: propiedades básicas. Integrais inmediatas.	9
B3.6. Cálculo de áreas: integral definida. Regra de Barrow	9
BLOQUE 4: ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE	
B4.1. Afondamento na teoría da probabilidade. Axiomática de Kolmogorov. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa.	10
B4.2. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.	10
B4.3. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais, e verosimilitude dun suceso.	10
B4.4. Poboación e mostra. Métodos de selección dunha mostra. Tamaño e representatividade dunha mostra.	11
B4.5. Estatística paramétrica. Parámetros dunha poboación e estatísticos obtidos a partir dunha mostra. Estimación puntual.	11
B4.6. Media e desviación típica da media mostral e da proporción mostral. Distribución da media mostral nunha poboación normal. Distribución da media mostral e da proporción mostral no caso de mostrás grandes.	11-12
B4.7. Estimación por intervalos de confianza. Relación entre confianza, erro e tamaño mostral.	12

B4.8. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.	12
B4.9. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución de modelo descoñecido e para a proporción no caso de mostras grandes.	12
B4.10. Identificación das fases e das tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.	12

Deseguido, enuméranse os contidos correspondentes ao bloque 1, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas". A incorporación dos contidos deste bloque dentro dos outros bloques, será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación.

UNIDADES	BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	TEMPORALIZACIÓN
1 a 12	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas	Todo o curso
1 a 12	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables; suposición do problema resolto.	Todo o curso
1 a 12	B1.3. Análise dos resultados obtidos: revisión das operacións utilizadas, coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, procura doutras formas de resolución e identificación de problemas parecidos	Todo o curso
1 a 12	B1.4. Elaboración e presentación oral e/ou escrita de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas	Todo o curso

1 a 12	<p>B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e as conclusións e os resultados obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas 	Todo o curso
1 a 12	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo	Todo o curso
1 a 12	B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.	Todo o curso
1 a 12	B1.8. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o procedemento, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido	Todo o curso
1 a 12	B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	Todo o curso

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema
- B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- B1.3. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados
- B1.4. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado
- B1.5. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior; da xeneralización de propiedades e leis matemáticas; e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos
- B1.6. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados
- B1.7. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade
- B1.8. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos
- B1.9. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático
- B1.10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas
- B1.11. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia, e aprender diso para situacións similares futuras
- B1.12. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas

- B1.13. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados, para facilitar a interacción

BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA

- B2.1. Organizar información procedente de situacións do ámbito social utilizando a linguaxe matricial, e aplicar as operacións con matrices como instrumento para o tratamento da devandita información.
- B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, sistemas de ecuacións, inecuacións e programación lineal bidimensional), interpretando criticamente o significado das solucións obtidas.

BLOQUE 3: ANÁLISE

- B3.1. Analizar e interpretar fenómenos habituais das ciencias sociais de xeito obxectivo traducindo a información á linguaxe das funcións, e describi-lo mediante o estudo cualitativo e cuantitativo das súas propiedades máis características.
- B3.2. Utilizar o cálculo de derivadas para obter conclusións acerca do comportamento dunha función, para resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter económico ou social e extraer conclusións do fenómeno analizado.
- B3.3. Aplicar o cálculo de integrais na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables, utilizando técnicas de integración inmediata.

BLOQUE 4: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

- B4.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de conto persoais, diagramas de árbore ou táboas de continxencia, a axiomática da

probabilidade e o teorema da probabilidade total, e aplica o teorema de Bayes para modificar a probabilidade asignada a un suceso (probabilidade inicial) a partir da información obtida mediante a experimentación (probabilidade final), empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais.

- B4.2. Describir procedementos estatísticos que permiten estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados, calculando o tamaño mostral necesario e construíndo o intervalo de confianza para a media dunha poboación normal con desviación típica coñecida e para a media e proporción poboacional, cando o tamaño mostral é suficientemente grande.

- B4.3. Presentar de forma ordenada información estatística utilizando vocabulario e representacións adecuadas, e analizar de xeito crítico e argumentado informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, na publicidade e noutros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. COMPETENCIAS CLAVE ÁS QUE CONTRIBÚEN.

Estándares correspondentes ás Matemáticas Aplicadas II 2º Bacharelato:

BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- MACS2B1.1.1. Expresa verbalmente, dun xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. (CMCCT CCL)
- MACS2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). (CMCCT)
- MACS2B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia. (CMCCT)
- MACS2B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido. (CMCCT CAA)
- MACS2B1.3.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. (CMCCT)
- MACS2B1.3.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. (CMCCT)
- MACS2B1.3.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema que cumpra demostrar. (CMCCT, CD)
- MACS2B1.4.1. Coñece e describe a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.) (CMCCT)
- MACS2B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. (CMCCT, CSIEE)
- MACS2B1.5.1. Afonda na resolución dalgúns problemas formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc. (CMCCT)
- MACS2B1.5.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (historia da humanidade e historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.). (CMCCT, CSC, CCEC)
- MACS2B1.6.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación. (CMCCT)

- MACS2B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación. (CMCCT)
- MACS2B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. (CMCCT, CCL)
- MACS2B1.6.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas. (CMCCT, CD)
- MACS2B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación. (CCL)
- MACS2B1.6.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia. (CMCCT)
- MACS2B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. (CMCCT, CSC)
- MACS2B1.7.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios. (CMCCT)
- MACS2B1.7.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas. (CMCCT)
- MACS2B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. (CMCCT)
- MACS2B1.7.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. (CMCCT)
- MACS2B1.8.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións. (CMCCT)
- MACS2B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.). (CMCCT, CSC, CSIEE)

- MACS2B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. (CMCCT)
- MACS2B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular ou formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados encontrados, etc. (CMCCT , CAA)
- MACS2B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. (CSC, CSIEE)
- MACS2B1.10.1. Toma decisións nos procesos (de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización), e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. (CMCCT, CSIEE)
- MACS2B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprende diso para situacións futuras. (CMCCT, CAA)
- MACS2B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. (CMCCT, CD)
- MACS2B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. (CMCCT)
- MACS2B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. (CMCCT)
- MACS2B1.12.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. (CMCCT)
- MACS2B1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. (CMCCT)
- MACS2B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. (CD)
- MACS2B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. (CCL)
- MACS2B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando

puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora. (CD, CAA)

BLOQUE 2: NÚMEROS E ÁLXEBRA

- MACS2B2.1.1. Dispón en forma de matriz información procedente do ámbito social para poder resolver problemas con maior eficacia. (CMCCT)
- MACS2B2.1.2. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas e para representar sistemas de ecuacións lineais. (CMCCT)
- MACS2B2.1.3. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual e co apoio de medios tecnolóxicos. (CMCCT)
- MACS2B2.2.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real e o sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo nos casos que sexa posible e aplícao para resolver problemas en contextos reais.(CMCCT)
- MACS2B2.2.2 Aplica as técnicas gráficas de programación lineal bidimensional para resolver problemas de optimización de funcións lineais que están suxeitas a restricións, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema.(CMCCT)

BLOQUE 3: ANÁLISE

- MACS2B3.1.1. Modeliza con axuda de funcións problemas formulados nas ciencias sociais e descríbeseos mediante o estudo da continuidade, tendencias, ramas infinitas, cortes cos eixes, etc. (CMCCT)
- MACS2B3.1.2. Calcula as asíntotas de funcións sinxelas racionais, exponenciais e logarítmicas. (CMCCT)
- MACS2B3.1.3. Estuda a continuidade nun punto dunha función elemental ou definida a anacos utilizando o concepto de límite. (CMCCT)
- MACS2B3.2.1. Representa funcións e obtén a expresión alxébrica a partir de datos relativos ás súas propiedades locais ou globais, e extrae conclusións en problemas derivados de situacións reais. (CMCCT)

- MACS2B3.2.2. Formula problemas de optimización sobre fenómenos relacionados coas ciencias sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto. (CMCCT)
- MACS2B3.3.1. Aplica a regra de Barrow ao cálculo de integrais definidas de funcións elementais inmediatas.. (CMCCT)
- MACS2B3.3.2. Aplica o concepto de integral definida para calcular a área de recintos planos delimitados por unha ou dúas curvas. (CMCCT)

BLOQUE 4: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

- MACS2B4.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento. (CMCCT)
- MACS2B4.1.2. Calcula probabilidades de sucesos a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral. (CMCCT)
- MACS2B4.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes (CMCCT)
- MACS2B4.1.4. Resolve unha situación relacionada coa toma de decisións en condicións de incerteza en función da probabilidade das distintas opcións. (CMCCT)
- MACS2B4.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección. (CMCCT)
- MACS2B4.2.2. Calcula estimadores puntuais para a media, varianza, desviación típica e proporción poboacionais, e aplícao a problemas reais. (CMCCT)
- MACS2B4.2.3. Calcula probabilidades asociadas á distribución da media mostral e da proporción mostral, aproximándoas pola distribución normal de parámetros axeitados a cada situación, e aplícao a problemas de situacións reais. (CMCCT)
- MACS2B4.2.4. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida. (CMCCT)
- MACS2B4.2.5. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostras grandes. (CMCCT)
- MACS2B4.2.6. Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplícao en situacións reais. (CMCCT)

- MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas. (CCL, CMCCT)
- MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo. (CMCCT)
- MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá. (CMCCT, CSC)

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

Para o BLOQUE 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas o grao mínimo de consecución coincide cós estándares de aprendizaxe referidos nese bloque.

BLOQUES 2, 3 e 4

- Ser quen de comprender dunha maneira intuitiva o concepto de límite dunha función nun punto, e o concepto de continuidade dunha función nun punto.
- É capaz de calcular correctamente límites de diversos tipos a partir da expresión analítica da función.
- É quen de calcular correctamente límites laterais.
- É capaz de determinar as asíntotas dunha función racional, exponencial e logarítmica e interpreta o seu significado.
- É quen de comprender e aplicar o significado de continuidade e distingue os distintos tipos de descontinuidade.
- É quen de calcular a derivada dunha función nun punto utilizando a definición.
- É quen de estudar a derivabilidade dunha función definida a trozos.
- É capaz de achar a ecuación da recta tanxente a unha curva nun punto.
- É quen de usar correctamente as operacións e as fórmulas de derivación para calcular derivadas.
- É quen de aplicar a relación entre continuidade e derivabilidade.
- É capaz de estudar correctamente a continuidade e derivabilidade de funcións definidas a trozos.
- Domina o concepto de derivada dunha función nun punto e a súa interpretación xeométrica.

- É quen de estudar unha función, obtendo os intervalos de definición, de crecemento e decrecemento, de concavidade e convexidade, calcular os máximos e mínimos, puntos de inflexión e as asíntotas.
- É quen de representar a gráfica de funcións polinómicas, racionais, funcións nas que interveñan termos exponenciais, logarítmicos, trigonométricos e funcións definidas a trozos.
- É capaz de resolver problemas de optimización de extraídos de contextos socioeconómicos coa axuda do cálculo diferencial.
- Aplica correctamente o cálculo de derivadas para a representación e o estudio de funcións reais en distintos contextos.
- Coñece e aplica con corrección as propiedades básicas do cálculo de primitivas. Realiza correctamente integrais inmediatas.
- É quen de aplicar a regra de Barrow ao cálculo de integrais definidas de funcións elementais inmediatas.
- É capaz de aplicar o concepto de integral definida para calcular a área de recintos planos delimitados por unha ou dúas curvas
- Coñece a clasificación de matrices e as matrices cadradas.
- É quen de facer operacións con matrices: suma, produto. É quen de achar a matriz inversa de unha matriz dada.
- É quen de resolver ecuacións e sistemas matriciais.
- É capaz de calcular a matriz inversa polo método de Gauss.
- É quen de calcular o rango dunha matriz.
- Coñece a definición de sistema de ecuacións lineais.
- É capaz de facer representación matricial dun sistema de ecuacións lineais: realiza correctamente a discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais (ata tres ecuacións con tres incógnitas).

- Aplica o Método de Gauss para a resolución dun sistema de ecuacións lineais.
- Resolve correctamente problemas con enunciados relativos ás Ciencias Sociais e á Economía que poden resolverse mediante sistemas de ecuacións lineais de dúas ou tres incógnitas.
- É quen de formular alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real e o sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo nos casos que sexa posible e aplícao para resolver problemas en contextos reais.
- É capaz de transcribir e resolver un problema de programación lineal dual de forma gráfica e analítica, interpretando correctamente a súa solución.
- Distingue sucesos compatibles e incompatibles, así como sucesos dependentes e independentes.
- É quen de recoñecer e realizar correctamente operacións con sucesos.
- Utiliza a lei de Laplace e coñece e aplica as propiedades da probabilidade.
- Calcula probabilidades condicionadas. Emprega con corrección a regra do produto e probabilidade total. Aplica o Teorema de Bayes
- É quen de distinguir entre poboación e mostra e entre parámetros poboacionais e estatísticos mostrais.
- Calcula probabilidades asociadas á distribución da media mostral e da proporción mostral, aproximándoas pola distribución normal de parámetros axeitados a cada situación, e aplícao a problemas de situacións reais.
- É quen de construír, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.
- É quen de relacionar o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcular cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplícao en situacións reais.

- Calcula correctamente intervalos de confianza para a proporción.
- É quen de determinar o nivel de confianza e o erro na estimación.

Instrumentos de avaliación:

En xeral serán:

- Probas escritas.
- Observación do traballo diario do alumno: realización das tarefas na clase e na casa, preguntas orais e explicación dos exercicios feitos.
- Probas telemáticas orais e escritas: cuestionarios online a través da Aula Virtual reforzados con imaxes do procedemento, entrega de tarefas a través da Aula Virtual reforzadas por preguntas orais, exposicións de traballos empregando vídeos ou oralmente a través de videoconferencia, probas orais ou escritas por videoconferencia.
- Caderno do profesor.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A LOMCE incorpora os seguintes elementos transversais que se abordarán ao longo do desenvolvemento da materia durante o curso:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- A participación en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- A educación e a seguridade viaria, promovendo accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Nas Matemáticas os temas transversais poden considerarse elementos motivadores xa que permiten traballar os contidos matemáticos dunha forma novidosa, ao serviren como fonte de utilización de diferentes contextos que proporcionan significados novos aos contidos que se están traballando.

A comprensión lectora trabállase constantemente en todas as unidades pola obriga de ler e comprender os enunciados dos problemas para resolvelos.

A expresión oral terase sempre presente pola esixencia de que os alumnos/as expresen correctamente os razoamentos empregados na resolución de tarefas ou, de ser o caso na exposición oral dun traballo.

A correcta expresión escrita promóvese cando se lle solicita ós alumnos/as a xustificación escrita do razoamento empregado tanto na súa libreta como nas probas escritas.

Empregaranse as novas tecnoloxías para resolver actividades interactivas, buscar información ou como ferramenta para a presentación de traballos. Tamén como ferramenta motivadora, polo impacto estético visual que se pode acadar, para introducir temas nos que a imaxe xogue un papel importante. En calquera caso empregárase material audiovisual oportuno en calquera unidade cando este se poida considerar atractivo, e polo tanto motivador, pola súa facilidade de comunicación ou pola efectividade na presentación

Fomentárase o emprendemento en calquera punto da materia, pedindo ós alumnos que investiguen sobre un aspecto puntual de interese, ou afonden por eles mesmos na resolución dalgunha dúbida que lles puidera surxir. Foméntase así a iniciativa persoal, a independencia á hora de resolver problemas.

Fomentárase a creatividade dando marxe para a introdución de aspectos persoais novidosos na resolución ou na presentación de distintas actividades, sempre, claro está, que sexan correctas e respectuosas. Todo isto sen que perdan de vista que o rigor da formalización da linguaxe matemática é unha cualidade necesaria para a comprensión universal dos textos científicos.

Por exemplo, a educación vial facilítase ao educar o sentido espacial, fundamentalmente a través do estudo da xeometría (o manexo de coordenadas, planos e mapas contribúe a este obxectivo).

A educación cívica e constitucional trabállase dende o fomento das actitudes de rigor, sentido crítico, orde e precisión, necesarias no traballo das Matemáticas e para a súa formación humana.

Terase en conta á hora de dividir a clase en grupos ou equipos, e na redacción dos enunciados dos problemas, o principio de igualdade entre homes e mulleres. Promoverase o coñecemento de figuras claves no mundo científico, homes e mulleres que contribuíron ao desenvolvemento das ciencias en xeral e, en particular, das Matemáticas.

Fomentarase a resolución pacífica de conflitos, tendo como exemplo a seguir a resolución de problemas no mundo das ciencias, e concretamente das Matemáticas. Poñendo en valor o esforzo e as contribucións positivas e de colaboración fronte a condutas prexudiciais para a convivencia.